

VIAXES CON ÁNXEL FOLE

Manuel Rodríguez López

LIMIAR

Quenquera que tratase persoalmente a Ánxel Fole axiña botaba de ver que por debaixo da súa espontánea amenidade coloquial, sempre animada pola variedade de saberes e polas abundantes faiscas de humor, palpitaba unha sensibilidade fonda e de gran finura receptiva para toda clase de valores, quer de orde intelectual, quer de orde moral, quer de orde estética. Cinguíndonos só a estes últimos por seren os máis cultivados por Fole, inda que todos eles teñen gran significación na súa personalidade, atopámonos con que a súa sensibilidade literaria non só era receptiva senón, sobre todo, creadora, e creadora dunha obra que forma parte para sempre do noso patrimonio cultural; pero tamén é certo que, no plano receptivo, a súa sensibilidade estética era igualmente fonda para os valores da música ou das artes plásticas, inda que el era artista da palabra, creador de arte coa palabra, tanto oral coma escrita.

Ben se pode afirmar que a manifestación máis coñecida da personalidade de Fole é a que se expresou a través da gracia comunicativa da súa conversa e a través da forza cautivante da súa obra narrativa. Con todo, a dimensión máis íntima da personalidade, esa dimensión que tende de seu a se manifestar líricamente, en Fole aparece asociada á vivencia da paisaxe. Unha boa antoloxía da súa prosa paisaxística daríanos unha imaxe moi verdadeira dese íntimo sentir do noso narrador.

Manuel Rodríguez López, galego residente moitos anos en Cataluña por razóns de traballo, aproveitando as vacacións tratou de complacer a paixón de Fole pola paisaxe ofrecéndolle viaxar polas terras galegas, viaxes que o propio Manuel Rodríguez iba

comentando nos xornais e que agora, como homenaxe ó escritor amigo xa desaparecido, recolle e nos ofrece neste libro que titula «Viaxes con Ánxel Fole». Léndoo, moitos de nós evocamos inevitablemente as nosas propias experiencias dos viaxes con Fole polos camiños da nosa Terra.

Ramón PIÑEIRO

IRREPARABLE VALEIRO

Foi no verán de 1973 cando falei por primeira vez con Ánxel Fole. Estaba eu de vacacións en Lugo e un amigo de don Ánxel —o Ramiro da Feira do Páramo— sabedor das miñas inquedanzas literarias, invitounos ó Enrique de Macía e a min á tertulia do popular escritor lugués, no café «Lugo», hoxe desaparecido, que estaba adosado á muralla xunto á porta de San Pedro.

A personalidade do mestre, a quen só coñecía a través dos libros «A lus do candil», «Terra Brava» e «Pauto do demo», na edición bonaerense, impresionoume pola súa bondade, a súa humildade e a súa lúcida memoria. A facilidade de palabra do académico, a súa vasta cultura —o mesmo falaba de Ortega y Gasset que do mariscal Rommel; da escravitude dos negros nos EE.UU. ou da xeneración «Nós»; de Unamuno, Valle Inclán, Pío Baroja, do poeta lugués Pimentel, do holocausto dos xudeos ou mesmo dos cataláns Cambó, Maragall, Verdaguer— a súa incansable e aleccionadora conversa eran un manantío inagotable e ricaz. E, dende aquel día, a miña maior felicidade era escoita-las súas historias de xentes e acontecementos de Lugo detallados polo miúdo e os seus razonamentos sobre etimoloxía galega.

Pero non era soamente a sabiduría o que distinguía a Fole. O académico era profundamente humano, cun gran sentido da amizade, cordial e prudente. Ó longo dos anos, a miña relación con don Ánxel nas tempadas estivais en Lugo foi en aumento. Xa non cabía na miña idea a programación das vacacións sen contar con el: as conversas no Progreso, nun café, durante as excursións, no seu propio fogar...

Percorrémo-las terras do Incio —Dompiñor, a casa do Pacio na Ferreiría, a igrexa dos Hospitalarios, a mansión dos Quiroga onde escribirá «Terra Brava»— visitámo-la torre de Basille, preto de Baralla, que pertencera ó seu bisavó don Juan María Quiroga; subimos ó Cebreiro do Santo Grial galego e das pallozas; estivemos no mosteiro de Samos, no castelo

esquecido de Castroverde; nos pazos de Folgosa e do Corgo; na Veiguiña, lugar de inspiración doutro libro seu xa clásico: «A lus do candil».

Os Ancares, San Esteban de Ribas de Sil, A Fonsagrada, San Andrés de Teixido, a Terra Chá, Sobrado dos Monxes, Mondoñedo, Pambre, Antas de Ulla, Oseira... son outros moitos lugares vencellados no meu recordo ó meirande prosista galego nado na Cidade do Sacramento.

A súa mente clara, a súa sabencia nos eidos da historia, das tradicións e os costumes da nosa Terra; a súa xenerosidade e, por riba de todo, a súa personalidade humana abundaban para que Ánxel Fole —académico, Pedrón de Ouro, Fillo Predilecto de Lugo— fora merecente da homenaxe que lle estaba a prepara-lo seu pobo e que non puido disfrutar en vida. Nesta hora de loito, releo as crónicas das nosas viaxes e recordo con emoción ditos e anécdotas que, penso eu, reflexan a esgrevia personalidade do mestre da narrativa galega.

Camiño de Quiroga, co crego Xosé Manuel Carballo, lembrando certos clérigos de Lugo fanatizados coas ideas «nazis», exclamou: «Qué contradicción tan tremenda».

Na pousada Villaverde, a hora do xantar alongouse moito e afirmou: «A conversa non fai mal a ninguén e o intercambio de ideas rexuenece e afortala o espírito».

O académico sentía gran atracción polo misterio e o humorismo. El asegurounos que viu o demo nunha ocasión. Aquel feito inspirou a súa peza teatral «Pauto do Demo». «Estaba gorecido —dixo— baixo dunha pena a xeito de viseira. Chovía a cachón. A tempestade era tremebunda e cuns alustros estarecedores cando vin saltar do cimo da pena un godello coas partes tan grandes coma a ubre dunha vaca. Deixou un cheiro grandísimo a xofre. Era o demo».

Na Veiguiña, don Gonzalo e don Xosé Luis lembraron que o Toño estaba a tarabelear cunha pistola e disparóuselle atravesándolle cun tiro a solapa da chaqueta de coiro, e Fole contestou: «Inda levei un susto meirande cando, mesmo no intre de pasa-la pontella do Quiroga, sentín un estrondo grandísimo. Uns furtivos estaban a matar peixes con dinamita».

De todos é coñecido o enorme interese que el sentía polos estudos etimolóxicos. «Entretívenme e divertínme moito —confesoume— con iso das etimoloxías. O galego é un laboratorio tremendo de formas e ten unha elasticidade prodixiosa que non está estudiada a fondo. A Real Academia Galega debería fomenta-lo seu estudio».

Fole, galeguista de sempre, sentía enorme preocupación polo galeguismo. «O de hoxe —afirmaba— paréceme máis confuso có de antano. Son galeguista «motu propio» e limitóme a crer que a variedade comporta riqueza e a uniformidade significa pobreza espiritual».

Ante o problema actual das drogas e do terrorismo, dicía: «O porvir do mundo é moi

nebuloso. Son pesimista».

Nun coloquio ó que asistimos en Sargadelos, contestando unha pregunta política un tanto comprometida, Fole respostou: «Mire vostede, un amigo escribiulle a outro pedíndolle a súa opinión política e, por resposta, recibiu un folio chamuscado nas puntas. O amigo decatouse axiña do verdadeiro senso da carta que acababa de recibir. O papel chamuscado —cismou acertadamente— quere dicir que a política está que arde».

Un dos temas polos que sentía especial interese era indagar xenealoxías en vellas escrituras. En canto ós seus antepasados, considerábase descendente de templarios. Falaba a cotío do seu bisavó Juan M.^a Quiroga, señor da torre de Basille, que chegou a ter 17 patrimonios, varias torres, pazos e un castelo. Tamén lembraba en moitas ocasións a torre de Arcos, onde vivira o gran Capitán, e que fora propiedade da súa familia. «Sinto moita curiosidade —manifestábanos a miúdo— polas cousas lexendarias dos meus devanceiros».

A mala nova do falecemento do mestre, comunicouma a Barcelona o común amigo Benxamín Andrade e, de inmedia to, sentín un irreparable valeiro. Coa perda de tan esgrevio compañeiro de viaxes e de inesquecibles xuntanzas, as miñas ilusionadas vacacións en Galicia perderon senso, murchadas polo loito.

Barcelona, maio 1986

NEIRA DE REI, O CEBREIRO E SAMOS

Facer unha excursión con Ánxel Fole sempre ten interese, porque o noso académico, galardonado recentemente co Pedrón de Ouro, coñece tódolos recunchos da nosa Terra, sabe mellor ca ninguén a nosa historia e, da súa memoria clarísima vai tirando, como dunha cinta magnetofónica, lembranzas, anécdotas, datas e feitos.

Benxamín Andrade e máis eu atendiamos admirados ó mestre mesmo dende a partida da Cidade do Sacramento.

«A primeira Ronda, coa ampliación por mor do tráfico rodado, perdeu moito do seu encanto. Preto da porta de Santiago había frondosas árbores entre as cales asomaba a muralla. Era o paradisíaco "paseo dos coengos"».

«Pola porta de San Pedro, en xaneiro de 1809 entraron os franceses que celebraron a toma de Lugo embebedándose e esborrallando o artístico cruceiro de Campo Castillo; pero, logo, o mariscal Soult, en terras de Conturiz, sufriu un gran estrago ó se enfrentar coas tropas galegas comandadas pola Xunta de Galicia».

Por Nadela e Póboa de San Xillao, chegamos á fértil veiga de San Pedro de Láncara. Non se pode deixar de visita-lo pazo dos Bermúdez de Castro, hoxe propiedade dunha señora alemana. Esta comarca é a patria do gran filósofo da Saudade, Ramón Piñeiro, e, cousa insólita na nosa Terra, do famoso toureiro «Celita». Tamén é oriundo desta bisbarra o líder cubano Fidel Castro.

Seguindo á beira do río Neira, camiño de Baralla, atópase a torre amurallada de Basille, con patio de armas e dous escudos que recordan o señorío dos Ribadeneira.

«O meu bisavó, don Juan M.^a Quiroga —explica don Ánxel— foi señor desta torre e aquí viviu vinte anos. Dito antecesor meu, deputado por Lugo nas Constituíntes do 69, morto no ano 1880, chegou a ter 17 patrimonios, varias torres, pazos e un castelo».

Neira de Rei

Para ir a Neira de Rei tórcese á esquerda nas aforas de Baralla e, logo, vírase á dereita en chegando ó pazo da Condomiña. O Casino era o lugar escolmado por don Ánxel para xantar.

Nogueiras, freixos, castiñeiros, cerdeiras, mazairas e abidueiras, a carón do Neira cantareiro no vello muíño, regalan ó turista máis esixente no cálido verán coa brisa e as sombras, que lle fan crer que o paraíso non é unha utopía.

O xantar abondoso e ben regado con viños dos Peares e, a sobremesa, naquel recanto de ensoño oíndo a fonte inesgotable de sabencia —etnografía, filoloxía, heráldica— de don Ánxel, fícarán para sempre no meu recordo.

Cando o Andrade, empedernido amante do volante, se encamiñou ó «centovintesete» porque quedaba moito camiño aínda, abandonámo-lo río troiteiro, pasamos a carón da casa do Pacio, outro dos patrimonios que pertencera a don Juan M.^a Quiroga, nun estreito pero longo val de praderías e chopos, e cruzámo-la terra realenga —os veciños estaban exentos de pagar tributos— para subir polo Furco ata O Cereixal.

Deixamos Becerreá; Cruzul, poboada de encinos de landras doces; as terras calcáreas de As Nogais e o río Navia abeirado por faias; o castelo de Doncos no curuto dun picudo outeiro e, polas pontes recién inauguradas da radial sexta, entramos en Pedrafita.

O continuo ascenso pola carretera en obras é merecente dun refresco e namentres descansamos uns intres, Fole di:

«É moi coñecido por estas terras o tránsito do evanxalista «Jorgito» Borrow, vendedor de biblias, que tivo mester de escolta ata chegar a Becerreá, por mor dos carlistas e

bandoleiros que inzaban estes camiños».

O Santo Grial

Eu tiña anceios de coñece-lo Cebreiro e non fun defraudado. Naquelas terras, o vello Camiño Francés é dunha grandeza impresionante. As altas serras surcadas por estreitos vales, cubertas de neve dende outono ata a primavera, amarelean coa árnica —herba medicinal moi apreciada para sandar mazaduras e cortaduras— e verdean coas uces e os fentos. O acibro, da casca mazada do cal os pequenos extraen a liga para cazar paxaros; o cornabude, semellante ó freixo, e o pradairo son árbores capaces de resistí-las baixas temperaturas daquelas paraxes. A 1.267 metros sobre o nivel do mar, o Santuario do Cebreiro, coa igrexa prerrománica na revolta da carretera, é unha atalaia extraordinaria das rotas leonesas e galegas.

«Os monxes beneditinos de Aurillac —conta o académico— dende o reinado de Alfonso VI atendían ós peregrinos xacobeos; pero en tempos dos Reis Católicos, o mosteiro pasou a depender dos monxes de San Benito el Real de Valladolid ata a desamortización de Mendizábal».

A tradición conta que, durante a celebración da Eucaristía, un monxe incrédulo mofábase dun feligrés que endexamais perdía a misa, a pesar da crúa invernía, e a Hostia trocouse en Carne e o viño en Sangue. O cáliz —Santo Grial Galego— e a patena, reseñados no Catálogo de Arte Románico Europeo, están expostos á veneración dos fieis nun relicario donado polos Reis Católicos co gallo da súa peregrinación a Santiago.

A lenda do Santo Grial é moi coñecida. Hai quen afirma que inspirou a obra parsifalesca de Wagner, e don Ramón Cabanillas escribiu a saga titulada: «O Cabaleiro do San Grial».

A igrexa, de ábsides rectangulares, ten as paredes rubias por mor —segundo a lenda— dos incendios que padeceu no 1450 e no 1641. Foi restaurado baixo o pontificado de Pío II e, en 1962, por don Francisco Pons Sorolla.

A Virxe do Cebreiro, talla románica, e a pía baptismal son xoias arqueolóxicas do santuario. Non se concibe por qué o Santo Cristo —o que preside o altar maior é unha reprodución— ten que estar no Museo de Escultura de Madrid.

As pallozas

Namentres Ánxel Fole descansaba uns intres na comfortable hospedería, Benxamín e

máis eu percorrémo-lo poboado declarado Conxunto Monumental.

Nunha das pallozas visitámo-lo Museo Etnolóxico. Co verbo despacioso de Benxamín Andrade, gran sabedor de arqueoloxía e de étnia galega— os nomes, hoxe semi-esquecidos de utensilios en desuso, ecoaban nas paredes pizarrentas da palloza: o escano, o morillo, a gramalleira, o vertedeiro, a lacena, as cuncas, o sarillo, o tear, o argadelo, a roca, o barrelo, a hucha... O Andrade gustaba de pronuncia-las voces cheas de recendo histórico e acariñaba docemente útiles que, inda hoxe, usan os nosos irmáns isolados nas altas montañas luguesas.

As pallozas son ovaladas, están recubertas de palla, teñen forma cónica e uns pequenos ventanos para ventilación chamados bufardos. Algunhas foron reconstruídas con miras histórico-turísticas.

Deixamos O Cebreiro sobrecolidos diante do «Cu do Mundo» —así chaman os nativos á profunda sima na vertente leonesa— e seguimos a Poio (1.337 m.), coto dominante dunha panorámica de impresionante grandeza, e comenzámo-lo descenso cara Hospital, cunha antiquísima igrexa que ten no campanario a cruz de Santiago para recordarlle ó viaxeiro que transita polo camiño xacobeo. Pasamos Fonfría, Lamas, Vilar, Fillobal, As Pasantes e Triacastela no val mimoso do río Oribio, bautizado con este nome no ano 1969, segundo acta do alcalde, a proposta de Ánxel Fole, nunha xuntanza de persoeiros lugueses. Triacastela, orgullosa dos romeiros, tivo o acerto de erguer un monumento ó peregrino. É unha vila de moito tráfego e dinámica; pero non nos demoramos porque o acordo era descansar en Samos e visita-lo mosteiro.

Samos

O P. Feijóo, autor de «El Teatro Crítico», que tomou hábito en Samos, dixo moi ben cando escribiu: «os monxes soamen-e teñen o ceo como horizonte» porque o mosteiro atópase no fondal dun estreito val entre as serras do Oribio e Monte Meda. A súa orixe remóntase á época visigótica. Alfonso II o Casto educouse neste cenobio que acadou gran sona na Idade Media. No ano 1951 sufriu un incendio salvándose só a igrexa, a sacristía e a estrutura pétreo.

«Samos —afirmou Fole—, co maior claustro dos monacatos españois e a fonte das Nereidas, é unha escultura fermosísima». Tamén recordou que don Ramón Cabanillas pasou grandes tempadas no mosteiro, onde escribiu o inspirado libro de poemas «Samos».

Eu, que o lin moitas veces, engadín:

«Os freires de Samos aínda non souberon valora-la importancia da súa obra. Se

tiveran comprendido o seu mérito, o nome do vate cambadés estaría grabado con letras de ouro a carón do P. Feijó».

O remate da excursión tivo unha nota insólita. Un home completamente en coiro andaba a pasear por Sarria, lugar de orixe de frai Luis de Granada e do P. Sarmiento. O que foi anécdota sen importancia, transcendeu á prensa con gran escándalo.

Camiño de Paradela, o sol, rubio coma unha roda de lume pousada na Croa do Toural, semellaba unha pintura xaponesa. Polas costas do Loio, baixo un arco triunfal de carballos e castiñeiros, o Andrade conducía a modo por mor das curvas pechadas e, xa en Portomarín, deixámo-lo Camiño Francés e chegamos a Lugo ó anoitecer.

«El Progreso», 17-IX-1978

O INCIO

«A verba «tébrega», por metátese, transformouse en «bretega» e logo o «g», como acontece no caso «lagas», convertiuse en «m» dando orixe ás palabras «brétema» e «lamas» empregadas hoxe en día».

Con esta lección de etimoloxía do arqueólogo da lingua, Ánxel Fole, encetamos unha nova andadura cara as altas bisbarras luguesas. A meta era o Incio.

Deixamos Lugo de mañá cedo, con brétema, ou néboa pingona como tamén se di en moitos lugares, e percorrémola largacía chaira que se estende ata Baralla. Contemplando eidos tan vizosos a conversa colle roteiros novos.

«O millo —di o Andrade— esquilma a terra... o cultivo das patacas, de orixe americano, enraizou en Galicia no século XVIII. Antigamente chamábanas «castañas da terra»... Antes o alimento básico era a castaña. As castañas cómense con leite, asadas, cocidas ou secas; servían para facer doces e non hai xamón coma o dos cochos cebados con castañas e landras».

«Ultimamente —engadiu don Ánxel— a produción castañeira mingou moito por mor da enfermidade da «tinta». Un ronco noxento, de preto de dúas cuartas, ataca ó castiro chegando a tradea-la raigaña. O castiro non zuga seiva abondo e a folla solta un líquido da cor da tinta e morre. Só a niveis de gran altura permanecen inmunes a esta enfermidade».

Don Ánxel, sabedor dos recunchos máis isolados, «liberounos» da monótona xeral sexta en Becerrea e torcemos á dereita, facendo un arrodeo pola silandeira estrada comarcal, entre carballeiras, leiras e prados que talmente semellan remendos nos cumios de Cedrón e

Vilaesteba (888 m.), para logo baixar á farturenta veiga de Sarria e, por Castroncán, subir ó val do Mao, baixo arcos triunfais de arboredo que mesmo invade a carretera cobregante e costaneira ata Cruz do Incio, antes de entrar na vertente do río Cabe nas estribacións do Caurel.

Un lugar axeitado para a inspiración

En chegando a Hospital do Incio, Ánxel Fole «unha parte esencial do noso mundo galego», como escribiu García-Sabell, transfigúrase, síntese feliz e ditoso. ¡Madia leva!

«Aquí —recorda o ilustre escritor— hai vintetrés anos que escribín TERRA BRAVA».

Non é de extraña-la ricaz inspiración do escritor lugués durante a súa moradía na mansión construída por Quiroga Ballesteros no 1880, antes de ser ministro de Fomento durante a Monarquía. O frontis do pazo está ornamentado por tres escudos nos que recoñecemos-los lobos, símbolo dos Quirogas; as troitas, dos Gaiosos; o caldeiro, dos Ulloas; os dous lagartos cruzados por unha lousa, dos Losadas... Ten un xardín fermosísimo con abetos, tuias, palmeiras, buxos, figueiras, teixos, avelairas, tilos e aliustres. Dende a mesa pétrea, debaixo da solaina acristalada, ollase a donda paisaxe de devesas, soutos, carballeiras e un prado de moita larganza xunto á igrexa-fortaleza ergueita polos Hospitalarios, arredada do campanario e da torre panteón dos Quirogas, da cúpula do cal pende a cadea á que se agarraban os perseguidos pola Xusticia, para acollerse ó dereito de asilo cando entraban na xurisdicción do señor.

Ánxel Fole, que recordaba afervorado as longas tempadas que pasou no pazo, demórase diante do retrato da esposa de Quiroga Ballesteros e di: «Poucos saben que dona Julia Espín, cantante de ópera e muller moi culta, foi a musa inspiradora de Gustavo Adolfo Bécquer».

Dous xeitos de vida

A natureza puxo os engados máis rechamantes na estreita vagoada surcada polas augas do Cabe, a medrar agarimado por chopos lanzais. Non cansamos de cachear tódolos recantos desta comarca da alta montaña luguesa que, na fogaxe do verán, é un namoro. Chegamos á Ferreiría, lugar renomeado polo balneario de augas férreas recomendadas para os desganados e, namentres nos preparaban o xantar no Pacio da Condesa, onde don Ánxel

coñecera o protagonista do seu conto antolóxico «As trasnadas de Toño», domeado polo meu afán de pescudar, eu adentreime no pobo. O meu pasmo foi ver que a carretera seguía a través da arcada dunha casa e embocaba ós poucos metros nunha estreita corga costaneira que agatuña entre penedos e casas, empoleiradas mesmo no bico das penas.

¿Como poden vivir nesta encosta?, pregunteille a Manuel López do Cimeiro. E contestou:

«O corvo cría na pena e para a pena tira... A Ferreiría —engadiu— non ten máis industria que o balneario nos meses de verán. A agricultura na veiga é rica pero non abonda. Por iso emigraron os nosos fillos».

Está no certo Ánxel Fole cando escribe en TERRA BRAVA: «A paisaxe é unhas veces suave i amantiña, outras, rexa, severa e grandiosa. Millor dito, os dous tipos de paisaxe danse a mao».

«A miña casa —seguiu o señor Manuel— é a derradeira deste picouto e a pena que ve aló entiba chámase a pena dos Catro Cabaleiros por se-lo límite dos axuntamentos de A Póboa, O Incio, Samos e O Caurel».

O meu interlocutor é conscente de que vive nun calvario e non atina a comprender como lle esixen o pago de milleiros de pesetas para a Seguridade Agraria e remarca:

«As penas non dan herbas».

De volta, tiven a sorte de non esbarar pola pronunciada encosta de grandes coios. Pasei o pontigo de madeira onde se xuntan dous regueiros nados na Devesa e no Pozo Verde, que dan orixe ó regato Antigua, e entrei no vello pazo do Conde de Campomanes para xantar cos meus compañeiros. Non tiven, abofé, mester de bebe-las augas férreas para abri-lo apetito.

Pazo de Dompíñor

Pola tarde baixa, deixamos Ferreiría; pero aínda non remataran as miñas sorpresas. Sempre seguindo o consello do noso cicerone, o Andrade conduciunos a Dompíñor, nunha vagoada de prados e soutos á beira do Cabe.

Por un pórtico sinxelo éntrase no patio que, no cabo, ten outro co blasón familiar. Mesmo diante da fachada do pazo, de pizarra e mármore azul da comarca, hai unha capela en forma de rotonda que nos recorda a da Virxe dos Ollos Grandes da catedral de Lugo, ergueita, quizais, por un ancestro devoto da padroa lucense.

As actuais donas do pazo alédanse coa nosa visita e móstranno-los salóns con tapices

e pinturas de gran valía; a biblioteca con algunhas edicións «príncipe» e o importante arquivo do pazo. Logo, diante duns pociños de café, don Ánxel explícano-la xenealoxía dos Campomanes ata chegar ós Gasset, señores do pazo hoxe en día. Xunto a el, un netiño da condesa atendía nomes e datas dos seus devanceiros con vivo interese.

De regreso a Lugo, Benxamín Andrade e máis eu xa comprendiamos moito mellor a razón do apego que Ánxel Fole sinte por aquela TERRA BRAVA.

«El Progreso», I-X-1978

ROMEÁN, CASTROVERDE, FOLGOSA E O CORGO

Xa vai sendo longa a suma das miñas visitas a Lugo durante as vacacións, que se enrestran como compensación á emigración obrigada nas terras irmáns de Catalunya.

A familia e os amigos; o clima, a paisaxe, as rúas a rebordar de xuventude leda e algareira nas longas seráns do verán; as conversas saboreando, de vagar, un café nos Cantóns, son un sedante reconfortador para repoñer folgos ben necesarios; tras once meses ateigados de problemas económicos e laborais, sempre coa inqueda da inseguridade social e ata persoal... A Cidade do Sacramento aínda é un oase de paz; aínda se respira nela amizade, sinceridade, confianza e ledicia de vivir.

Prototipo dos grandes conversadores, dos amigos bos e xenerosos, segue séndoo Ánxel Fole, «Persoeiro Lucense» neste ano. Dende hai anos gábome de ter tripado con el os máis variados e, por veces, esquecidos recantos da nosa provincia. Non hai bisbarra que el non coñeza, nin torre, pazo ou caserón —testemuñas do pasado— dos que el non saiba a xenealoxía.

O Pazo de Romeán

Pola estrada de A Fonsagrada, co Benxamín Andrade, o meu fillo Enrique e o sobriño Xulián, estudantes de BUP e afañosos tamén das leccións do mestre, Romeán foi a primeira etapa da excursión para visita-lo pazo que se atopa a poucos metros do lugar, entrando por unha pista doada, a man esquerda.

«O nome de Romeán —dixo o académico— segundo tradición popular, provén dun cabaleiro chamado Hispanus-Romanus e o pazo fundouno Páramo Sangro, bispo de Salta (Arxentina). Nel viviron don Xosé Manuel Fole de Navia, Secretario Real, e,

derradeiramente, dona Nicolasa Fole».

A fachada do pazo é nobre e as pezas de cantería están ben labradas. Benxamín Andrade vains descifrando o significado do escudo:

«O elmo, de perfil, indica que pertenceu a un bastardo. Os cuarteis amóstrannos un castelo, unha árbore, dous lobos que teñen presa unha barra polos extremos, símbolo dos Fole...

O señor Arias, neto dun labrego que nos anos vinte mercara o pazo a dona Nicolasa Fole, acompañounos solícito polas dependencias mentres don Ánxel nos contaba a historia dos seus devanceiros e posaba satisfeito diante da cámara no corredor da solaina situada ó nacente, que confirma o apoxeo do pazo no século XVIII.

Un castelo esquecido

Dende Romeán, chegar a Castroverde é un paseo. A poboación asentase nunha veiga fértil e a torre de homenaxe do castelo, ergueita no século XIV no cume dun cativo outeiro, trainos á lembranza vellas historias.

Enrique II, vencedor de don Pedro I, premiou coa fortaleza ós Osorios. Os historiadores téñennos falado abondo do esplendor deste castelo, hoxe esquecido e preto da ruína total. Aínda se conservan uns metros da anterga muralla almenada e unha garita volada, así como restos dunha alxibe. A torre ten 20 metros de altura e as súas paredes un grosor de case dous. Nos tímpanos das portas, rematados por arcos semicirculares a cinco metros de altura da praza de armas, observamos un escudo e un releve que semella ser un gaiteiro.

O castelo de Castroverde non tivo sorte. As silvas, a maleza e o esquecemento, se non se obra un milagre, acabarán co vedraño legado dos nosos antergos. Imaxinámo-la torre de Castroverde preto da Cidade Condal: sería unha rentable motivación turística.

Córneas de Castroverde

Compréndese que Fole sinta interese por recantos tan arredados entre si. Os seus devanceiros estiveron espallados por toda a provincia, incluso na de León. En Córneas, dona Joaquina Quiroga Teijeiro, curmá da avoa de don Ánxel, foi propietaria do casal máis rico do contorno. Hoxe o vello caserón aínda se ergue vetusto e lóbrego no seu abandono, rodeado por unha muralla «tremebunda», segundo o calificativo empregado por Fole que, con certa nostalgia, lémbrese de dona Joaquina, a derradeira señora da casa grande de Córneas. Coma

tantos outros herdos, esfaragullouse en anacos minifundistas. Os sinos dos tempos trocáronse. O mesmo sucedeu coas caleiras que había alí preto. ¡Que lonxe fican na lembranza as caballerías que transportaban o cal ata Lugo!

«Dende Cospeito —recorda o Andrade— víase o lume cando queimaban o cal na Meda».

Hoxe as minas están pechadas. Casemente se perdeu tamén a súa memoria.

Miranda. Enriqueta Otero

Nas nosas excursións temos por norma non desandar camiños. Esta vez fixemos unha figura xeométrica trapezoidal e por O Picato de Sobrado e Miranda, pobo natal de Enriqueta Otero, fundadora de «O Carriño», seguimos cara o pazo de Folgosa para, logo, visita-lo de O Corgo e remata-la viaxe en Lugo.

Pero antes falarei un nisco de Enriqueta Otero a quen o pobo coñece por «A Pasionaria de Galicia».

Soamente unha vez falei con este personaxe tan coñecido en Lugo pola súa actividade cultural, sempre cargada de libros, un magnetofón pendurado do ombreiro e cunha vestimenta rechamante. Mestre nacional, na posguerra foi guerrilleira e estivo na cadea moitos anos. Enriqueta Otero, cunha mente clarísima a pesar da avanzada idade, non para de tecer ideas, coma se estivera a vivir unha nova xuventude.

«Vou pedir —díxome— un recanto da praza Ferrol, a carón da muralla. Alí crearemos un centro xuvenil para promocionar unha xuventude sana, que cada mañá, antes do trafego diario, percorrerá a muralla nun rito de amor á natureza e para desarrollarse forte e varil».

Seica é comunista. Eu coido, máis ben, que é unha altruista, unha idealista namorada do Cristo das Catacumbas, un espírito que só marina na irmandade e no amor, «precepto supremo —dixo— do Nazareno».

Folgosa, pazo artístico e monumental

O pazo de Folgosa atópase a man esquerda, pouco antes de chegar á radial Madrid-Coruña. O frontis é impresionante pola cantería ben labrada e, sobre todo, polo enorme escudo coroadado co símbolo condal. Dous leóns aguantando unha vieira, un axedrezado, a Cruz de Malta, os lobos, cinco vieiras... son testemuña das familias, emparentadas entre si, que o habitaron.

—Este pazo é do conde de Canalejas ¿non si?, preguntámoslle incorrectamente á labradora que nos abriu o vello portalón.

—O pazo elle noso, contestou con firmeza. Mércamolo a don Felipe Llamas cando eu inda era unha meniña.

E namentres visitábamo-lo patio interior de ben conservadas arcadas, dixo Fole.

—O derradeiro conde de Canalejas, señor deste pazo, louqueou e andaba a pedir polas aldeas.

Os actuais donos do pazo son conscientes do seu enorme interese artístico e monumental. É normal que se sintan orgullosos da súa propiedade. Teño oído a moitas persoas laiarse porque nos patios destes pazos atópanse carros, moreas de leña, apeiros labregos, galiñas peteirando miñocas... Eu penso que é fermoso dar con familias labregas en mansións nobres. Estamos tan afeitos a ver que habitan casas ruíns —moreas de pedras e laxes— que nos estrañamos en vendo algúns pazos señoriais en mans de paisanos, cando a cantería dos nosos artesáns cadra tan ben coa paisaxe e coa nobreza da nosa xente. Desexo que a nota aparecida nos xornais estes días, na que o Estado se compromete a favorecer-la súa restauración e conservación, se convirta en realidade. Oxalá que os labregos poidan vivir todos en pazos.

O Pazo do Corgo

O segredo do atractivo dos días estivais galegos son os longos solpores. Pasada a hora do xantar, a sobremesa en coloquio familiar, amainados os firentes raios solares da sesta, é unha regalía percorre-los camiños na nosa Terra. E, cando o sol comenza a esmorecer envolto en roibéns e a brisa penetra o noso corpo con aloumiños purificadores que sentimos mesmo no sangue, non é casual que anceiemos quedar nos eidos de nacencia e que reneguemos da emigración. Ese sentimento, coido eu, só o comprendémo-los que vivimos na diáspora á forza.

Cando chegamos ó pazo do Corgo nun longo e venturoso solpor, emparellábanse tódalas circunstancias que deixo apuntadas e que influíron no meu ánimo maravillado, unha vez máis, diante da creación dos mestres canteiros do século XVIII.

O edificio de dous corpos —o da dereita nótase que foi aumentado en época recente— ten unha balconada con tres arcos de medio punto. O patio interior, con linterna, é cadrado e cun corredor exagonal. O frontis está adornado con dous escudos, un central, coroado, e outro lateral, na ala dereita, máis pequeno. Cinco flores, un caldeiro, a Cruz de Malta, cinco

estacas, cinco bustos, a cabeza dun pequeno... ¡Canta afección sentían os moradores dos pazos pola perpetuidade das súas linaxes! Abofé que o conqueriron. Pimenteles, Ulloas, Quirogas, Foles, Sarmientos, Sangros, Taboadas, Bustelos, Andrades... están en deuda cos artistas canteiros. Se por eles non fora, quizaves terían afondado no esquecemento do mesmo xeito que perderon o dominio feudal.

«El Progreso», 23-IX-1979

QUIROGA E A VEIGUIÑA

Ánxel Fole non voltou a Quiroga dende o ano 70. As librerías presentan xubilosas a terceira edición de «A LUS DO CANDIL». ¿Que mellor ocasión para viaxar á Veiguiña e rememorar-lo xermolar e a elaboración do libro, xa clásico, do mestre da narrativa galega?

Sáímos de Lugo á media mañá con Xosé Manuel Carballo, un crego polifacético que atende tres parroquias, escribe teatro e contos, tramita documentacións burocráticas para a construción de pistas nos lugares máis arredados das súas parroquias, e aínda estalica as horas para dirixi-lo grupo teatral «Os Valuros» e engadar ós expectadores coa súa arte de ilusionista.

Por Póboa de San Xillao, Sarria e o novo enlace central, que gracias á técnica vence repetidas veces o pacífico e ceremonioso río Lor, chégase doadamente a Quiroga. Pero a razón principal de atoparmos tan curtos os 85 kilómetros que separan Quiroga da capital foi a grata conversa do narrador lugués.

Influenciado pola compañía do crego ou, tal vez, porque os xornais destacaban a despedida do dimisionario bispo da Diócese, o caso é que don Ánxel demostrou estar moi ben informado dos eclesiásticos lugueses.

«O bispo Aguirre revestíase de Pontifical en San Roque e entraba en Lugo montado nunha burra... Durante o pontificado de don Manuel Basurto, morto na treboada do 36, a moral da curia lucense tiña moito que desexar: foi sonada a fuxida do seu secretario... Frei Plácido Ánxel Rey Lemos, fillo dun taberneiro da praza do Campo, morreu nas vascongadas desposeído da súa diócese por defender, seica, tendencias contrarias ó celibato. .. o doutor Balanzá, a quen lle fusilaran un irmán porque era republicano, foi o primeiro bispo que se negou a recibir ó anterior xefe de Estado baixo palio...»

Don Ánxel coñece en profundidade canto se relaciona cos feitos e coas xentes de Lugo. Lembrando certos cregos fanatizados coas ideas «nazis», exclamou:

«¡Que contradicción tan tremenda!»

Entre amigos e apertas

Tiñamos mentes de voltar a Lugo polo Caurel. ¡Estabamos ben trabucados! Faltáronnos horas porque ¿como facer para desenlearnos da gran cantidade de amigos que, onde queira, saudaban e agasallaban a don Ánxel? Ademáis, por mor da calor abafante, a hora do xantar alongouse coa aventaxe de que «a conversa non fai mal a ninguén e o intercambio de ideas rexuenece e afortala o espírito», como ben nos dixo o mestre.

Á sesta, na pousada Villaverde, «Remanso de paz», saboreando uns cafés tivemos de novo ocasión de comprobar canto estimaban a visita de Fole e o bo recordo que deixou naquela bisbarra. Tamén el sentiuse emocionado en vendo a casa de Outeiro, noutrora pertenza do seu bisavó, e lembrou con certa nostalxia as mornas noites cheas de rechouchíos dos reiseñores cantores.

Cando pasamos fronte a Ermida, contóuno-lo feito que inspirou a súa obra teatral «Pauto do Demo».

«Estaba gorecido baixo dunha pena, a xeito de viseira. Chovía a cachón. A tempestade era tremebunda e cuns alustros estarrecedores, cando vin saltar do cimo da pena un godello coas partes tan grandes coma unha ubre dunha vaca. Deixou un cheiro grandísimo a xofre. ¡Era o demo!»

A Veiguiña

Compréndese que «A lus do Candil» sexa unha das obras mellor logradas da literatura galega. O escenario onde foi escrita é un dos recantos máis fermosos que teño visto. Os señores Quiroga dispensáronnos unha acollida moi agarimosa. Don Gonzalo e a súa esposa, acompañados polos fillos e netos, e o seu irmán, don Xosé Luis, improvisaron axiña unha xuntanza familiar en atención ó Académico. A merenda abundosa e o viño de colleita propia alumaron lembranzas e anécdotas dos anos en que Ánxel Fole fora o profesor e o mellor amigo de don Gonzalo e don Xosé Luis.

«A vostede, don Ánxel —dixo don Xosé Luis— débolle a vida. ¿Lémbrese do día que nos veu visitar, que eu xa estaba aviado para ir a xunto de don Ramón e estivemos a contos deica o mencer? O que son as cousas. Aquela mesma serán, uns atracadores entraron na casa do meu amigo, matárono e roubáronlle canto tiña. Aínda hoxe me arrepía pensalo».

«¿Recordase, don Ánxel —engadiu don Gonzalo— do toleirón do Toño? Púxose a tarabelear cunha pistola —mesmo o estou vendo na solaina— e disparóuselle atravésándolle a vostede a solapa da chaqueta de coiro. Qué argalleiro vos era».

«Inda levei un susto meirande —dixo Fole— cando, mesmo no intre de pasar a pontella do Quiroga, sentín un estrondo grandísimo. ¡Uns furtivos andaban a matar peixes con dinamita!»

Non é de estrañar que moitos contos de «A lus do Candil» sexan narracións de suspense. Don Ánxel e mesmo don Gonzalo e don Xosé Luis, incansables conversadores, son moi afeizoados ós relatos de misterio; pero tampouco faltaron na amistosa xuntanza opinións sobre política, sobre a enxebreza do léxico galego e a orixe etimolóxica de topónimos da comarca.

O crego Xosé Manuel Carballo, ó remate, aglaiounos a todos cos seus xogos de ilusionismo e foi atendido o anxeio de Gonzaliño III, neto de don Gonzalo, que quixo retratarse co escritor.

Lendo, unha vez máis, «A lus do Candil» atopei unha confesión do propio autor que coído de interese porque descúbrenos-la razón do seu apego por Quiroga:

«Cando recordo todo aquilo —escribe— sinto unha tristura moi doce e moi fonda. Alí quedou a miña mocidade».

«El Progreso», 30-IX-79

AGROMA XA O REXURDIR DA NOSA TERRA?

Tiñamos programada outra excursión de gran interese pero don Ánxel tivo que desprazarse a Baralla cabo dos seus sobriños e tal foi a razón de que Benxamín Andrade, Enrique de Macía e máis eu partíramos de Lugo sen a compañía do académico. Dous anos máis tarde, sen embargo, repetiríamo-la mesma excursión con el.

O comenzo da viaxe foi insólita. Un «Mercedes» que nos precedía, incomprendiblemente, subiu á acera da Ronda, penetrou no céspede e foi bater, sen graves consecuencias, contra a muralla. Ninguén de nos cavilou en malos agoiros e a excursión resultou agradable e proveitosa.

Torre de Arcos

A primeira etapa do programa era visitar en Chantada a Torre de Arcos, que se ergue a sete kilómetros da vila, en dirección a Santiago.

No cume dun outeiro, a Torre domina unha veiga extensa e rica; pero a súa fábrica de cantería nobre mostra síntomas claros e próximos dun irreparable esborrallamento. Pola banda do solpor, os fundamentos cederon e a enorme mole xa presenta unha fenda que ameaza ruina.

Benxamín Andrade dixo:

«Os ascendentes do Gran Capitán eran de Arcos, solar dos Temes, e no século pasado a torre foi propiedade de dona María Cristina Quiroga Sangro, tía avoa de Ánxel Fole. No ano 1944 mercouna don Xosé de Arxeriz».

«Don Xosé —engadiu o administrador e técnico agrícola de Torre de Arcos— está moi interesado na conservación deste torreón e axiña darán comenzo as obras de restauración».

Logo de recorrer-las prantacións de frutais puidemos admira-la fermosa arcada do antigo pazo.

«Esta portada —explicou o administrador— foi trasladada do seu lugar de orixe. Poden observa-lo ciprés que, como sucede na maior parte dos pazos, estaba mesmo na entrada da finca e quedou en solitario por mor do trazado da carretera».

Non fai falla ser técnico para se decatarse que, certamente, a portada foi reconstruída. As pezas non casan ben. Algunhas non son as orixinais, outras romperon... Facemos votos para que os proxectos de reconstrucción que animan a don Xosé Rodríguez López, se tornen realidade axiña.

Masid, o mellor castelo de Lugo

Trocámo-las verdecentes veigas de Chantada polas pechadas curvas en descenso rápido na procura do Miño. As viñas empoléiranse costaneiras anunciando a regalía dunha vendima farturenta. Deixámo-lo embalse de Belesar, cheo a reverter e, pola ponte decimonónica, entramos en terras do Saviñao. En Pesqueiras soamente nos detemos un anaco para visitar ós meus parentes da casa do Raleiro e tomar un «chanqueiro» de viño da Pena de Aviado. Podíamos demorarnos para visitar San Esteban de Ribas de Miño e Diamondi, alfaias da época monástica, pero o noso propósito era coñecer Ferreira de Pantón.

En Escairón viramos cara Lama Quebrada —no pazo do señor de Forcados aínda puidemos ver dous carromatos no ruinoso tendal —e por Eiré, outra mostra documental de

tempos recuados, chegamos a Ferreira.

Na veiga de Pantón atópase o castelo de Masid, a fortaleza mellor conservada da provincia. Hoxe é propiedade de don Gregorio Arias, que ostenta o marquesado de Casa Pardiñas. Os señores Arias reconstruíron con agarimo o castelo, que garda obras de gran valía. A torre da homenaxe é cadrada; as almenas, voladizas, e na fachada presenta unha artística venta do Renacemento.

A orixe da linaxe do castelo atrinca dos López de Lemos e na súa xenealoxía atópanse persoeiros relevantes.

Fernán López de Lemos foi quen rescatou as doce doncelas que se lle entregaran como tributo ó Califa de Córdoba; Alonso López de Lemos loitou na batalla de Clavijo; don Diego, na de Navas de Tolosa; don Lope serviu a Alfonso IX e Fernando III O Santo, casado con dona María Teresa Fernández de Témiz, devanceira do Gran Capitán; don Alfonso López de Lemos venceu na Pedrosa ós Irmandiños ergueitos contra das inxusticias feudais. No s. XV o castelo dependeu do señorío de Sober e, posteriormente, foi dos condes de Amarante. Os marqueses de Casa Pardiñas, dende hai máis de cen anos, habitan e atenden a fortaleza. É de admira-lo parque, de mesta arboreda, surcado por un regato cantareiro. A praza de armas prestalle enxebreza e a bandeira galega, ondeando no cimo do torreón, semella agoirar un porvir ventureiro para o rexurdir de Galicia.

Real Mosteiro de Ferreira de Pantón

Moi preto de Masid, na carretera de Monforte, atópase o Real Mosteiro de Bernardas Cistercienses, fundado no século XII por dona Froila López de Lemos.

A igrexa románica, unha das mellores da comarca, garda as cinzas de don Diego e don Lope de Lemos. Os sepulcros, coas esculturas funerarias dos guerreiros medievais, son de gran interese artístico.

A fachada do convento é do século XVIII e, á man dereita, a xeito de pazo, érguese a casa do capelán, párroco de Pantón, que atende as funcións relixiosas do mosteiro.

A «hermana» que nos recibe contesta ás nosas preguntas:

«Neste intre hai dezasete monxas de clausura e dúas «hermanas». Ás seis da mañá erguémonos para face-los primeiros rezos. Só por cousa grave de enfermidade, saímos do convento para acudir ó médico, en Ourense».

O primordial das monxas bernardas é a oración; pero tamén fan doces de améndoas e zurcidos moi estimados. Ademais, teñen unha horta amurallada de vinte ferrados de terra, e

cinco vacas. Recentemente a Dirección Xeral de Belas Artes concedeu oito millóns para a reconstrucción da Hospedería.

Chamounos a curiosidade observar que a ala esquerda do convento ten varias chimeneas.

«Antigamente —díxonos a cicerone— dábase a miúdo o caso de persoeiros que renunciaban á vida secular e viñan ó mosteiro pata adicárense á vida contemplativa. Cadaquén tiña a súa cela e vivía independente.

Era a hora de vísperas. A «hermana» debía acudir ós rezos e nós seguir camiño cara Lugo.

Durante a viaxe de regreso, comentamos satisfeitos a excursión por terras de Chantada e o ancestral condado de Lemos pero, cando fiquei só dei en cavilar: Galicia, tan abundosa en veigas e tetras farturentas e tan rica en monumentos testemuñas dunha cultura superior, ¿por que dexenerou mesmo ata ser incapaz de mante-los seus fillos? Do mesmo xeito que se tenta restaurar vellas consttuccións, símbolo da grandeza dos nosos antetgos, ¿conseguiremos reconstruí-la nosa nación e arrecadar tantos fillos espallados por terras alleas?

«El Progreso», 21-X-79

ELÍAS VALIÑA, UN CIENTÍFICO PÁRROCO DE O CEBREIRO

Noutra ocasión falei da igrexa prerrománica de O Cebreiro, das pallozas, do museo etnolóxico, da lenda do Santo Grial galego, da restautada hospedería, da grandeza impresionante da cadea de montañas que separan León de Galicia. Pero, daquela, a pesar do meu desexo, non me referín ó párroco Elias Valiña «pastor de espíritus en aquela alta soledad» —como o calificou o bispo Guerra Campos— porque, debido ás súas continuas peregrinaxes en procura de datos científicos e arqueolóxicos, non se atopaba na parroquia.

Este ano tiven máis sorte. Indo camiño de O Caurel con Ánxel Fole e o amigo Andrade, achegámonos ó santuario e, esta vez si, puiden dialogar e coñecer persoalmente a Valiña Sampedro, un crego doutorado en Dereito Canónico pola Universidade de Salamanca, que ten ó seu cárrego a feligresía do Cebreiro dende hai vinte anos.

Don Elias é un incansable investigador de documentos, arquivos e achádegos arqueolóxicos referidos ó Camiño de Santiago, á historia das peregrinaxes xacobeas, á arquitectura, á protección xurídica, e á liberdade dos peregrinos, ós seus privilexios, dereitos

e obrigacións. E o froito do seu labor científico temólo na tese doutoral que co título «El Camiño de Santiago -Estudio Histórico Jurídico» conquistou o Premio Nacional de Investigación «Antonio de Nebrija» no ano 1967 e que foi publicado polo «Consejo Superior de Investigaciones Científicas» catro anos máis tarde.

Co gallo do Ano Santo de 1971, Elias Valiña publicou tamén «Caminos a Compostela» unha guía, esta vez de divulgación, das rotas históricas que durante séculos sentiron o paso dos penitentes, devotos, santos, reis, nobres e xentes sinxelas do pobo, que acudían á chamada relixiosa do sepulcro do Apóstol.

Elias Valiña Sampedro é un home novo aínda —naceu no ano 1929 preto de Sarria— que cursou estudos no Seminario de Lugo, en Comillas e Salamanca. É un namorado da alta montaña luguesa. El, que podía dictar maxistras leccións de Historia do Dereito, preferiu percorrer aldeas, investigar nos libros parroquiais, acudir ás bibliotecas, desenterrar manuscritos e documentos para, cos seus coñecementos e os seus traballos de pesquisa, alumar e interpretar feitos relixiosos, políticos, sociais e demográficos da Galicia anterga e medieval.

Preguntámoslle polos seus novos proxectos científicos.

«Teño en vías de publicación —dinos— o «Catálogo de documentos de la diócesis de Lugo», Premio Nacional de Investigación «José María Cuadrado, 1972» e colaboro no «Synodicon Hispanum», valioso estudo sobre a igrexa e a sociedade, no que se investiga a vida relixiosa, económica, política e social, así como o folclore, a filosofía, a demografía, etc. dende o século XIII ata o XVIII. Esta obra, da Biblioteca de Autores Cristianos, na que colaboramos corenta especialistas, pretendemos que sexa comparable ó que foi «España Sagrada», de Enrique Flórez. Contamos publicar seis tomos. O primeiro está adicado integralmente a Galicia e Portugal. Quero sulíña-lo feito de que esta obra está dirixida por Antonio García García, O. F. M., profesor de Historia do Dereito Canónico da Universidade Pontificia de Salamanca, galego ilustre nado en Riotorto. Outros colaboradores, nos temas referidos a Galicia e Portugal, son Emilio Duro Peña, o coengo de Mondoñedo Enrique Cal Pardo e algúns máis».

O párroco de O Cebreiro tamén dirixe o «Inventario Histórico Artístico de Lugo y su provincia», do que xa se editaron dous volumes dunha colección de seis. Ademais, Elias Valiña dirixe o «Inventario arquitectónico de Lugo», no que colaboran Francisco Javier Coello, arquitecto; Jaime Delgado Gómez, arqueólogo; Nicanor Rielo Carballo, publicista, e Santos San Cristóbal, director do Museo de Mondoñedo. Tamén está a preparar outra nova «Guía do Camiño de Santiago» con abundosas ilustracións.

O ilustre crego é un home inqueda, de reflexos rápidos, optimista, con moitos amigos, admiradores da súa obra e capacidade de traballo, aínda que tamén ten detractores.

«Non hai que facer caso do que digan —afirma— porque ¿quen non ten amigos e inimigos? A miña ilusión é traballar nos eidos científicos e cooperar ó mellor coñecemento do patrimonio histórico-artístico de Galicia».

Pero as obrigas do ministerio sacerdotal son primordiais na súa vida. As doce ten que impartir-lo Sacramento do Matrimonio a dous feligreses e, mentres nos despedimos, viste o seu «mono» de traballo para basoira-la igrexa, colocar bancos... Nós tampouco podemos demorarnos porque O Caurel, outra comarca da montaña luguesa, que descoñezo, agárdanos.

«El Progreso», 28-IX-1980

O CAUREL, COMARCA MARXINADA

Había anos que tina na idea cruza-la serra do Caurel co autor de «A lus do candil», gran admirador daquela zona extrema e montañosa da provincia de Lugo.

Este verán, dende O Cebreiro, tras un voluntario rodeo para coñecer Rubiais, unha das mellores explotacións mineiras de Europa, con case 600 postos de traballo, puidemos levar a cabo o aneiro gracias á construción dunha nova pista de terra e coios, que arrinca da carretera Pedrafita-Sarria, en Pacios.

Don Ánxel, noutrora incansable excursionista de a pé que, durante a súa residencia na Veiguiña, percorreu todo O Caurel, coa súa conversa fixo máis doada a viaxe pola estreita pista chea de curvas e nula visibilidade, que baixa ata Savane a tumbos e erguendo nubes de po.

«No Caurel —explícano-lo ilustre membro da Real Academia Gallega— atópase un dos boscos meirandes de Galicia, preto de Parada, terra do poeta Uxío Novoneyra. É a devesa de Rogueira, unha selva mesta de trinta kilómetros cadrados, abondosa en castiros, fallas, carballos, toda clase de vexetación e augas minerais. No Caurel, hai anos, non era difícil atoparse con rebecos e porcos bravos que se criaban no monte».

Os camiños son mouros debido á gran cantidade de pizarra. O Caurel ten ríos troiteiros, coma o Lor e o Parada. Na longa invernia o Pía Paxaro e o Alto do Boi sempre están cubertos pola neve e no cimo da Pena Lubiceira os lobos axexan os fatos de ovellas. Pero no verán, ás horas de mediodía, nas altas Serras fai máis calor ca en ningures.

A Filoloxía é unha das paixóns de Fole. Non podía faltar, logo, a súa interpretación

etimolóxica do nome da capitalidade de O Caurel.

«Os mecanismos fonéticos —afirma— son moi interesantes. Seivane, Savane e Seoane son verbas coa mesma orixe latina: unha transformación de «Sanctus Ioannes». A forma máis enxebre empregada polo pobo é Savane».

Savane é unha regalía turística. No fondo dun soto de castiñeiros centenarios, agachado na maxestuosa cadea de montes que deseen do Cebreiro.

Alí ten o comenzo a estreita carretera asfaltada que máis tarde encollería o noso corazón por mor do vértigo, camiño de Folgoso ata mesmo chegar ó val de Quiroga.

Un concello responsable

¿Quen mellor có alcalde nos podía informar dos problemas, dos logros e dos proxectos do Concello do Caurel? Manuel Rodríguez López —o noso nome e apelidos son tan comúns en Galicia que non é de estrañar tal coincidencia— é o alcalde elixido democráticamente nas últimas eleccións. Durante a sobremesa dialogamos sen presas.

«Temos —dinos— moitos problemas. Hai que reparar corenta kilómetros de carreteras. É mester facer pistas para comunica-las aldeas espalladas pola xeografía do Caurel. Aínda temos dous pobos sen electrificar e, a pesar de que vai para dez anos que solicitamos dez cabinas telefónicas, só conseguímo-la de Folgoso. A metade da poboación emigrou a Barcelona, Francia, Suiza, Madrid, Bilbao... O censo actual é de 2.822 habitantes que pertencen a oito parroquias. A despoboación nas comarcas baixas é case total; na parte alta é menor por mor do incremento da gandería. A xente de Horrios emigrou na totalidade».

O alcalde de O Caurel adicouse sempre ó comercio. Está moi ben relacionado co seu pobo e asegura que a Corporación municipal (6 PSOE, 4 UCD, 1 CD) non ten problemas internos de partido porque os concellais síntense todos vencellados pola responsabilidade de conqueri-los servicios indispensables para a comunidade.

Manuel Rodríguez López, alcalde socialista, ten moitos proxectos para arrombá-lo subdesenvolvemento e a incultura e promociona-los corenta pobos do Caurel. Dous centros de E.X.B. construíranse en Folgoso e Savane. O Concello, ante notario, xa cedeu os terreos necesarios. Estase a traballar no camiño de Savane a Samos e no de Folgoso á Póboa de Brollón. Gracias á prestación persoal e coa axuda da Deputación Provincial, ensancharanse 25 kilómetros de estradas dende Savane, Mostaz, Millares, Romeor e Campelo ata preto de Visuña. Arranxouse tamén a que vai de Ferreira Vella á Mercurín, e o acceso da Rampa de Noceda a Lousada.

Manuel Rodríguez López é un alcalde activo, cheo de ilusións e cun feixe de logros que semellaban inalcanzables. El acude ás portas dos organismos oficiais, peta forte e consegue asignacións, proxectos técnicos, maquinaria, etc. Un dos primeiros éxitos da Corporación foi a inclusión no programa estatal de «Acción especial de zonas deprimidas», que pode representar unha axuda de 20 ou 30 millóns anuais.

«Agora —asegura— tetemos máis axudas para os nosos propósitos. Realidades inmediatas serán o servizo telefónico Folgoso-Savane-Mostaz; o camiño dende Teixeira a Louzarela; a electrificación de Visuña e Ferramulín; a instalación dunha farmacia e un Grupo Sanitario. Aspiramos a conseguir boas comunicacións que possibiliten o turismo de inverno nesta comarca tan rica en paisaxes e augas minerais con recoñecidas propiedades curativas en enfermidades da pel e do estómago. Pretendemos explota-la minería de ferro, plomo e cobre; queremos mellora-la gandería. O Caurel ten moitos recursos naturais. É un pobo capaz de se sacrificar polo ben comunitario —boa proba son as prestacións voluntarias— e teño a certeza de que, dentro de poucos anos, o noso atraso tradicional trocarase nun feito anecdótico pasado».

Terra brava e solemne

Boa falla fai que se cumbran os xustos anceios da Corporación dun pobo marxinado no decorrer dos séculos. Hoxe en día circular polas carreteras de O Caurel é espantoso. Dende Savane, camiño de Folgoso, ata chegar preto de A Veiguiña, máis de vinte kilómetros á beira de precipicios horrendos, encolle o corazón. No Alto do Boi (1.072 m.) é obrigado un descanso para contempla-la magnífica panorámica de montes encadeados. Folgoso, ó lonxe, semella unha caprichosa morea de casiñas a punto de arrebolarse monte abaixo para refrescarse no río. É imprescindible, si, o descanso á sombra do pinar para refacerse do arrepío que preme o peito tras tantos kilómetros de circular suicida pola estreita carretera, pendurada no abismo. O Caurel é unha terra enormemente abrupta, brava e solemne ó mesmo tempo.

Fole fálanos dunha citania famosa, dun castelo esborrallado, da etimoloxía dos nomes dos pobos e recorda o famoso refrán «En Leixazos non entra carro nin dios»... Eu cavilo nos meses de inverno, nas xeadas, nas baixas temperaturas, nas longas noites de contos e «vasos» arredor do lume, namentres estoupan as castañas no borrarillo das antergas lareiras. Penso na marxinación secular de O Caurel e lembro as verbas do esperanzado alcalde e, coma el, desexo que o esquecemento secular se troque axiña nun feito anecdótico pasado.

«CARTAFOLIO DE LUGO»

Os galegos que vivimos lonxe da nosa Terra, enterámonos pola prensa das homenaxes que se lle tributaron a don Ánxel Fole ultimamente na súa cidade natal. Todas elas ben merecidas, abofé. ¿Quen vai discutir, poñamos por caso, o acordo do Concello de Lugo que adicou unha rúa ó autor de «Terra Brava» e «A lus do candil», obras xa clásicas da nosa lingua? Pero o máis acertado agasallo, coído eu, rendido ó académico lugués, débesele ó «Círculo de las Artes» que, facendo honor á súa longa traxectoria cultural e, ó mesmo tempo, dando proba de ser unha institución agradecida, editou «Cartofolio de Lugo», abondosa escolma de artigos publicados por don Ánxel ó longo de moitos anos na prensa diaria, crónicas que o escritor fixo con agarimo filial e que, hoxe, son un manantío abondoso para cantos anceian estudia-las tradicións relixiosas, os costumes, a cultura, as grandes efemérides, o progreso, as loitas políticas, as xentes e incluso a étnia, a antropoloxía e o léxico da sociedade luguesa nas primeiras décadas deste século.

Ler, na emigración, «Cartafolio de Lugo», para os homes nados polos anos dez, como Fernando Neira, fillo de don Marcial, tantas veces citado por Fole, é revivi-la nenez e a xuventude cos ollos embazados polas bágoas da emoción. Para os que non fomos testemuñas dos relatos do escritor, a lectura deste libro é un deleitoso deambular por Lugo facendo amizade co admirado poeta Pimentel; con Xan de Forcados; co humorista Fernández Mato; co venerable párroco de San Pedro, don Avelino González; con Manolo Sariñena, pianista do «Círculo de las Artes» e fundador da Coral Polifónica Lucense; co compositor Xesús Bal; co farmacéutico Salvador Freire, animador da tertulia máis famosa de Lugo; con Roberto Pedrosa, o persoeiro máis alto da cidade; con Pepe Varal, obsesionado polos temas do cine; con Alvaro Gil Arias, co pintor Corredoira...

Cantos lemos «Cartafolio de Lugo» enorgullecémonos do popular alcalde Ánxel López Pérez e ceibamos un sorriso polas ocurrencias do tolo Pepe Montero. Mofámonos, sen ferir, do «Esquila Ratos», do «Papaovos», do «Setebeixos», do «Orellas de caiado», do «Chosco»... Sentimos como dor propia tantas mortes causadas pola epidemia do gripe e pola tuberculose que fixeron estragos na segunda década; conversamos no campo da feira cos aldeáns de chapeo, zocas e aguillada, que lle inspiraron a Trapero Pardo o fantástico Pelúdez das festas de San Froilán; ollamos persoeiros de capa e chisteira entrar no café Nemesio e señoras con panos de seda e longas saias saíndo da catedral; contemplámo-los primeiros

coches tirados por cabalos; parolamos cunhas mulleres que están mazando o leite á porta da casa e botamos un vaso nunha tasca enxebre das aforas da capital.

Coa lectura de «Cartafolio de Lugo» asistimos a un mitin de Casares Quiroga, a unha assemblea organizada polo «Centro Obrero», á assemblea das Irmandades da Fala do ano dezaoto, a unha xuntanza na loxia masónica e ¿por que non? entramos no Café Moderno ou no Lugo-Salón para escoita-las cupletistas Eliet, Paquita Escribano, Campanela...

Fole galego universal

Despois dunha longa xornada de traballo, «Cartafolio de Lugo» é un «relax». Fole trasládanos a unha época na que as cidades aínda eran acolledoras. ¿Quen ía dicir que aquel proliferar de novedosos inventos chegarían a seren o azoute da sociedade consumista? Canto nos despersonaliza hoxe en día, daquela, era gozosa novidade, anécdota sinxela, esperanza dun xeito de vida máis doado: o primeiro aviador, Garnier, evolucionando no ceo de Lugo o día de Corpus de 1912; o alumado eléctrico, o teléfono e o primeiro auto do banqueiro Nicolás Soler, a comenzos de século; o escándalo dunha rapaza circulando en moto ou — cousa incomprendible naquelas datas— tres mozas con corbata e pantalón montando a cabalo; a inauguración do Mercado de Abastos en 1914 sendo alcalde o seu pai, don Reinaldo Fole Quiroga; o primeiro cine sonoro; a radiofonía...

Ánxel Fole danos unha imaxe nítida da importancia de Lugo ó relatárno-la viaxe de Sabel II, a chegada do primeiro tren, as visitas de Alfonso XIII, Primo de Rivera, Canalejas, Dato, Maura, Alcalá Zamora... Pero infórmanos, tamén, de feitos pintorescos, de precios, dos xogos preferidos polos nenos, das esgotadoras xornadas de traballo e, con axilidade e estilo ameno, describe manifestacións relixiosas, como a Santa Misión do 34 ou a entrada multitudinaria do bispo Frei Plácido na súa cidade natal; as actuacións do Circo Ruso e da Orquesta Sinfónica de Madrid; actos culturais como os Xogos Florais de 1915; a representación teatral no «Círculo de las Artes» de «A Man da Santiña», de Cabanillas, ou a estancia en Lugo, no ano 1932, de Federico García Lorca.

Fole non é soamente un atento esculcador que fai historia viva do seu pobo. «Cartafolio de Lugo» non é unha crónica local desvencellada dos avatares do mundo. O autor, que é un home fondamente galego, éo, xa que logo, universal. Por iso, a carón do diario acontecer da súa cidade, analiza feitos doutras latitudes: a apertura do canal de Panamá; os acontecementos da Semana Tráxica de Barcelona, no ano nove; a fundación, por Francisco Giner de los Ríos, do Instituto de Libre Enseñanza; o asasinato, en Saravejo, do

príncipe Fernando; a revolución rusa; a «domesticación hitleriana de Alemaña»...

Fálanos de periódicos de Lugo, como La Vanguardia Gallega, El Progreso, La Aurora del Miño... da revista «Ronsel», fundada por Evaristo Correa Calderón no ano 24, e de «Yunque», creada polo propio Fole. Lévanos, ademais, a percorrer cantas institucións culturais existían na cidade e, gracias á súa pluma testemuñal, entramos nas tertulias e coñecemos homes inquedados polo progreso, as letras, a música, a pintura e a política, todos eles lectores do diario liberal «El Sol» e da revista «La Esfera». Naquelas xuntanzas falábase afervoadamente de Ortega y Gasset, Unamuno, Benavente, Azorín, Pérez de Ayala, Pío Baroja, Juan Ramón Jiménez, Machado, Zuloaga, Vázquez Díaz, dos galegos Del Valle-Inclán, Menéndez Pidal e Emilia Pardo Bazán e de moitos outros ilustres intelectuais que deron orixe á segunda idade de ouro das Letras Españolas.

Traballos antolóxicos

Podíamos alongarnos horas enteiras profundando nos feitos e nas persoas que se suceden no libro; pero coido que abondou enumeralas moi á lixeira para dar idea da súa importancia documental. O que agora quero suliñar é algúns dos seus traballos puramente literarios que considero antolóxicos.

En «Algo hay que evitar», don Ánxel fai un estudio perfecto da condición humana dende os anos da nenez ata a vellez, pasando pola adolescencia franca e sen reservas, deica chegar á idade madura coa posibilidade de se voltar animal de rapiña.

O cronista fuxe das aglomeracións da capital e escribe «San Froilán desde el campo», retrato maravilloso dunha aldea da Terra Chá ó relata-las conversas cos labregos e os longos paseos outonais «por camiños cubertos dunha alfombra máxica de terciopelo marelo empapado en sangue».

«Topografía Báquica de la ciudad de Lugo» é outro fermoso capítulo da obra que estamos a comentar. Encétase cun diálogo entre o Moralista e o Cronista —«alterego» o un do outro—. O Cronista reconece que o Moralista ten razón, pero torce a conversa e invita ó lector a visita-las trescentas tabernas de Lugo «nas que se celebra o antiquísimo rito do vino e do culto a Baco». Na «Canción del bebedor» berra: ouh probes abstemios ¿que sabedes vos da valía do vino? E da «Inmortal Balada de los Bebedores» escribe: «É un poema que consegue levar ó ánimo do lector as esencias da vida nocturna».

Outra creación literaria, que abondaría para consagrar un escritor, é «La Película de don Fabulón», fantástico personaxe autobiográfico creado por Fole. Don Fabulón Ferreiro

publicou «Tratado do Mego», ensaio fundamental da doutrina do humorismo, «Diccionario del Chiste» e «Arte Magna de la Risa». O dito don Fabulón adicábase ó comercio de antigüidades e tiña un loro políglota. Foi o meirande creador do humorismo.

Desapareceu da cidade sen deixar rastro e, ó cabo de sete anos, uns obreiros que estaban a facer unha excavación, atoparon un sartego co cadavre de don Fabulón. Farruco de Caldas acude para recoñece-lo morto e ceiba unha enorme gargallada: o que coidaban cadavre de don Fabulón era un boneco feito polo mestre do humorismo. No ataúde había unha chea de cousas. Entre outras, unha caixa de música, coplas populares, periódicos, revistas, entradas de cine, un retrato, o rizo dunha cupletista, exemplares das súas obras completas e un sobre lacrado cun exemplar da «Magna Crónica de Lugo», de Farruco de Caldas, o seu alumno preferido que exclamou: «¡Veleiquí a máis fonda e derradeira verdade do humor e máis do humorismo!»

Fermosa alegoría a que don Ánxel nos brinda de «Dóminus Fabulón», que é o mesmo Fole, como tamén o son Farruco de Caldas, Lucense, Basiliense, Magister Gaudiosus, Eginardo de Tor ou Vicense. O contento de Farruco de Caldas —Ánxel Fole— autor da «Magna Crónica de Lugo», é grande porque, ó fin, parte das súas crónicas, que durante anos durmiron no ataúde do esquecemento espalladas en periódicos e revistas, saíron á luz no libro «Cartafolio de Lugo», a mellor homenaxe de cantas se lle podían ofrecer.

«El Progreso», 22-XI-1981

PEREGRINAXE A SAN ANDRÉS DE TEIXIDO E COLOQUIO EN SARGADELOS

Este ano, unha vez máis, tiven a dita de me poder desprazar a Lugo durante as vacacións e a sorte de facer varias excursións co mestre e amigo Ánxel Fole, patriarca das Letras Galegas, como ben dixo o Xulio Xiz nun programa radiado para toda Galicia, no que participamos co gran narrador da montaña luguesa. Xuntos, temos viaxado por moitas comarcas de Lugo e o noso anxeio é seguir percorrendo a sorprendente xeografía da nosa Terra, tan rica en monumentos legados polos devanceiros. Este ano don Ánxel, que derradeiramente refugou varias invitacións por coidar que eran desprazamentos longos demais, manifestoume o seu interese por coñecer San Andrés de Teixido. O meu aglaio foi dobre: que se sentira con azos para tanta viaxe e descubrir que o ilustre académico aínda non tiña peregrinado ó extremo lugar agreste e embebedor axeitado para cánticos druídicos... E, loxicamente, a primeira excursión foi ó santuario do Apóstol Andrés. Pero escoitémo-las

razóns que animaron a don Ánxel a face-la longa viaxe á costa atlántica de A Coruña irmá:

«Teño desexos de acudir a San Andrés —dixo co seu adoitado bo humor— porque nunha lenda celta, referida a un santuario da Bretaña francesa, lin: «quen non vai aló de vivo, vai de morto recorrendo cada día a lonxitude do propio ataúde». A similitude co dito: «A San Andrés de Teixido vai de morto o que non foi de vivo» e a crencia popular de que as almas dos que non peregrinaron a Teixido en vida irán, de mortos, en forma de lagarto, polo si ou polo non, decidíronme a facer esta excursión».

A tradición popular non esmorece

Co amigo Andrade, compañeiro noutras ocasións, e Manuel Blanco Castro, saímos de Lugo de mañá cedo, facendo o primeiro «alto» da nosa peregrinaxe na fermosa vila de As Pontes que, nos últimos anos, perdeu a súa bucólica beleza ó se converter nun xigantesco complexo de produción de enerxía. As cintas transportadoras de lignito arrincado a flor da terra por enormes excavadoras, os fornos e a contaminante chimenea que se ergue ata perderse na néboa, estragaron a paisaxe ancestral.

Por Somoza e A Barqueira, seguindo a estreita carretera comarcal, remontámo-la Serra Faladoira e, logo, baixamos cara Cedeira, porto mariñeiro e turístico de modernas construcións á beira dun amplo e ben coidado paseo-mirador que discorre ó longo da ría. Lugar acolledor, abofé, para un breve descanso porque, ó subi-la Serra Capelada —orgullo dos cedeirenses, sabedores das riquezas xeolóxicas que encerra e da súa abondosa flora e fauna— é mester moito tento por mor dos cabalos, en liberdade, e pola mesta néboa que cega a visibilidade.

Tras un descenso rápido ata unha miúda chaira-aparcamento, a modo de balconada con vista a un mar borrallento e fungador, contemplámo-lo cativo monolito en lembranza do P. Sarmiento, romeiro ilustre do século XVIII, e baixamos ó pobo —dezanove casas e sesenta vecinos— que, dende tempo inmemorial, garda a reliquia do Santo na igrexa, reedificada no 1875 por frei Miguel López de la Peña, e restaurada no ano 1968 polo capelán don Julio Ladra.

Mesturados entre devotos e turistas, tamén nós mercamos amuletos —a cruz, a barca, a paloma e o corazón— bebemos na fonte do Santo e recollémo-la herba que seica ten o feitizo de namorar... A tradición popular non esmorece. Milleiros de romeiros acuden cada ano ó lugar sagrado. Puiden comproba-lo e celebrei ollar que xa existe unha incipiente promoción turística que beneficia ó pobo. A carretera trouxo o progreso a este recanto de paz

que, hai sete anos, semellaba o cabo do mundo.

Sargadelos, universidade de verán

Cumprida a obriga de acudir a San Andrés de Teixido, dirixímonos a O Vicedo. O orballo e a néboa deixaron paso a un ceo limpo e un mar verde-azulado. Contempla-la verdecente paisaxe de mestos piñeirais e eucaliptos e as miúdas veigas a carón das praias é unha regalía que acada o máximo interese en chegando a Viveiro, a xoia das rías lucenses.

Pero viaxar pola costa de Lugo e non se achegar a Sargadelos soamente se pode interpretar como un erro ou unha falla de información. O importante complexo industrial, creado a fins do XVIII por don Antonio Raimundo Ibáñez, morto tráxicamente en Ribadeo no ano 1809, renaceu hai poucos anos para se converter nunha moderna fábrica de cerámica e no Laboratorio de Formas de Galicia, a carón do cal xurdiron empresas culturais como Ediciós do Castro e o Museo Carlos Maside, celebrándose, ademais, xuntanzas de sociólogos, historiadores, economistas e semiólogos para estudia-la problemática de hoxe en día e aportar ideas. Todo iso nun marco incomparable de belezas: o Paseo dos Enamorados, o bucólico río Xunco, os fornos das antigas Reales Fábricas de Sargadelos e o Pazo, que mereceu ser declarado Conxunto Histórico Artístico.

Isaac Díaz Pardo é o artífice do rexurdir artístico e industrial do novo Sargadelos. Incansable traballador e animador da Universidade de Verán, como calificou Alonso Montero ás xuntanzas culturais de Sargadelos, acolleunos con agarimo afervoadado. Paco Fernández del Riego, vello amigo e compañeiro de Ánxel Fole, era o primeiro conferenciante da X Experiencia Estival que se desenvolvería durante o mes de agosto e á cal acudiron cursillistas españois e estranxeiros para escoitar destacados ponentes da problemática actual, das artes, da cerámica...

Rematada a disertación de Fernández del Riego, que fixo unha brillante exposición sobre as Letras Galegas, abriuse un coloquio no que interviu o ilustre académico de Lugo. As súas ideas foron esclarecedoras e amenas. Co fino humor que distingue ó autor de «Terra Brava», respostou preguntas con intención. O tema político resolveuno felizmente.

«Mire vostede —contestoulle a un interlocutor— un amigo escribiulle a outro pedíndolle a súa opinión política e, por resposta, recibiu un folio chamuscado nas puntas. O amigo decatouse axiña do verdadeiro senso da carta que acababa de recibir: o papel chamuscado —cismou con acerto— quere dicir que a política está que arde».

Inesquecible xornada, primeira deste ano, a que pasei con Ánxel Fole. Un anxeio

cumprido —a romaxe a San Andrés de Teixido— e a visita a Sargadelos, foco cultural da Galicia estival.

«Boletín do Centro Galego de Barcelona», xaneiro 1982

OS PEARES, POMBEIRO E SAN ESTEBAN DE RIBAS DE SIL

Cantas veces viaxei en tren polas depresións do Sil, xigantesca congosta no fondal da agreste orografía fendida case en vertical na «Ribeira Sagrada», ó ver por uns intres o mosteiro de San Esteban no cimo da montaña, sempre sentín anceios de visita-lo vello cenobio. Este ano realizouse o meu desexo. Tras curtas paradas no convento de Ferreira de Pantón e Masid, visitámo-las ruínas de San Esteban, a bisbarra de San Vicente de Pombeiro e Os Peares. Ánxel Fole, unha vez máis, foi o ilustre acompañante, o Benxamín Andrade o amigo «conductor» das nosas peregrinaxes estivais de costume e o Nicanor Rielo Carballo, capelán de FENOSA nos Peares dende hai 22 anos, o anfitrión e cicerone.

Nicanor Rielo, investigador e publicista

O crego Rielo Carballo, nado en Arcos de Frades (Pol-Lugo) é un home inqueda pola cultura e un publicista estudioso da Historia e da Arte do noso pobo. Aproveita os intres libres do seu ministerio para investiga-lo románico galego, a toponimia, o léxico, os costumes e a dialectoloxía das nosas bisbarras. É conselleiro e corresponsal da revista «Encrucillada», membro do «Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos» e do «Patronato do Museo do Pobo Galego». Coopera na «Gran Enciclopedia Gallega» na sección de arte románico e fai biografías de cregos lucenses. Traballa, con Elias Valiña e outros investigadores, no «Inventario Artístico da Provincia de Lugo» e colabora no «Boletín do Museo do Bispado de Mondoñedo», que dirixe o canónigo Santos San Cristóbal Sebastián e que patrocina a Fundación Bardé de la Maza. Ten publicado, en «Cuadernos de Estudios Galegos» a «Monografía da Parroquia de San Miguel de Oleiros» e a Editorial Castrelos editoulle «A Romaxe do Faro», unha recolleita de cantigas populares con estudos do santuario e das peregrinacións á famosa ermida. Tamén publicou «Escolma de Carballedo» (literatura popular da comarca, coplas refráns, etc.), «Vocabulario Gallego de Arcos de Frades» (galardonado co segundo premio en Santiago) e unha separata de «Cuadernos de Dialectología y Traducciones Populares» (Madrid-71), titulada «Refranero de Carballedo».

Outros traballos

Na mesa do Nicanor amoréanse milleiros de fichas de temas históricos e etnográficos. A biblioteca está ateigada de libros. A máquina de escribir, en canto chegamos, deixou de teclear.

«Cada día —afirma o amigo Rielo Carballo— escribo durante un mínimo de cinco horas. Teño moitísimo traballo porque urxe remata-la publicación do «Inventario Artístico de Lugo y su Provincia» e, ademáis, estamos a prepara-lo «Inventario Arquitectónico», para o Ministerio de Cultura».

A súa mellor arma de traballo é, segundo propia confesión, pisar tódolos recantos de interese. E engade:

«Valiña, Reboredo, Coello, etc., cada un de nós, adicámonos a determinadas comarcas. Non deixaremos unha capela nin un anaco da xeografía da nosa Terra sen visitar. De canto temos publicado, lamentablemente, a metade é historia, porque xa desapareceron moitas das obras de arte que catalogamos».

Nicanor Rielo tamén está a facer un traballo de investigación sobre o libro impreso en Lugo denantes do 36. Ten mercado moitos documentos e bibliotecas e conseguiu publicacións de interese como, por exemplo, os vinte primeiros tomos do Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Un dos seus achádegos principais foi a Historia de Galicia, de Murguía.

«Remexendo nunha librería de vello —explícanos o Nicanor— atopei esta Historia de Galicia, completa por certo, que fixen encadernar eu. Son a totalidade das entregas, con abondosos avisos e comunicacións para o comprador, poñéndoo ó tanto de cómo ía a publicación e dos atrancos que motivaron a Soto Freire a para-la edición no segundo tomo».

A ribeira sagrada do Sil

Visitar tantos lugares cheos de historia, coñecer en poucas horas os monumentos máis característicos da bisbarra e recorre-las cobregantes estradas que agatuñan polos recortados picoutos que xorden do leito do Sil, sería utopía, de non contar cun guía coma o Nicanor. El ten tripado tódolos camiños da costaneira comarca. El coñece tódalas aldeas, capelas e eremitorios. Sabe coma ninguén dos costumes, das labouras, das festas e dos atrancos que están a vivi-las xentes dos máis lonxanos lugares de todo o contorno. Da historia, da xeografía, da etnia, das tradicións e da vida monacal de Pombeiro, deixou constancia no

libriño «San Vicente de Pombeiro», editado baixo o patrocinio de Xosé Vázquez, párroco do vello Priorato.

Pola estreita carretera empoleirada sobre a vía férrea, rodamos a modo cara o cenobio, entre penas enormes traballadas pola erosión, pequenas fragas, viñas en sucusco, produtoras dos célebres «San Mamede» e «A Cabreira», miúdas veigas ricas coma as de Amandi e Ribas de Sil... Pero escoitemo-las explicacións do Nicanor.

«A «Ribeira Sagrada», na alta Idade Media estivo inzada de eremitorios coma os de San Cosme da Fraga e San Xoan de Cachón, que conserva unha inscrición do século X na que se alude ó abade Franquila, que máis tarde gobernou o mosteiro de San Esteban e o de Celanova; os de San Pedro, de San Bartolomeu e de San Xoan Degolado, que algúns coidan orixinario do mosteiro de Pombeiro. Neste eremitorio consérvanse dous sartegos antropoides excavados na pena granítica e unha pedra coa inscrición «Ora Frater Áster Alfape», que moitos eren referida ó abade Asterigo, herdeiro dos bens da rainha Gotona, viúva de Sancho Ordóñez. Tamén se conservan restos doutros moitos eremitorios, coma o de San Miguel de Canal, que logo foron absorbidos polos cenobios de Pombeiro e de San Esteban».

San Vicente de Pombeiro

Xosé Vázquez é o párroco de San Vicente. Un crego novo aínda, consciente da importancia artística e monumental da igrexa basilical de tres naves cos respectivos ábsides do máis puro románico, unha torre redonda medieval e portadas harmónicas que datan do século XII ou da primeira metade do XIII. Con respecto pola obra dos nosos devanceiros, construída baixo modelos borgoñeses escolmados por Cluny para os seus mosteiros, admirámo-los capiteis de vexetais, de animais fantásticos e de cabezas humanas. É de salientar tantos motivos escultóricos finamente trazados; arcos de varia decoración, rosetas, axedrezados, figuras xeométricas, saeteiras, o retábulo maior barroco coa escultura de San Vicente e as ben logradas tallas de Santa Apolonia, San Sebastián, San Roque e San Xoán Bautista de rica policromía. Outros catro retábulos —o máis anergo de fins do século XVI— resaltan pola boa conservación e pola variedade ornamental, con escenas da vida de San Bernardo e imaxes dos santos padres da Igrexa. Entre as xoias de orfebrería destaca un incensario gótico de prata e unha interesante cruz procesional.

A casa rectoral, de tres plantas, ten a nobreza dos grandes pazos galegos do século XVIII. As súas dependencias son amplas e as portas, os armarios e as fiestras están traballadas con fino gusto popular.

Namentres Ánxel Fole descansa un intre con don Xosé, visitámo-lo modélico invernadeiro de arrecendentes claveis.

«O Xosé —dinos Rielo Carballo— máis coñecido por «abade do priorato» a pesar de que hoxe en día o vello cenobio é unha parroquia coma tantas outras da diócese lucense, é un home de grande actividade. Ademais de se adicar ó seu ministerio e á conservación da obra arquitectónica que acabades de ver, foi o primeiro propagador de invernadeiros nesta bisbarra. Moitos dos seus feligreses dedícanse a producir tomates e pimentos que representan unha nova fonte de ingresos para as súas economías».

Pouco imaxinabamos que, a carón do granito pulido polos nosos canteiros, íamos atopar tan moderno sistema de produción, gracias ó progresista crego de Pombeiro.

Orixe dunha vocación galeguista

Despois de xantar en Casdavi de Abaixo, a sobremesa alongouse escoitando as solucións léxicas que don Ánxel daba dos topónimos do lugar e Rielo Carballo explicou a orixe e a historia de Os Peares.

Este pobo está formado por O Torrón, que pertence ó axuntamento de Pantón; A Granxa, que naceu coa chegada do tren e depende de Carballedo; Casdavi de Arriba e Casdavi de Abaixo, onde se encontra a igrexa de Nosa Señora do Pilar dos Peares, do concello de A Peroxa, e O Mesón, dependente de Nogueira de Ramuín. Os catro núcleos deron orixe a Os Peares, fundido no pregamento xeolóxico formado polos montes de Bazal, A Picota, A Moura e Beacán. O problema administrativo deste pobo, onde se mesturan as augas do Miño, o Sil e o Búbal formando unha cruz perfecta, é grande porque repártense dúas provincias, tanto no civil coma no eclesiástico: Lugo e Ourense».

Non é doado atopar na nosa Terra cregos vencellados á problemática do seu pobo. Todos sabemos dos atrancos que eles atoparon nos seminarios onde se estaba a seguir unha política castelanizante. A orixe do galeguismo de Rielo Carballo é aleccionadora.

«Un ano —di o amigo Nicanor— polas vacacións de Nadal, estabamos á mesa os seis irmáns, os pais e a tía Dídica. A min ocurriúseme falar en castelán e ela botou unha enorme gargallada que me fixo decatarse do ridículo que era renegar do idioma dos antergos. Logo, a lectura da Revista Finisterre e de libros acerca de Galicia, que o esgrevio Vázquez Saco levaba á biblioteca do seminario, arrequeñaron e afirmaron estas devocións que teño e a miña entrega ó galeguismo foi medrando intre a intre».

A anécdota é chocante. Se tódalas mulleres galegas fixeran o mesmo non existiría

tanto complexo de inferioridade entre as nosas xentes. O Nicanor asimilou ben a lección da súa tía e as primeiras experiencias en Seivane do Caurel nos «Movimentos Rurais», que orixinaron a súa total entrega ó estudio da cultura autóctona.

San Esteban, magoante ruina

Nós, conscientes dos profundos saberes que Rielo Carballo ten da «Ribeira Sagrada», aproveitándonos da súa bondade, non lle demos vagar para o descanso e, baixo un sol esgotador, subimos, pola estrada construída por «Saltos del Sil», a fraguenta costa chea de reviravoltas ata chegar á muralla, con garitas decimonónicas, que pecha o recinto e o souto do vello cenobio en ruínas. No amplo adro fixemos unhas fotos con Ánxel Fole e, logo, o Nicanor acompañounos no recorrido monumental.

«Esta fachada da igrexa —explica o amigo— con capiteis en forma de pirámide, non é nada común en Galicia. Outra nota pouco frecuente é que a ábside central é máis baixa cas laterais.

O claustro das Procesións é do máis puro estilo renacentista. Tamén é moi interesante o claustro pequeno; pero o máis importante é o dos Bispos, románico de fins do século XII, con capiteis de motivos vexetais, bóveda nervada estrelada, gárgolas de animais fantásticos, pináculos, águilas, soportes típicos do gótico... San Esteban de Ribas de Sil é un florilexio de estilos: románico, gótico, isabelino, renacentista, barroco...»

Do gran mosteiro, practicamente só fican en pé a igrexa e as paredes exteriores. É doroso contemplar tanta arte estragada polos elementos atmosféricos. ¿Como é posible que a Administración non reconvirta estas alfaias en Hospederías, Escolas Profesionais ou Centros de Cultura para empecer que se esborralen?

Coa ledicia de ter satisfeito un anxeio longamente agardado, deixamos San Esteban e, por Luíntra, nova capital do concello de Nogueira de Ramuín, onde se ergue o monumento ó afiador, do escultor Manuel Buciños, baixamos ós Peares por unha paisaxe de fantásticas panorámicas e lugares típicos como Penalva e a fonte do Corbal, de auga sabedeira e de vellas tradicións.

Unha aperta cordial e un «ata logo» son o remate dunha xornada inesquecible co amigo Nicanor. E, pola ribeira do Búbal, seguimos a Chantada e achegámonos á Torre de Arcos, que fora propiedade dos devanceiros do noso ilustre acompañante, e voltamos á Cidade do Sacramento cavilando en artellar novas excursións.

«El Ideal Gallego», 3-1-1982

«El Progreso», 25-1-1982

SANTA MARÍA DE SOBRADO DOS MONXES

O noso propósito era viaxar a Sobrado dos Monxes e don Ánxel escolleu a rota a seguir, acertada por certo. A min agradoume porque o arroteo proposto polo académico colmaba o anxeio que eu sentía por visita-las Penas de Rodas, a raíz dun artigo que lin do gran amigo Xulio Xiz sobre a comarca de Gaioso. Ó Benxamín, entusiasta daquela bisbarra, agradoulle tamén a idea.

Dende Lugo dirixímonos a Rábade e, por Astariz, seguimos á Ponte de San Esteban de Uriz, no río Ladra, para subir por unha zona de penedos graníticos onde puidemos admiralo traballo artesán dun grupo de canteiros.

Xa no cimo do monte, inzado de carrascos, toxos e carqueixas, retratámo-las dúas enormes «rodas» esféricas que, dende séculos, mantéñense en equilibrio, insensibles ós elementos e á tradición popular que fala da súa orixe moura, do ouro e do alquitrán que encerran. As Penas de Gaioso, orixinal monumento cincelado pola erosión secular, érguense coma vixías na largacía Terra Chá.

Dende Ousá, lugar ermo no que só medran xestas, uces e toxos, descendemos por Cotá —terra de queixos gorentosos— á fértil veiga de Friol regada polo río Narla e, sen nos deter na fortaleza de San Paio, subimos ó Marco das Pías, lindeiro da provincia de Lugo e A Coruña, onde nacen os ríos Mandeo, Tambre e Furelos e, por Mesón e A Nuqueira, chegamos á pequena lagoa do mosteiro de Santa María de Sobrado —un dos máis poderosos cenobios do Císter en Galicia —fundado polos condes Hermenegildo e Paterna no ano 952 no condado de Presaras.

Impresionante reconstrucción

Nas dúas ocasións anteriores que visitara o mosteiro, un catalán de Reus —Frei Pedro— estaba ó cargo da portería. ¡Con que atención escoitaba as miñas novas de Catalunya e que satisfacción a súa ó falarmos en catalán! Esta vez, por mor da súa avanzada idade e escasa saúde, non puiden conversar co amigo. Na actualidade é porteiro un monxe novo, oriundo de Santander que ¿quen o ía dicir? fala o galego correctamente. Con el fixamos unha hora para visita-lo convento despois de xantar. Frei Iñaki Aranguren había se-lo noso

cicerone.

A sobremesa foi longa demais —Fole é tan ameno conversador que o tempo ó seu carón foxe decontado —e cando voltamos ó mosteiro, frei Iñaki non nos puido recibir de inmediato. Cun folleto-guía, encetámo-lo recorrido visitando o claustro dos Pelegríns, do século XVII, reconstruído case na totalidade en 1972, e o dos Medallóns, relacionado con persoeiros do mosteiro; a Cociña, con arcos de medio punto, bóveda oxival e catro columnas arredor da lareira; a Sala Capitular, do século XII, reconstruída en 1965, e a igrexa, obra impresionante de Pedro de Monteagudo, edificada hai trescentos anos, de planta de cruz latina con tres naves, 85 metros de longo, a cúpula a 35 metros de altura con catro fermosos escudos e as cruces das órdenes militares; ó fondo, a bóveda co coro alto, de construción plana e, no presbiterio, o coro tallado no 1606 por Juan Vila e Gregorio Español, que pertenceu á catedral de Santiago e a San Martín Pinario, antes do seu traslado a Sobrado.

Facho de cultura galega

Estabamos a recorrer-la Capela do Rosario, maravilla barroca atribuída a Domingo de Andrade, cando se nos achega frei Iñaki. Ficamos aglaiados. Iñaki Aranguren, que é vasco, tamén fala un galego perfecto. Ós 42 anos, sendo crego da diócese bilbaína, profesou no convento de Santander e, dende hai sete anos, é relixioso de Sobrado. El é o responsable do ensino de música e dá clases de espiritualidade ós novicios. Na actualidade está a traducir ó galego o Misal do Oficio Romano, formando parte dun equipo de especialistas e intelectuais entre os que se atopan Torres Quiruga, Carlos Casares, Ramón Piñeiro e un profesor do Instituto da Lingua Galega.

Acompañados por frei Iñaki, visitámo-la Capela de S. Xoán Bautista, do século XII, e a Sacristía renacentista, de Juan de Herrera, de Santander, e entramos no refectorio da Hospedería, onde conversamos longamente co noso guía diante duns pociños de arrecendente café.

Coido interesante coñece-la realidade de hoxe en día do cenobio cisterciense, pois o pasado atópase nunha chea de libros, folletos e incluso teses doctorais, como a publicada pola Deputación de A Coruña, da profesora M. C. Pallares, que abundan para satisfacer os anxeos de calquera esculcador da historia, da arte e dos avatares do mosteiro. Frei Iñaki, home de diálogo fácil e fundamente humano, contesta con sinceridade e non refuga aclarar conceptos e dúbidas. Ó se referir ó noso idioma, confesa:

«A miña primeira impresión da lingua galega foi moi peiorativa. O vasco é distinto e

sen raíces comúns ó castelán. Ó achegarme ó galego, nos primeiros intres pensei que era unha lingua románica máis, con grandes semellanzas ó castelán; pero logo comprendín a grandeza da alma que leva dentro, os xiros, as comparacións e a diversidade do galego en temas como os amorosos e os tristes. O que máis admiro do idioma galego é o seu gran poder de descripción e o seu contacto coa natureza».

Frei Iñaki déixanos un intre para voltar axiña con «Terra Brava», de Ánxel Fole, namentres Xaime Lamas, o encargado da Hospedería —primeiro monxe que profesou en Sobrado con ritual en lingua galega— serve máis café e unhas copas de «país».

«Don Ánxel —dixo frei Iñaki— este é o primeiro libro que lin en galego. Ten que adicallo á Comunidade». «Sí, señor!»

E o académico deixou constancia do seu paso polo convento cisterciense cunha agarimosa dedicatoria ós monxes de Santa María de Sobrado.

Novo rexurdir espiritual

Todos lembramos que Sobrado dos Monxes era un gran monumento en ruina e tamén recordamos ó P. Cid cando, no ano 1953 chegou a Sobrado con outros dous monxes coa ilusión de restaura-lo que semellaba imposible.

Con aportacións populares, de Belas Artes e de organismos oficiais, o milagre realizouse no día do Apóstol do ano 1966, cando se instalaron no convento os primeiros monxes procedentes de Vía Coeli, de Cóbreces.

«O anxeio do P. Cid, que xa cumpríu 92 anos e, na actualidade, reside en Santander, —afirma frei Iñaki Aranguren— convertiuse en realidade. Sobrado ten 20 relixiosos: doce monxes profesos solemnes, dos cales seis son sacerdotes, cinco novicios e tres postulantes. Sentímonos moi optimistas de cara ó futuro porque nótase unha tendencia dos xóvenes a volver á oración e á vida espiritual, quizabes por reacción contra tanto materialismo de falsas liberdades valeiras de senso humano que rematan en opresión. Temos Hospedería aberta a toda clase de xentes para facer Retiros Espirituais, pero o máis confortador é ver que veñen moitos universitarios cos seus monitores relixiosos a pasa-los fins de semana coa nosa Comunidade».

Ora et labora

Os monxes cistercienses en España teñen os cenobios de Vía Coeli (Cóbreces-

Santander), Oseira (Ourense), San Isidro de Dueñas (Palencia), San Pedro de Cárdena (Burgos), Santa María de Huerta (Soria), Santa María de la Oliva (Carcastillo-Navarra) e moitos máis de monxas por toda España. En Galicia só hai unha comunidade de relixiosas: a de Ferreira de Pantón (Lugo). O convento de Sobrado non é abadía, aínda que o podía ser, xa que abonda unha comunidade de doce monxes para nomear un abade. O prior titular de Sobrado é o P. Salvador Toro. O Abade Xeral da Orde reside na Casa Xeneralicia de Montecistello (Roma) e o P. Xosé María Prada — monxe de Sobrado— é Conselleiro Xeral de España. Nos diferentes mosteiros do Císter cada monxe ten encomendada unha tarefa determinada e, todos, un horario a cumprir.

«O noso lema —explica o P. Iñaki— é ORA ET LABORA. Temos seis horas de traballo, sete de acougo, cinco de oración e seis de «lectio». O traballo dos monxes, en Sobrado, é o propio da Hospedería e o do coto que ten 40 hectáreas de pradería. Temos 110 cabezas de gando e dous tractores. Nos corremos con todo, agás determinados traballos que están ó cárrego de dous empregados. Tamén poñémo-la man de obra nunha sociedade particular de salchichas de Frankfurt, que ten o seu obradoiro nunha das dependencias do mosteiro. A Nosa Orde non é mendicante e, por esa razón, debemos valemos economicamente por nós».

Vencellados coa terra

En ocasións temos oído críticas á Comunidade cisterciense de Sobrado. Frei Iñaki non refuga o tema e suliña:

«Nos pagámo-los nosos tributos coma calquera cidadán. O bispado cedéuno-lo mosteiro, que fora mercado polo cardeal Paya, e as terras que temos en propiedade foron adquiridas en tres subastas e cedidas polos seus donos ó mosteiro. Certamente, hai que ter en conta que o convento é o máis rico do pobo. A Xente sabe que vivimos pobrementemente aínda que somos ricos. En parte, teñen razón; pero tamén ven o noso xeito de vida e o trato que lles damos. Decatáronse da realidade e, se nos primeiros anos existían certos recelos, agora temos unha convivencia e un trato máis cordial e considéranos coma uns vecinos máis. A participación da xente na Eucaristía, que celebramos en galego tódolos días santos, é unha demostración de que enraizamos no pobo. Nos —engade— fixemos Voto de Estabilidade ademais dos normais de Pobreza, Castidade e Obediencia. Xa non podemos cambiar de convento a non ser que, voluntariamente, aceptemos facelo para fundar outro. Somos galegos porque nos encarnamos en Galicia e viviremos para sempre vencellados a esta Terra».

Pensabamos que a lagoa é unha fonte de grandes ingresos para a Comunidade de Sobrado. Frei Iñaki Aranguren aclara:

«A lagoa é nosa; pero aínda está en mans de ICONA, que nos concede o dereito a pescar cincocentas troitas. Os beneficios, como poden ver, non son tan farturentos».

Agradable velada a que pasamos en Santa María de Sobrado dos Monxes.

A chamada á oración interrompe o ameno diálogo e unhas fotografías, diante da fachada barroca da monumental igrexa, son testemuño da visita turística e cultural.

«TREBOADA», do Centro Galego de Barcelona, Marzo/Abril, 1982

«El Ideal Gallego», 4-IV-1982

MONSEÑOR ALDEGUNDE, ARCEBISPO DIMISIONARIO

Monseñor Aldegunde reside con dúas irmás —Maruxa e Teresa— na casa natal de San Cristobo de Chamoso a once kilómetros de Lugo, na radial Madrid-A Coruña. escoitar ó arcebispo, segundo de trece fillos dun matrimonio fundamente católico, é un pracer. Con mente lúcida recorda a infancia feliz, chea de algarabía garuleira con tantos irmáns dos que, hoxe, soamente viven cinco. A pesar de ter cumprido 85 anos, coma quen vai tecendo unha peza artesán, lembra datas e intres da súa longa vida de home coñecedor de xentes de toda condición —desherdados e persoas marxinas, grandes figuras das letras e da política, dignatarios relixiosos e filósofos— e con naturalidade de mestre afeito ó discurso e ó ensino, fala dos seus recordos tal se foran feitos recentes. Os estudos de Humanidades no Colexio Seráfico de Herbón (Padrón), a escasa saúde que tiña ós dezaseis anos e que puido malograr a súa carreira...

«Para recuperarme —recorda— tiven que voltar ó fogar paterno e a familia aconselloume que deixara o convento e que seguira a carreira sacerdotal. Por prescripción médica, leváronme á Coruña, cabo duns familiares, para tomar duchas de auga do mar nunha casa de baños preto de Riazor. Os meus parentes propuxéronme que quedara con eles. A cidade tentábame e incluso cheguei a sentir interese por ver unha corrida de touros; pero dous días antes da súa celebración, unha voz interior fíxome recapacitar e deixei A Coruña para reingresar no convento de Herbón. A vocación é a inclinación ou preferencia que se sente por unha forma de vida sempre que se reúnan as condicións necesarias para realizarse no estado escollido. Eu, dende o meu ingreso no Colexio ós trece anos, non dubidei endexamais de ser relixioso».

Superádo-los estudos de Humanidades, frei Francisco cursou Filosofía e Teoloxía no Escolasticado de San Francisco de Santiago, convertido en Seminario de Misioneros para Terra Santa e Marruecos, por acordo especial da Santa Sé e do Goberno Español no 1854.

«Despois da Lei de Exclaustración de Mendizábal— explica o señor Arcebispo— e antes de que se restauraran as Órdenes Relixiosas en España, os irmáns García Pan estableceron unha Testamentaría. Pedro Casal, franciscán exclaustrado catedrático da Universidade compostelana, era un dos testamentarios e, coa fortuna herdada, mercaron o convento. Alí —engade monseñor— rematei os estudos superiores eclesiásticos; pero non puideron ordenarme sacerdote en Santiago porque o cardeal Martín Herrera, de moi avanzada idade, xa non confería Órdenes e o bispo auxiliar, doutor Balbuena, morrera por aquelas datas. Tal foi a razón de que me consagrara presbítero frei Plácido Rey Lemos, pastor de grata lembranza da diocese lucense, no ano 1922 no convento de San Francisco de Lugo».

Brillante carreira eclesiástica

O Superior Provincial decatouse axiña das condicións óptimas que reunía para a docencia e propúxolle que fora a Roma para se especializar en Filosofía. Frei Francisco aceptou e na Cidade Eterna asistiu ás clases dictadas por destacados catedráticos dos que garda gratas lembranzas, en especial, do P. Agustín Gemelli, médico famoso e gran filósofo que, convertido ó catolicismo, tomou os hábitos de San Francisco e foi o fundador da Universidade Católica do Sagrado Corazón de Milán.

A penuria da posguerra, a falla dunha mantenza axeitada, as calores do «ferragosto» romano, unha continuada epistaxe que padecera durante a primavera e a entrega total ó estudio, debilitaron a saúde de Frei Francisco, que voltou a Santiago onde dictou filosofía os anos 25/26 e 26/27, curso que non puido rematar, por enfermidade. Tras unha tempada no convento de Lugo, recuperado totalmente, reintegrouse á súa Cátedra no ano 31 e no outono de 1932 formou parte dunha misión de inspección por hispanoamérica. Durante dous anos deu clases para externos en Potosí (Bolivia) e, no mes de xaneiro de 1936, regresou a España para ocupa-lo cargo de vicerrector do Colexio de Santiago.

«Por aquelas datas —confesou— non me sentía satisfeito porque tiña que compartir os cargos de Definidor e Delegado Provincial da V. O .T. co ensino de Filosofía e non podía entregarme de cheo, como eu quixera, á formación dos meus alumnos».

No ano 1941, frei Francisco Aldegunde foi elexido Superior Provincial e, tres anos máis tarde, chegoulle o nomeamento de Definidor Xeral da Orde Franciscana, con residencia

en Roma, cargo do que tardou dous anos en se posesionar por mor da Segunda Guerra Mundial. No 1947, a Santa Sé promoveuno ó episcopado, como bispo coadxutor con dereito a sucesión do P. Xosé Betanzos, Vicario Apostólico de Marruecos con residencia en Tánger. O 27 de Nadal de 1948, data do pasamento de monseñor Betanzos, pasou, pot dereito, a se-lo novo Vicario Apostólico.

Frei Francisco Aldegunde estivo ó frente dos católicos de Marruecos preto de trinta anos. El iniciou a publicación do Boletín do Vicariato e a el débese a construción da fermosa catedral de Tánger. Durante o seu goberno, a Santa Sé premiou a florecente comunidade católica marroquí transformando o Vicariato en Arcebispado.

«As nosas dificultades —asegura don Francisco— non foron endexamis de orde pastoral. O pobo musulmán é moi tradicional e a miña obsesión foi sempre non causar problemas ás autoridades que, por certo, considerábannos ben, inda que eramos estranxeiros. En cantos tratados se suscribiron entre Marruecos e España, a Misión Franciscana sempre recibiu un trato de favor».

Acatando as normas do Concilio Vaticano II, o Arcebispo Aldegunde renunciou á súa Diocese ó cumpri-los 75 anos; pero aínda seguiu outros tres ó frente da mesma ata que, na Asamblea Misionera celebrada no ano 74, sufriu un infarto e a nova petición de relevo «lamentando non poder atender tanto labor que aínda estaba por facer», foi aceptada por Pablo VI. «Eu mesmo —engade monseñor Aldegunde— dei posesión do Arcebispado ó meu sucesor, o P. Carlos Amigo».

Respetuosa lembranza do seu irmán Luis

Na residencia de monseñor Aldegunde respírase sinxeleza franciscana. A sala de estar, cunha gran estantería de libros de Teoloxía e Filosofía, biografías de Santos, obras dos doutores da Igrexa e libros galegos a carón da «Guía de Galicia», de Otero Pedrayo, é acollidora. Está presidida polo retrato do seu irmán Luis e o diploma acreditativo do premio por el conquirido nos Xogos Florais de Lugo, cando era estudante, polo traballo «Episcopado lucense».

«O Luis —dinos con respecto e agarimo o señor arcebispo— era o irmán maior. Morreu ós sesenta e nove anos, o 2 de Nadal do 59- El era un crego moi dado ós estudos históricos e afervoado investigador do idioma galego. Nas comarcas de A Fonsagrada, Becerreá, Santa María de Saa (Pallares) e en Monforte de Lemos, onde exerceu o sacerdocio, escolmou milleiros de refráns, moitos dos cales publicounos no Diario Astorgano. Gardo a

correspondencia que mantivo con Vaamonde Lores, membro da Real Academia Gallega, e por ela deduzo que alí debe haber moita obra que mandaba para completa-lo Dicionario de Valladares. No meu poder teño unha parte do seu traballo —preto de mil refráns— e non renuncio a facer unha visita á docta Corporación que preside Domingo García-Sabell, a quen coñecín en Santiago cando eu daba clases e el xa era un médico de sona. Coido que nos arquivos da Academia atópanse moitos dos traballos de investigación filolóxica do meu irmán».

Encontro con Ánxel Fole

Para falar das Letras Galegas, sobre todo en Lugo, é imprescindible evocar a Fole. Monseñor Aldegunde, que leu a obra do prosista lucense, desexaba coñece-lo persoalmente. Don Anxel, cando lle falei do anxeio do arcebispo, tamén sentiu interese de falar con el e, na primeira ocasión que tivemos, acompañeino á casa de frei Aldegunde que nos recibiu con grande ledicia.

Longas horas de conversas semelláronme un intre. As pesquisas etimolóxicas non podían faltar. ¿Cal é a orixe de Aldegunde? ¿É unha forma xermánica? ¿Ten relación con «Aldegundi», aldea de A Coruña? ¿Proven do «alt-cómitis» latino? Fole, estou seguro, dará coa solución. Tamén se falou da Igrexa, de Filosofía, do problema árabe palestino, dos xudeos... Lembrouse con respecto, case coma unha homenaxe, a Alvaro de Las Casas, Mosquera, Castelao, Alexandre Bóveda e o galeguismo dos trinta.

«Eu —recordo o arcebispo— dixen a Misa no panteón de Rosalía de Castro, en Santo Domingo, a primeira vez que se celebrou o Día de Galicia. Por certo que a miña plática, en galego, non foi do agrado de don Ramón Otero Pedrayo porque denunciaba algunhas chatas do Estatuto do 36».

Canto se falou daqueles anos enloitados pola loita fratricida. Cadaquén pode escolmar diferentes xeitos de trata-la problemática galega; pero o importante é que o pobo, os cregos, os intelectuais e os políticos tomen conciencia de que é imprescindible traballar polo desenvolvemento cultural, técnico e humano de Galicia. O P. Francisco Aldegunde participa nestas nobres inquedanzas e a proba é que, a pesar dos anos, aínda adica longas horas á investigación da etnografía galega e a ordena-la obra do seu irmán. Tamén está a remata-la biografía do investigador e poeta en lingua galega, P. Lucio M.^a Núñez, de Vilafranca do Bierzo. O que moito sinte é a desaparición do traballo que mandou a concurso ó Ministerio de Educación, co gallo do cuarto centenario do nacemento do ilustre filósofo do século XVI,

Luis Vives, obra que foi distinguida con Mención Especial, segundo consta no Boletín Oficial do Estado. Mandara tres exemplares a Madrid para seren publicados polo «Consejo Superior de Investigaciones Científicas» e, incomprensiblemente, perdéronse.

En Barcelona, Manuel Blanco Castro tíñame falado afervoadamente de monseñor Aldegunde e este ano, que coincidimos en Lugo durante as vacacións, el foi quen me presentou ó arcebispo. Agora que tamén eu fixen amizade con frei Francisco Aldegunde Dorrego, non me estraña que o amigo Manolo sinta tamaña veneración polo seu antigo Superior Provincial.

Boletín do Centro Galego de Barcelona, 16-X-1982

DE LUGO A SARGADELOS CON FOLE E NOVONEYRA

Fermosa viaxe a que fixemos de Lugo a Sargadelos co académico Ánxel Fole, co poeta do Caurel, Uxío Novoneyra, e con Benxamín Andrade. Longa e instructiva a conversa que tratou de poesía, da paisaxe, das orixes léxicas dos topónimos e ata da evolución do «homo sapiens». Chispeantes ocorrencias de don Ánxel como a que tivo ó chegarmos a Trobo onde, segundo el, hai anos aínda se podía ler no cruceiro: «Aquí están os nosos osos agardando polos vosos»; atinadas observacións de Uxío en ollando as lombas dos montes, noutrora cos vivos amarelos das retrebas, que perderon intensidade e presentan unha cor cincenta e tristeira por mor do abandono e de non haber quen as traballe. «Non hai moitos anos —afirmou don Ánxel— non era difícil ver tolas a fumegar. Tolas proven do latín «combusture, combustum» e quere dicir queimado, igual que «busto» e «bustelo»».

Tamén o Benxamín, en vendo unha mesta carballeira, explica a diferenza entre carballo «albar» —máis alto— e o «mourán» —de mellor cerna—.

«No Caurel —engadiu Novoneyra— hai unha clase de carballo chamado «rebola», de aí os nomes «Reboleira» e «Devesa do Rebolo». «Rebolo» é o carballo groso e grande».

Novoneyra prosista

As sesenta e seis curvas da carretera dende Abadín ata Mondoñedo, pasando polo alto da Xesta (540 m.), con impresionantes quebras de terreo e fondas veigas, transcurren doadamente, en agradable conversa.

¿Por que tes —preguntámoslle a Uxío— tan pouca produción poética?

«Últimamente adícome, máis ben, a facer pregóns e discursos. A poesía é unha arte para a que é mester un entusiasmo demasiado forte. A escritura de gran valía é a que se fai ós vinte-trinta anos. Raramente podemos falar de grandes poetas que escribieran despois dos corenta e cinco... polo menos que traían algo novo».

«Boa proba —engadiu don Ánxel apoiando a afirmación do poeta —témola en Rimbaud, que deixou de escribir ós 17 anos—. «Escribiche pouco, pero canta obra inutilizaches», díxolle un amigo».

É unha constante ver que moitos escritores que encetaron a súa carreira literaria escribindo poemas, pasáronse á prosa. O mesmo lle sucede a Uxío que, dende hai anos, destaca como pregoeiro en actos como o celebrado na Casa de Rosalía no ano 1979 co gallo, precisamente, da entrega do Pedrón de Ouro a Ánxel Fole; e os de Vigo, no día da Feira do Libro; de O Ferrol, na praza de Armas ateigada de público, e, recentemente, o de As Pontes, traballos que pensa publicar en libro co título «O Pregón de O Ferrol e outros discursos».

Homenaxe a Cunqueiro

O autor de «Os Eidos» e «Elexías do Courel» ten pedida unha antoloxía bilingüe dos seus mellores poemas por «Plaza Janés». Ultimamente, Edicións Xerais vencellou o seu nome á colección «Grandes Mestres» e xa publicou tamén o orixinal en galego noutra edición bilingüe de «Adonais». Novoneyra é un gran «decidor» de poemas: «case me gusta tanto — afirma dicir un poema como escribilo». Falamos de Rafael Alberti —outro gran «decidor»— e logo recita «Monumento á Ausencia», do autor de «Nimbos», Xosé María Díaz Castro, un dos seus poetas máis admirados. Tamén «dice» «A Brétema», de Noriega Varela, poema que el define «un soneto con aire, ritmo e música doce de montaña non courelá».

O baixa-las revoltas costaneiras cara á vizosa veiga de Mondoñedo, o poeta de Parada do Courel —el non di Caurel— recorda con agarimo ó gran vate mindoniense, Alvaro Cunqueiro e —como homenaxe— «dícenos» coa súa fermosa voz grave «No Niño Novo do Vento», poema autógrafo do chorado poeta que Uxío conserva como unha alfaia.

Elva fai poesía automática

Novoneyra, autor de poemas nacionalistas, políticos e de cantos á liberdade, escritor de saltos estilísticos fortes, maravillase diante da fachada do mosteiro de Lourenzá e, ó chegar a Espiñeira, agláianos coa súa confesión: «É a primeira vez —afirma— que vexo o

mar de Lugo». Outra cousa que non sabemos é que Elva Rey, a súa dona, tamén fai poemas. «Elva —dinos— sen ningún afán de publicar, escribe poesía automática, a toda velocidade, segundo pasa o pensamento, como unha banda do presente. O lector deste tipo de poesía percibe moi ben as vivencias e o ritmo da época en que está escrita».

Ditos do Caurel

Chegamos a Sargadelos. Isaac Díaz Pardo recíbenos coa hospitalidade e afecto de costume. Tamén témo-la dita de estreita-las mans do amigo Alonso Montero e, no Auditorio do Seminario de Estudos Cerámicos, asistimos á clausura da XI Experiencia de Sargadelos e regresamos á Cidade do Sacramento por Viveiro. No porto da Gañidoira (720 m.) os cabalos en liberdade invaden a estrada e a néboa recorre os picoutos.

«A esta néboa desfíañada —cóntanos Uxío Novoneyra— no Courel chámamoslle «burros da néboa», quizais porque semellan farrapos desfíañados do pelo dos burriños».

A posta do sol fai que don Ánxel se lembre das paisaxes do gran pintor lugués Blas Lourés «refinado pintor colorista —di— e profesor do Círculo das Artes». E Uxío cóntanos outro dito do Caurel: «Rubieis ó nacente, sol ó día siguiente; rubieis ó ponente, auga de repente». Pero o dito do Caurel non se cumpriu e chegamos a Lugo sen novidade.

«El Progreso», 31-X-1982

NAVIA DE SUARNA, A FONSAGRADA, A PONTENOVA E MONDOÑEDO

«Por máis que digan, non hai dúbida que o topónimo SAA ven de «Lousada»; FINGOI, de afincati; DOIRAS, pode vir de cadoiras, cascada; BECERREA, de Vecerniana; BRITA, de ovis, ovella. Por iso dicimos en galego: «Vaite pola brita», que quere dicir: vai pola vereda, ou camiño das ovellas. Hai etimoloxías ás que se lles aplica ben a lóxica. CELA, ven de celare, gardar, e CELEIRO equivale á palabra «silo» en castelán. Para mín a etimoloxía é unha distracción como para outros éo xogar ós naipes».

Don Ánxel sempre coa súa teima. Outro verán e novas viaxes, co mestre, o amigo Andrade e —nesta ocasión— co Macía, súmanse ós moitos que xa temos feito ó longo de varios anos. Hoxe falaremos da excursión a Navia de Suarna, A Fonsagrada, Vilaodrid, Riotorto e Mondoñedo. 250 kilómetros dende a saída de Lugo, de mañá cedo ata a noite, e moitas horas de conversa co académico, que sempre ten algo novo para contar.

Navia, acollidora e medieval, perdeu o medo ó asulagamento

En Becerreá que, segundo don Ánxel, ten luz eléctrica dende o ano 21 gracias a don Horacio, condono do Hotel Méndez Núñez de Lugo, torcemos cara Navia por unha estrada con moitas curvas, pero con bo firme. Pasamos por Ouselle —Ocerus nas escrituras antigas— Liber e San Martín de Riveira, patria do gran biólogo Enrique Santamarina, na veiga fonda e ricaz do río Navia, e chegamos a Cabana onde aínda podemos ver algúns trobos, ou cortizos, pequeaa mostra da importancia que tivo a produción do mel naquela zona en tempos recuados. Grandes montes de terreo cativo e escasas restrevas de centeo baixan ata a ribeira, noutrora famosa polos vinos, hoxe abandonada por mor da emigración.

Deixámo-lo troiteiro río Ser e entramos no profundo e estreito val da vila medieval de Navia de Suarna, tantas veces condenada a desaparecer polo antigo proxecto dun complexo hidroeléctrico. Navia é unha fermosa vila que ultimamente perdeu o medo ó asulagamento e decidiu erguer novas edificacións, incluso un moderno grupo escolar, a carón do castelo e da ponte, tamén medieval, orgullo do pobo.

Forestal desafortunada, falta de comunicacións e de protección oficial

A visita ó amigo Xosé López Díaz, que formou o seu fogar en Barcelona, é obrigada. El non desaproveita ocasión para acudir á súa casa natal, en Barcia. Coma tantos outros emigrantes —só hai que se fixar na gran cantidade de coches que circulan pola comarca con matrículas alleas —durante as vacacións o Xosé rébese facendo arranxos na casa, axudando no labor ó seu pai e matinando no día de mañá, que pensa voltar ó seu lugar de nacemento. «Iso é o segredo —dinos— do aparente progreso deste pobo. Gran número de emigrantes empregan os seus aforros aquí, fanse chalés, algúns empoleirados na vagoada do monte, cunha panorámica maravillosa. Hai anos, o viño destas ribeiras era abondoso, de pequena gradación pero ben sabido e gorentoso. Hoxe apenas collemos para o consumo particular, e o gando, que vivía en liberdade, mingou moito por mor da forestal que arramplou cos montes comunais. Con todo, o principal atranco do noso desenvolvemento foi a falla de comunicacións para dar saída ós produtos do agro e tamén a ameaza da presa que houbera anegado as mellores leiras. A industria é nula. Só hai un aserradeiro e un ferreiro. O comercio é cativo, pero o que non se pode negar —engade o Xosé con satisfacción— é que este pobo é unha regalía para o pescador e un lugar de «relax» para o veraneante».

Unha rúa de Navia está adicada a don Esteban Bilbao, que durante a República viviu confinado no pobo. «Era un home —asegura o noso amigo— de gran personalidade e moi querido por todos porque interesábase moito polos problemas de Navia. Vivía na casa do médico. A el débese a paralización do proxecto hidroeléctrico».

Antes de saír cara A Fonsagrada, facemos unhas fotos do castelo, que pertence ós herdeiros dun crego de Vilarello que se chamaba Xesús Louzado. Na actualidade, está alugado a varias familias do lugar. Unha vez máis, no noso peregrinar por terras galegas, sentímo-la dor de nos atopar diante dunha construción monumental dos nosos devanceiros falta da máis mínima protección oficial.

Vagoadas que son un namoro na agreste montaña oriental luguesa

En Barcia, no bodega do Xosé, gorentámo-lo sabedeiro viño da comarca e seguimos viaxe a Fonsagrada por montes ermos. Ó lonxe a serra dos Ancares. Máis preto, as lombas de Cervantes onde don Juan M.^a Quiroga, bisavó de don Ánxel Fole, tiña o coto das Barbeitas. Uces, millo secañeiro, horreos-pallosa a catro augas que semellan pagodas, árnicia á beira da carretera, de cando en cando carballeiras, algúns soutos, mestos piñeirais e un cemiterio que lle fai exclamar ó ilustre acompañante: «O trasmundo sempre é importante». Pobos como Queizán, Louxas, Savane, Lama de Moreira e Padrón en vagoadas de gran riqueza gandeira e da madeira, son un namoro na dura e agreste montaña oriental galega, lonxe da civilización que, sen dúbida, tamén ten o seu engado para o turista. O que non lle agrada ó académico son as escolas: «A súa arquitectura —dóese— é horrenda. Parece como se os axuntamentos as fixeran de mala gana».

Unha fortificación militar e a feira, orixes de A Fonsagrada

A Fonsagrada, partido xudicial e centro comercial da comarca con Asturias, a 1.100 metros de altura, antigamente dependía de Burón. O seu desenvolvemento provenlle das guerras carlistas. «Os isabelinos fixeron unha fortificación militar —di don Ánxel— para impedi-la entrada dos carlistas asturianos. Isto e a feira deron orixe á vila que, se ben é nova, nos últimos anos medrou moito».

Nun acolledor hostel, propiedade dun matrimonio galego emigrante varios anos en Venezuela —unha vez máis comprobamos que as inversións nas vilas débense ó aforro da emigración— o xantar é abondoso e regado con viño de Cacabelos. O académico recorda ó

seu amigo Fernando Paz; conta anécdotas do médico Peñamaría que era o cacique da bisbarra; de Portela Valladares, Rexistrador da Propiedade en Fonsagrada e fundador de «Pueblo Gallego», xornal no que don Ánxel traballou como redactor.

Andrade e máis eu, namentres o mestre gorenta outro café e un coñac co Enrique de Macía, saímos para visitármolas estreitas rúas empedradas da vila, a igrexa de Santa María e a Casa Pasarín, fermoso pazo brasonado e con galería acristalada. Damos un paseo polos xardíns do parque municipal, presidido polos bustos do mestre Gil M. Pórtela e o doutor J. Fernández Boado «Sabencia, Humanidade, Simpatía» —lemos na inscrición— e dende a balconada ollamos con emoción a grandiosa panorámica dos altos cumes das serras que, ó lonxe, confúndense co ceo.

A Pontenova, próspera vila comercial e industrial á beira do Eo

Deixamos A Fonsagrada á hora da sesta. En Barbeitos torcemos cara Vegadeo e a carretera alédase en rápido descenso baixando a Vilarchao por terras do Principado de Asturias.

Cruzámo-los viñedos de Santa Eulalia de Oscos e deixamos Salgueiras e o alto de La Garganta (877 m.), na frondosa montaña astur, para entrar en terras lucenses pola estrada de Taramundi. A paisaxe é cada vez máis vizosa. As praderías e as árbores que anuncian a proximidade da ría, acompañannos por Bres, Monsende e Conforto deica Vilaodrid que aínda conserva, como reliquia do pasado, os fornos e o edificio da Estación do Ferrocarril mineiro. Na outra beira do calado e impoluto río Eo, paraíso das troitas e dos salmóns, estalícase A Pontenova, moderna, comercial, con fortes pulos industriais. «A comenzos do século — explica Fole— había o proxecto de que o ferrocarril chegara a Lugo, pero non se realizou porque adiantóuselle o automóvil. A primeira empresa de autobuses da provincia foi a de Lugo-A Pontenova-Ribadeo».

En A Pontenova fábrícanse as populares carroquetas —tractores de arrastre todo terreo—, hai aserradeiros e talleres de mecánica, sociedades culturais e recreativas. ¿Quen non sabe das actividades do C. I. T., organizadoras das soadas Festas da Troita ou da Sociedade de Cazadores que conta con douscentos socios?

O cacique Carballeira era famoso en Riotorto

Levados polo afán de coñece-la xeografía luguesa, deixámo-la próspera vila que

naceu a primeiros de século debido ás explotacións de ferro, e, facendo un arroteo para aproveita-la longa tarde do mes da seitura, torcemos cara Riotorto, terra de ferrerías, de aserradeiros, famosa polas súas especialidades de confitería. «En Riotorto —recorda Ánxel Fole— eran moi popular o cacique Carballeira. A xente das aldeas tiñan que recurrir ós caciques, que entendían de problemas e tiñan grandes influencias. O Ouro, de Chantada; Pardo Rodríguez, da Terra Chá, e Pepe Benito, de Lugo —engade o amigo Fole— eran famosos caciques que, moitas veces, aproveitábanse do analfabetismo das xentes desvalidas».

Tras visitar Riotorto e remonta-lo o Alto de Cancela, de maravillosas perspectivas, deixamos Lindín e chegamos á vella cidade episcopal de Mondoñedo, na verde veiga do Masma, agarimada polos cumes de Padornelo, Toxiza e Pena da Roca.

A cidade de San Rosendo, unha das máis fermosas de Galicia

A Cidade de San Rosendo, pequena e medieval, conserva a ideosincrasia propia e construcións monumentais que lle dan personalidade. Vila de rúas e prazas acolledoras, con igrexas e casas brasonadas, Mondoñedo é unha das máis fermosas cidades de Galicia.

Visitámo-la catedral, de estilo gótico cisterciense e fachada barroca, consagrada a mediados do século XIII polo bispo Martín; percorrémolo museo instalado na vella mansión dos prelados mindonienses, que garda valiosas pezas de arte sagra dos séculos XI e XII, pinturas flamencas donadas polo bispo Diego de Soto, e relevos ingleses de alabastro así como varias esculturas barrocas; facemos unhas fotografías na Fonte Vella, do século XVI e, extramuros da cidade, entramos no Santuario da Virxe dos Remedios, patrona do Axuntamento, fundado polo bispo Benavides no 1558 e reconstruído polo bispo Sarmiento, inspirador das mellores obras barrocas da vella sé episcopal.

Pero Mondoñedo que, ademáis, é patria de grandes músicos, poetas e escritores como o mestre Pacheco, Pascual Veiga, Leiras Pulpeiro, Noriega Várela e Alvaro Cunqueiro, non vive soamente do recordo. Nos eidos culturais é de todos coñecida a centenaria «Sociedade de Obreros Católicos» e o Orfeón Mindoniense. No terreo industrial, é importante a industria da madeira e, en gastronomía, ¿quen non gorentou as tartas de Carlos Folgueira, o «Rei das Tartas»?

Vila de tipos pintorescos e casos moi paveros

Mondoñedo, unha das sete capitais do antigo reino de Galicia, tamén é terra de lendas

moi populares, como a do mariscal Pardo de Cela e a do rei Cintolo. E sempre tivo persoeiros famosos. Don Ánxel coñeceu e tratou moitos homes reais que parecen inventados por Cunqueiro.

Namentres descansamos gorentando un café na Alameda, o gran amigo, coa súa rebordante facilidade de diálogo ameno, afirma:

«Mondoñedo é unha vila moi atractiva que sempre tivo xentes interesantísimas: poetas, tipos pintorescos e ata cregos raros que botaban discursos en latín ó xeito de Cicerón. A xente recorda frases moi famosas, como a de Cándido Carreiras, destacado republicano perseguido pola Dictadura. Cando marchou desterrado a Ribadeo, ós amigos que acudiron para despedilo, díxolles: «á volta xa vos falarei dos Borbóns». Ó se proclama-la República volveu ó seu pobo e o primeiro que fixo foi visita-la sepultura do seu correligionario, o poeta Leiras Pulpeiro. Pousou un ramo de flores, axoenllouse, e facendo bucina coas mans berrou: «Leiras, chegou a República». ¿Verdade —pregúntanos Ánxel Fole —que foi unha ocorrencia ben chocante?

Outros homes célebres de Mondoñedo

O académico lugués recorda outros homes célebres, como o «Hostión», o «Xirigaito» e don Verebundo, que era recaudador de contribucións.

«Don Verebundo —conta o autor de TERRA BRAVA e A LUS DO CANDIL— tiña un pequeno que lle axudaba na oficina e sempre que ía ingresa-lo diñeiro ó Banco, por medo ós atracadores, mandaba ó rapaz diante con dous talegos cheos de pesos e el, con dúas pistolas, ía detrás cubrindo a carreira».

Don Ánxel non cansa de explicar anécdotas de xentes de Mondoñedo e, xa no camiño de regreso a Lugo, sigue a falar de casos que el calificou de «moi paveros».

«Noriega Varela —dinos— nunha ocasión que estaba invitado no pazo de Amarante, fínxiu tal estrañeza ó ver que Teixeira de Pascoaes escribía cunha estilográfica, sen necesidade de tinteiro, que o poeta regaloulla ó crer que nunca vira semellante cousa. Noutra ocasión —engade Fole— coincidiu no mesmo pazo co poeta Paco Bernáldez e durmiron na mesma habitación. Mediada a noite, berroulle: «¡Érgase, don Paco, que Teixeira está no xardín recitando poemas á lúa!». Saíron ó xardín e virón, con asombro, que o poeta portugués o que facía era parrafear coa cociñeira».

¡Instructiva viaxe! Non é de extrañar que xa esteamos cavilando noutras. É unha regalía conversar co académico lugués, proposto para Premio Nobel. Cantos lémo-la súa obra

—a recollida en libros e espallada en xornais— felicitamos á Asociación de Escritores en Língua Galega pola atinada iniciativa que tiveron para honrar ó ilustre escritor e ás Letras Galegas.

«El Ideal Gallego», 4-XI-1982

«El Progreso», 5-XII-1982

«Faro de Vigo», 17-VII-1983

OS ANCARES

Tal como acordamos, saímos a media mañá cara Cervantes, extenso concello que abrangue as vellas xurisdiccións de Cancelada de Arriba e Cancelada de Abaixo. Os compañeiros da viaxe foron Ánxel Fole, os irmáns Antonio e Luis Rosón e Benxamín Andrade, grandes admiradores da alta montaña luguesa.

En San Román, capital do Concello e «pórtico dos Ancares», como anuncian os indicadores, ofréceno-la súa hospitalidade o amigo Manuel Belón. «San Román —dinos— ten 200 habitantes. Transformouse moito últimamente. Era un pobo aillado, pero hoxe está ben comunicado, ten alcantarillado, cuarteis da Garda Civil, médico e tódolos servicios indispensables nunha vila moderna, incluso un hostel con sete habitacións dobres».

Dende San Román (640 m.) a exuberante veiga de Liber é dunha beleza sorprendente e, ó lonxe, óllase Becerreá, capital do partido xudicial, centro comercial e de comunicacións que progresa e modernízase sen acougo. A vista aérea dendo o hostel é inesquecible e a conversa cos amigos durante o xantar, amena e interesante. Don Ánxel lembra a excursión que fixo ós Ancares hai ben anos con Álvaro Gil, Celestino Fernández de la Vega, García-Sabell e Fernández Albor. Don Luis fala dos anos mozos cando acampaba cos amigos na Campa da Braña e don Antonio conta as impresións da viaxe que, agora cúmprese un ano, fixo a Buenos Aires: «Na Cidade do Plata —afirma— atópaste igual ca na casa. Os galegos teñen editorial propia, un hospital atendido por 450 médicos cun nivel profesional a gran altura. Están integrados, si, no país, pero por riba de todo está a orixe. Por exemplo: bisnetos de galegos tocan a gaita. Tiñámo-la obriga moral —engade o presidente do Parlamento Galego— de ir primeiro a Arxentina. Non creo que teña a sorte de facer outra viaxe igual».

Piornedo, aldea prerrománica

Rematado o xantar, encetámo-lo costaneiro pero doado ascenso cara Os Ancares, «parque natural de Galicia», á beira de pendentes quebradas inzadas de uces e toxos e, por veces, entre enormes masas de carballos cativos, contemplando as diseminadas aldeas de montaña. Chegamos a Degrada e, sen nos demorar, recorrémo-los 17 kilómetros que nos separan de Piornedo, por boscos de carballos, castiñeiros, avelaneiras e pequenas cascadas de augas ruxidoras que descen do monte e invaden a carretera. Rodeámo-la veiga profunda por A Campa de Barreiro e, por Donís, subimos dous kilómetros de impresionante costa ata chegar á aldea prerrománica, onde os arqueólogos afirman que se atopa unha das orixes do hábitat de Galicia.

Visitamos varias pallozas. Os ilustres persoeiros firman no Libro de Ouro da taberna do lugar e os veciños róganlle a Antonio Rosón que faga chegar á Xunta de Galicia a súa petición de que se prolongue a carretera outros tres kilómetros para empatala coa de León. Infórmanos do hostel que proxectan facer para promociona-lo turismo e, diante dunha palloza, co vistoso alcapudre de baias rubias non comestibles en segundo termo e coa imponente grandeza da serra por fondo, a cámara recolle o documento gráfico da excursión.

«Nestas pallozas circulares, a estrutura das cales é semellante ás das citanias antigas —explicou Fole— é de supoñer que a xente durmía en roda tocándose os pés e que no centro tiñan a lareira. As cortes eran pequenas porque daquela só había gando lanar».

¿Para cando o complexo turístico invernal?

Voltamos á Campa da Braña, que etimoloxicamente, segundo García de Diego, —teoría que ratifica don Ánxel— vén de «Campa Veránica», é dicir: «lugar de pastos de verano».

Visitámo-la recién inaugurada discoteca e subimos ó Albergue Club Ancares, de Fieiró, que don Antonio considera «unha acertada idea para promociona-los Ancares». El mesmo infórmanos da fauna daquelas paraxes. «Aquí —dinos— hai especies tan importantes como o urogalo, o rebecho, o corzo, o cervo e tamén alimarias como o lobo, o zorro, a garduña e algún que outro oso». E recalca: «polo seu interese cinexético, a vertente luguesa foi declarada Reserva Nacional de Caza Maior».

Deixamos Degrada. Dámo-la última ollada ó alto dos Tres Bispos, límite das dióceses de Astorga, León e Oviedo e, acompañados pola imponente presenza do pico de Penarrubia (1.826 m.), chegamos a Doiras, onde facemos un pequeno descanso para visita-lo restaurado castelo medieval.

A paisaxe trócase maina, doce e doada nas fartas veigas do Cancelada e do Navia, camiño de Pontes de Gatín, pero unha interrogante martela na miña testa. ¿Por que non se levaron a cabo os proxectos turístico-deportivos do inverno (pistas de esquí, telesillas, complexos hoteleiros, carreteras) que axudarían a erguer-lo baixo nivel de vida de tantos lugares e aldeas anguriadas gran parte do ano polo illamento case total, durante as longas inverniás?

«TREBOADA», do Centro Galego de Barcelona, Xaneiro/Febreiro 1983

«Faro de Vigo», 14-VIII-1983

PÓBOA DE TRIVES, CABEZA DE MANZANEDA E MONTEDERRAMO

Benxamín Andrade e mais eu tiñamos programado face-la excursión con Ánxel Fole, pero no último intre o académico non puido viaxar. Foi lástima porque a compañía e a conversa co ilustre escritor —profundo coñecedor de Galicia— sempre son aleccionadoras.

Por Sarria, Rubián, Póboa de Brollón e a Ribeira do Lor, cruzando por numerosas pontes, chegamos ás veigas de San Clodio e Quiroga, bañadas polo Sil. Recorrémo-lo viaducto de Sequeiros, a carón de vedraias oliveiras, moi preto do túnel romano de Montefurado e, pola ponte de San Martín, entramos nas gasalleiras terras ourensás de A Rúa e de Petín, de sabedeiros viños tintos que acompañan ó viaxeiro por Freixido de Abaixo e polas curvas do Larouco mesmo ata A Ermida, a 560 m. de altura.

Remontando a serra, durante un longo treito, os recantos de engado trócanse en terras aldraxadas de montes ardidos e erosionados, que deixaron ó descuberto anguriadas masas de laxes. As viñas, en sucacos, a maior parte a monte, cheas de arbustos e con escasas cepas, magoan o corazón. ¡Cantísimo traballo e sudas dos nosos ancestros que, dende as lombas dos montes ata o leito do río Bibei, ergueron bodegas e construíron kilómetros de muras para protexeren as vides en miúdos bancais! ¡Con que adicamento e sacrificio coidaban as vellas cepeiras e labouraban a terra, hoxe inzada de carqueixas, fentos e toxos...!

Póboa de Trives, vila turística

A unha légoa de Póboa de Trives —Tría Viae— xorden de novo viñas e leiras cultivadas con agarimo a carón de castiñeiros centenarios. En chegando á vila, moi preto dunha piscina reglamentaria para divertimento estival do pobo, un croquis indícanos-

lugares turísticos da comarca. A carretera colle o nome de «Marqués de Trives» e convértese nunha alameda espaciosa con abundancia de negrillos, chopos, salgueiros, abetos, acacias e roseiras. As casas son de pedra, con galerías acristaladas e vistosas fachadas floreadas.

Visitámo-lo Axuntamento, construción ó estilo de pazo decimonónico; a moderna igrexa de campanario desproporcionado; o colexio de Santa Leonor, legado por don Eumenio Ancochea Boscossi ós trivenses; a señorial casa dos Figueiras e a do Marqués, con interesante escudo, rodeada de muralla almenada e con miúdas garitas ornamentais, lugar de residencia estival da marquesa e do marqués consorte, o ilustre escritor don Evaristo Correa Calderón.

Póboa de Trives, lugar frío e con grandes toradas de neve durante o inverno, é vila acollidora de numerosos turistas que se dirixen á estación invernal de Manzaneda; pero no verán é un fervedoiro de xentes que disfrutan do clima seco de montaña nas rúas alegres e nas pequenas prazas con fontes barrocas e gran variedade floral.

Cabeza de Manzaneda, estación invernal

Demorámono-lo tempo xusto para xantar e, por San Lourenzo da Coba, encetámo-lo ascenso a Cabeza de Manzaneda. Atravesamos un bosco de piñeiros e abetos repoboados polos veciños, atopámonos con varios refuxios de montaña e, a mil catrocentos metros de altura, ficamos aglaiados diante do enorme complexo turístico de inverno, con hoteles, bungalows, instalacións deportivas e toda clase de servicios.

Seguindo a estrada que remata na Pista dos Corzos (1.745 m.), a panorámica da Serra de Queixa é unha regalía: pobos espallados por veigas verdecentes, que contrastan cos roibéns encendidos dos tellados e cos marelos das restrebas; aló no fondo, a masa azul da auga encorada; planeando no ar, o peneireiro en agarda do paxaro inocente; as vacas en liberdade remoendo cavilacións e, coma xigantes, na lonxanía, os picos de San Mamede, o de Cabeza da Meda, o Rodicio e as largarías terras de Lemos...

Montederramo, vello mosteiro cisterciense

Desandámo-la estrada turística e, por Os Chaos, baixamos a Chandrexo —topónimo de Chan da Igrexa— e a dor embárganos en vendo as ribeiras, ó descuberto por mor da seca, estragadas polo encoro. Ós poucos kilómetros, chegamos a Montederramo, o mosteiro cisterciense construído no século XII por Pelaxio, abade chegado de Claraval. As súas orixes

remóntanse ó século X, segundo os historiadores que nos falan do antigo cenobio de Seoane Vello.

En CRÓNICA Y GUÍA DEL MONASTERIO DE MONTEDERRAMO, Alfredo Cid escribe que Alfonso VII implantou a reforma cisterciense neste lugar, favorecéndoo con donacións de lugares, cotos e mosteiros anexos. Na Idade Media a abadía seguiu gozando de moitos privilexios e foros de reis casteláns e portugueses e tamén de concesións de Bulas pontificias, o que motivou a súa gran expansión, convertíndose nun mosteiro suntuoso que chegou a ser Casa Central de Estudio da Orden Cisterciense e Colexio de Artes e Filosofía da Congregación (creado no 1582) con dependencia directa da Abadía Bernarda.

Un logro da arte herreriana

Don Ramón Otero Pedrayo, na GUÍA DE GALICIA, obra indispensable para o viaxeiro por terras galegas, láíase do abandono do vello mosteiro. Hoxe, coma nos pasou ó amigo Andrade e a min, de seguro sentiríase feliz ó saber que a Dirección Xeral do Patrimonio Artístico está a restaura-lo histórico monumento e que nel instalárase un Grupo Escolar. Outra recente nova é que monseñor Temiño tivo o acerto de ceder á Deputación a igrexa.

No mosteiro, habitado por familias do pobo e polo párroco, don Manuel Gómez Ledo, visitámo-lo museo que garda o retábulo do altar maior con piadosas escenas da vida de Xesús e da Coronación de María, do celebrado mestre do barroco galego, Mateo de Prado. Recorrémo-lo claustro da Hospedería, unha das grandes obras do Renacimiento Español, con arcos de medio punto sobre columnas cilíndricas, medallóns en altorrelevo de santos e reis, escudos monacais grotescos e florais. Por un artístico paso, entramos no claustro Procesional, onde contemplámo-los detalles decorativos da bóveda. Logo visitámo-la Sala Capitular, a Sacristía, a espaciosa igrexa proxectada polo xesuíta Juan de Tolosa, que traballara ás ordes de Juan de Herrera no Escorial. Construída polos irmáns Pedro e Juan de la Sierra, a grandiosidade das tres naves, a cúpula, as cinco capelas absidais, os retábulos e a suntuosidade da capela maior, fan que sexa un dos máis logrados prototipos da arte herreriana de finais de século XVI.

Por mor das obras de restauración, non nos é posible visita-lo coro e, dende o adro, dámo-la última ollada á imaxe de Nosa Señora da Asunción, patrona de Montederramo, e ó escudo da Congregación Cisterciense, que ornamentan a sobria fachada coroada por un frontón triangular, rematado por tres grandes bolas. E deixamos Monrederramo, non sen

antes fotografíalo «Caracocho», frondoso e vello carballo que figura no escudo do pobo como símbolo de forteza.

«Faro de Vigo», 20-VIII-1983

GOIÁN, BARREIROS, BARBADELO E TUMBIADOIRO

Ó amigo Andrade e a min sorprendeunos a proposta de don Ánxel. «¿Por que non imos a Goián —dixo— que nunca estiven aló?» As nosas dúbidas inda perduran. ¿Teríase ofrecido ó Santo Cristo? Últimamente observamos en Fole certa preocupación polo que el chama «trasmundo».

A rota foi acordada decontado. Visitariámo-lo reemisor do Páramo, Goián, Barreiros, Barbadelelo, o pazo do Tumbiadoiro e, por Barán, Paradela e Portomarín, regresaríamos a Lugo.

Para ir ó Páramo a disfrutar da paisaxe, sen lugar a dúbida, a rota máis aconsellable é facer un arrodeio pola estreita carretera que, á beira do Miño, atravesa as terras do axuntamento do Corgo e, en chegando á Ponte de Neira, sorprende ó turista, mergullado en tanta beleza natural, nun dos recantos máis feiteceiros da comarca.

Pasada a ponte, xa no Páramo, cruzámo-lo Campo da Feira, enorme carballeira onde se celebran, ademais, importantes exposicións durante o ano, e subimos ó Faro, chamado tamén Monte do Páramo (800 m.), coroado por un reemisor que, tras varios anos de servizos cativos e de acedas críticas dos televidentes, manda imaxes a gran parte da provincia.

O curto desvío de tres kilómetros sobre o que voltariamos para visitar Goián, é aconsellable porque a panorámica aérea dende o cume do monte é maravillosa. A chuvia miúda, que non deixaba apreciar en toda a súa grandeza as largacías terras, fíxolle exclamar ó académico: «A chuvia é a salsa de Galicia».

Realidade e misterio

Goián, a nove kilómetros de Sarria, é famoso pola festa do Cristo, que se celebra o primeiro domingo de setembro. Diante do frontis da igrexa, con dúas portadas, nótase nideamente que o templo foi ampliado debido á gran afluencia de peregrinos. O retábulo maior, neoclásico, segundo «Inventario del Patrimonio Artístico de España», é do século XVII e a Virxe e o Neno da capela lateral, do XVI. Os datos máis antigos que se conservan

no arquivo parroquial —escribe o amigo Víctor L. Villarabid en «El Progreso» (25/8/83)— son de 1644, constando nun dos libros da Cofradía do Santo Cristo de Goián que Jerónimo López, vecino de San Pedro de Cerceda (O Corgo), construíu o retábulo maior e que o Cristo do Vía Crucis foi mercado en 1827 en 731 reais.

Milagres do Santo

¿Quen mellor có pobo para nos informar das tradicións e dos costumes propios? Falamos con Manuel Castro e con Xosé Pérez, petrucios do lugar que gozan recordando as festas do Cristo.

«Antigamente —dinnos— a xente viña a pé ata o santuario. Cando nos eramos novos, polo día do Santo, aquí non había onde durmir. Ciscábase palla nas cociñas, nos corredores e incluso nas cortes para o descanso dos romeiros que viñan de Lugo, Sarria, A Póboa de San Xillao, de Paradela e de Portomarín. Moitos, subían monte arriba descalzos».

«O Santo Cristo —contaba o señor Castro— é avogoso para todo. O Farruco de Outeiro, de volta do veterinario cunha vaca que tiña unha mazá atragantada na gorxa sen remedio posible, en chegando á igrexa dixo: «Que o Santo Cristo de Goián me valia» e, no intre, a vaca tусiu con forza e golsou a maza. Tamén contan que os franceses quixeron leva-lo Santo e, inda que gurraron ben cun ferro facendo palanca, non foron capaces de arrincalo».

«Vostedes viron a lámpada do cruceiro —engadiu o señor Xosé Luis— pois foi regalo de don Diego de Castro, que tiña a lepra e sanou por intercesión do Santo».

Os costumes, as tradicións e os xeitos de vida transfórmanse pouco a pouco, pero o espírito perdura e as renomeadas festas de Goián, con romeiros a pé ou en coche, con fervor relixioso ou simplemente con afáns turísticos, seguirán a se celebrar porque o home ten mester de compaxinar realidades con misterios, traballo con diversión.

A Granxa de Barreiros

Por terras de Ortoá chegamos a Barreiros para visitar e descansar uns intres na Granxa, noutrora, Escola Agrícola creada polo industrial lugués don Antonio Fernández López e que tivo unha importante actividade cultural dende 1948 ata 1971.

Como escribiu o profesor Avelino Pousa Antelo «na Escola tíñase en conta o entorno, e os programas de ensino eran axeitados ó medio rural». Pero, como outras grandes empresas, a Escola Agrícola da Granxa de Barreiros esmoreceu. Hoxe aínda conserva as vellas

edificaci3ns —as m3ais modernas de Galicia 3 comenzo das s3as actividades —pero as experiencias gandeiras e a preparaci3n de t3cnicos agr3colas foron arrombadas e as antigas prader3as convert3ronse en prantaci3ns de frutais atendidas polo caseiro da vi3uva de don Antonio que pasa longas tempadas no se3norial chal3.

¿Ser3 rentable a actual iniciativa agraria? O vello caseiro e 3nxel Fole lembran o esplendor da Escola e dudan do 3xito das 3rbores frutais por mor da climatolox3a do lugar.

Cami3o de Santiago de Barbadelo —a tres kil3metros de Barreiros— Fole lamenta que fracasara o que puido ser un centro cultural de enorme importancia agr3cola e recordar «Na Granxa estiven hai moitos anos como invitado nuns curs3os agropecuarios para mestres do medio rural, que dirix3a o meu gran amigo Avelino Pousa Antelo. Fora cun catedr3tico de filolox3a, de Frankfurt, especializado no idioma galego e interesado no cultivo do li3o, que se daba moi ben en toda a comarca de Orto3».

Santiago de Barbadelo e Tumbiadoiro

A monumental igrexa rom3nica de Santiago de Barbadelo est3 rese3ada no Cami3o de Santiago do C3dice Calixtino. Paga a pena vis3tala inda que soamente sexa para admira-las portas rom3nicas (non nos foi posible visita-lo interior debido 3 ausencia do p3rroco) e a construcci3n exterior. A porta principal presenta d3as arquivoltas descansando en capiteis de figuras humanas, aves, le3ns... Ten un art3stico t3mpano con relevos nos que resalta un home, cos brazos ergueitos, e diferentes adornos de c3rculos, rosas e cordas. A porta norte e as d3as ventas de arco de medio punto, con fustes monol3ticos, capiteis con figuras de animais entrelazados e motivos vexetais, son do rom3nico m3is puro. A car3n da igrexa hai unha vella casona que quizabes fora mosteiro en anos recuados.

De volta cara Lugo, desvi3monos a Vilamaior para co3ece-lo pazo de Tumbiadoiro, donado pola se3ora de Albarado 3 bispado de Lugo. Antonio Fern3ndez L3pez, p3rroco de Vilamaior, de San Andr3s e de Bar3n, atende a propiedade de setenta hect3reas, e as granxas de vacuno e cerda. O pazo est3 ben conservado e garda art3sticos mobles e 3tiles dos s3culos dezaioito e dezanove. Axeitado lugar, penso eu, para crear unha moderna Escola Agr3cola.

«El Ideal Gallego», I-X-1983

EN TERRAS DO ULLA

Na carretera de Lugo a Ourense, pasado o Alto do Valiño, viramos cara Monterroso, terra de moitas e importantes linaxes galegas, o topónimo do cal, segundo don Ánxel, proven de «monte ronzado», cortado, tronzado.

Pasamos á beira da nova penitenciería e, por Vilar e Seteigrexas, chegamos á capital da comarca do Ulla, renomeado polos gorentosos queixos de nabizas e polas importantes feiras, sobre todo a de novembro, orixe dunha famosa cantiga que na Terra Chá —dinos Fole— presenta a curiosa nasalización da palabra «vinhe»: «se virades o que eu vinhe, ai! / na feira de Monterroso, ai! / vintecinco xastres xuntos, ai! / acabalo dun raposo, ai!»

Pero non nos demoramos na fermosa vila porque a nosa intención era visita-la Torre de Amarante e o pazo de Santa Mariña de Antas de Ulla, onde nos agardaba Licerio España Galego. O señor España Galego, profesor de E.X.B. e ex-alcalde —foino durante trece anos— é un afervoadado da historia e do presente do seu pobo. «Antas —dinos— está no centro do Axuntamento, ten oito carreteras radiais e agora estase a traballar en variantes circunvalantes que comunicarán os 110 lugares que compoñen as 28 parroquias. A capitalidade ten polideportivo, talleres mecánicos, dúas carpinterías, comercios, fondas e desarrolla unha gran actividade no ramo da construción. Non hai dúbida —engade— que está a progresar pero sen renunciar ó pasado».

Grandeza feudal en estado ruinoso

Os Noguerol son cabaleiros orixinarios de Antas. No reinado de Enrique II, no século XIV, tiveron encomendas nas órdenes de Calatrava e de Santiago ou destacaron nas loitas contra os mouros e nas guerras de Flandes, como Ruy Fernández Noguerol, un dos reconquistadores de Granada, ou don Lope Sánchez de Ulloa e Lemos, Procurador Xeral das armadas do Emperador Carlos V, e don Juan de Lemos, primeiro conde de Amarante.

Daquela grandeza feudal permaneceu ergueita, en lamentable estado ruinoso, a torre de San Pedro Félix de Amarante, hoxe, propiedade da Condesa de Fenosa. É incompreensible que unha fortaleza granítica con tanta historia e cun torreón, único se atendemos as súas proporcións, se atope en total abandono. Pensamos e desexamos que o feito de ser propiedade de dona Carmela sexa garantía dunha restauración axeitada.

Pazo de Santa Marina

Aproveitándonos da amabilidade e dos coñecementos de don Licerio, visitamos, logo,

o pazo de Santa Mariña, de principios do século XII, solar de Gómez Vázquez de Villasante. Os seus herdeiros emparentaron cos Taboada, os Rivadeneira, os Ulloa, os Noguerol e, segundo lemos en «Fortalezas de Lugo», o nove de outubro de 1684 pasou a ser propiedade de don Pedro Tomás Ojea e Ulloa, primeiro Conde de Torre-Penela «que estaba obrigado a ocupa-lo pazo de Santa Mariña, polo menos seis meses cada ano, a non ser que estivese ocupado polo servicio ó Rei, ou negocios de Facenda que precisaran da súa asistencia».

Hoxe, o pazo pertence a dúas familias: ós herdeiros de Cesáreo Bermejo e ós de don Xesús España Rivas. Unha vez máis atopámonos diante dunha señorial mansión dos nosos antergos aldraxada. Á solaina, por exemplo, adosáronlle un casoupo e a capela serve de almacén de patacas. Inda que só fora pola monumental balconada e pola maravillosa panorámica que ofrece, o pazo de Santa Mariña debería ser tratado como unha xoia.

Co amigo Licerio falamos longamente do incomprendible descoñecemento que demostran ter de tan interesantes obras da arquitectura rural as autoridades responsables, incapaces de recuperar monumentos que están a se esborrallar e que, convertidos en Casas do Pobo, Grupos Escolares, Hoteis, Museos, etcétera, serían orgullo das nosas xentes, un atractivo turístico e unha demostración de que Galicia é un país diferenciado, enraizado nas propias tradicións. Se non existe apego ó pasado ¿como pode haber concienciación autonómica?

Moi preto do pazo atópase a igrexa parroquial cos sepulcros dos primeiros condes de Torre-Penela e un monumental Vía-Crucis de cantería tamén —non podía ser menos— condenado a desaparecer.

¡Que orixinal parque axardinado —dinos Fole— se podería crear a carón do pazo, convertido en Casa de Cultura do Concello de Antas de Ulla!

Vilar de Donas, museo medieval

Regresamos a Lugo por Palas de Rei, trala visita obrigada ó antigo priorato de Vilar de Donas, tan vencellado ós señores de Amarante. «A súa etimoloxía —afirma o académico— provén de «marca», que xeralmente era unha torre sinalizadora chamada «a marcante», de aí: amargante, amarante, amante e, incluso, amandi».

De Vilar de Donas sabemos que no século XII dependía da Orde de Santiago, lugar de reunión de cabaleiros e de enterramento de nobres galegos, como podemos constatar nas estatuas e laudas sepulcrais que se conservan no interior da igrexa, declarada Monumento Nacional e restaurada no 1966.

De estilo pregótico con influencias románicas, o templo, de cruz latina, presenta unha portada con cinco arquivoltas artisticamente decoradas e, no ábside central, conserva escenas pictóricas do século XV. Hai que suliñar, ademais, as interesantes sepulturas do exterior, o Salvador sedente, o retábulo barroco, unha cruz procesional do XVI e numerosos escudos nobiliarios que, en conxunto, ó viaxeiro danlle a impresión de estar visitando un museo.

A orixe toponímica do lugar, segundo «La España Sagrada» —inda que é moi discutida— débese a que o mosteiro foi fundado por dúas donas.

«El Progreso», 22-1-1984

SANTA EULALIA DE BÓVEDA

Con Ánxel Fole e Benxamín Andrade, no punto kilométrico nove da carretera Lugo-Friol, torcemos á esquerda e, polo alto de San Xoán e San Vicente do Burgo, chegamos a Santa Eulalia de Bóveda para visita-lo monumento histórico-artístico nacional descuberto en 1926.

Hai anos, visitara cun amigo catalán o enigmático conxunto arqueolóxico —¿termas romanas? ¿templo pagano? ¿lugar de enterramento de Prisciliano, segundo hipótese de Fernández de la Vega?— e confeso que ficamos varados diante do abandono de tan importante legado do século IV ou quizabes do III, único en Occidente do que soamente existen algúns semellantes na Europa suroriental.

Lembro que o veciño, encargado polo Ministerio da súa vixilancia e coidado, nos dixera: «Era eu un cativo cando se descubriu e a malafada fixo que hoxe se atope en peores condicións de conservación có día do seu achádego. Malas orientacións excavadoras afectaron a súa estrutura e, ó seren desviáda-las augas que embocaban na piscina da nave central, houbo filtracións e a humidade estropeou as pinturas de motivacións florais, faisanes, uvas, perdices e as decoracións xeométricas que decoran o interior.

É mester un estudio arqueolóxico axeitado

De novo en Santa Eulalia de Bóveda, sorprendémonos ó contempla-la inaxeitada restauración que se iniciou sen previos estudos históricos interpretativos do monumento, sen empregar técnicas apropiadas para a recuperación das pinturas, cada vez máis apoderadas polo mofo, e sen descifra-lo significado dos relevés —outra singularidade moi importante—

con figuras de aves, danzantes e eivados, que Ares Vázquez e Chamoso Lamas relacionan coa virtude curativa atribuída ás augas.

Téñense dado moitas interpretacións do conxunto por diferentes autores que, segundo Felipe Arias, conservador do Museo Provincial de Lugo, coinciden case sempre na idea de atribuírlle un carácter pagan, que máis tarde foi cristianizado. E engade: «No futuro é mester contar con novos datos (sen desbotar os documentais) para elaborar un estudio arqueolóxico e histórico que Santa Eulalia de Bóveda necesita e, deica hoxe, non se fixo, en parte, polas deficiencias observadas no seu descubrimento e posterior conservación».

Don Ánxel, que viu o monumento por primeira vez no ano 27, afirma que o enigma aínda non se resolveu e pensa que puido ser un «ninfeo» onde sobreviviu o culto pagán nos primeiros tempos do cristianismo. E xa camiño de Friol, o noso ilustre acompañante dinos: «O que non me explico é que houbera aquí, nun lugar apartado coma este, un santuario tan notable. Iso é tremendo, é un dos misterios da historia ¿verdade?»

«La Región», 20-V-1984

VILANOVA DE LOURENZÁ E SAN MARTIÑO DE MONDOÑEDO

Este verán non foi do agrado dos lugueses que anceiaban disfrutar do sol das praias. Tampouco foi xeneroso cos turistas que visitan Galicia nos meses de xullo e agosto. As chuvias desilusionaron ó visitante e, o que é peor, inutilizaron sudores e esforzos de moitos labregos. Para viaxar, nembargantes, o clima era bo, moito mellor có sol abafante doutros anos. A paisaxe, exuberante e verde, incluso nos recantos máis ermos, era un namoro.

Con Ánxel Fole e Benxamín Andrade —xa semella unha obriga e un ritual de cada ano— acordamos, decontado, visitar Lourenzá, San Martiño de Mondoñedo e Sargadelos. Deixámo-la Cidade do Sacramento a media mañá e, por Castro de Ribeiras de Lea, percorrémo-la Terra Chá, a capitalidade da cal é Villalba inda que «por natureza —dinme o Andrade e Fole— éo A Feira do Monte, centro xeográfico da largacía llanura de pequenas elevacións».

Chegamos a Abadín «porta grande da Terra Chá»; baixamos á veiga tantas veces louvada de Mondoñedo e seguimos cara Vilanova de Lourenzá, comarca rica de clima marítimo, presidida pola fábrica do mosteiro de San Salvador.

O Conde Santo

A visita á igrexa do milenario cenobio beneditino, reconstruído nos séculos XVII e XVIII, hai poucos anos Seminario Menor e, hoxe, habilitado para Concello, Xuzgado e Museo, é de grande interese polas artísticas obras que garda: unha ara do século IX; unha arqueta mudéxar e unha lauda do XII; báculos do XVI; caixoneiras, custodias, tallas e cruz procesional do XVII; un atril e mitras do XVIII e un sarcófago —xoia do paleocristiano do século V— cos restos do Conde Santo que se venera na capela de Valdeflores. «Abriuse no ano 1968 —dinos a guía— e nel encontrouse unha caixa de madeira de sándalo cos restos do conde Osorio Gutiérrez, primo de San Rosendo, e do seu filio. Tamén había un pergamiño coa acta notarial doutra apertura feita en 1540. O sarcófago —engadiu a nosa cicerone— ten un burato no fondo a través do cal os fieis tocan con fervor relixioso a caixa que contén os restos do Santo.

Arquitectonicamente son de gran valor a capela da Virxe Valvanera, a cúpula sobre catro esbeltas columnas redondas, a fachada, obra de Casas, e o retábulo barroco, ó natural, do século XVII, de Xosé Castro, de Mondoñedo.

Cando deixámo-la vizosa veiga lourenzá, don Ánxel, tan entendido el en xenealoxías, afirma: «case a terceira parte das familias galegas son de orixe nobre». E fálanos do coto de Cañedo, cun muro de once kilómetros, donado polos Reis Católicos á familia Rivadeneyra, herdado, en parte, por un antepasado seu.

Torcemos cara Foz, seguimos pola carretera de Ferreira de Valadouro e paramos en Vilaronte para xantar e escoitar, durante a sobremesa, ó mestre de quen sempre aprendemos algo novo. A etimoloxía é o tema que non pode faltar: «Hai étimos —asegura— que nin en soños sabería valorar. Pero tamén se len as perogrulladas máis grandes, como que «Quiroga» proven do vocablo grego "kiros"».

A recentemente aprobada normativa do idioma galego é actualidade. Pídolle a súa opinión e, como bo galego, resposta indirectamente: «O primeiro que hai que saber —dime— é que os idiomas apréndense trabucándose, non de outra maneira». E unha vez máis puntualiza: «Os matices léxicos, en galego, son infinitos e a mellor forma de aprendelo é estudiándoos». O Andrade e máis eu ficamos sorprendidos cando afirmou, con razón: «O estudio do galego é eficazísimo para saber ben o castelán porque ten moitas formas arcaicas das que partiu o castelán. Paradoxicamente —engadiu— pódese dicir ¿como imos saber ben o castelán sen sabe-lo galego?» En canto ó emprego da lingua propia de Galicia, sulíñou: «Eu dígolles a vostedes que se a xente empezara a falar en bo galego, se houbera revistas e publicacións en galego ¿verdade? ó cabo duns anos, sen saber cómo nin cómo non, sen saber

cando, cambeara Galicia radicalmente para ben, non para mal».

San Gonzalo e os normandos

Seguimos viaxe polas ribeiras do río Contiño e chegamos á antiga catedral de San Martiño de Mondoñedo, monumento nacional do século XI, reforzado por grosos contrafortes a mediados do século pasado. Cicerone máis afervorado, plenamente entregado a propaga-las maravillas da casa de Dios —segundo a súa propia expresión— non sería doado atopala. A irmá do cura párroco deléitase interpretándono-las pedras, maxistralmente labradas, das tres naves semicirculares que forman un conxunto rectangular de sumo interese. «Este templo —dinos— rematouse no século XI; pero hai serios indicios de que foi construído no solar doutro anterior do século VI. O meu irmán —engade a nosa acompañante— con dedicación plena e baixo a supervisión do señor Chamoso, leva moitos anos restaurando a igrexa. A pedra foi picada e tratada cun preparado inxectable para protexela da humidade, da erosión e demais corrosivos».

Contemplámo-los requintados capiteis: «A cea do rico Epulón» e «O can lambendo as chagas de Xob»; «Adán e Eva no paraíso»; «A Fuxida de Exipto»; «A Decapitación do Bautista»... As pinturas do XIV, a ara de pronunciados relevos, do século IX; a xoia románica do Santo Cristo; a Virxe da Piedade e o sarcófago de San Gonzalo, con vetustas ferraxes, son outros tantos motivos de admiración.

«Si, si —asegura a irmá do párroco— consérvase o Corpo Santo. Hai oito anos, ante notario e as autoridades eclesiásticas, abriuse o rústico mausoleo e todos puideron dar fe da existencia do esqueleto de San Gonzalo. Soamente lle falta o maxilar inferior e unha costela que, segundo consta no arquivo parroquial, fóronlle amputados no século XVII e donáronse como reliquias».

A nosa guía síntese desacougada pola incredulidade dalgúns visitantes e asegura que as naves normandas afondaron debido ós rezos de San Gonzalo. Outro milagre aconteceu no século XVII dando pé a que o bispo Arévalo rectificase a orde de suprimi-lo culto ó Santo.

«Nunha das súas visitas —contou a irmá de don Xosé— Arévalo dudou da autenticidade do Corpo Santo e seguiu viaxe cara Viveiro; pero en chegando ó lugar onde se atopa hoxe a ermida de San Gonzalo, a besta negouse a seguir e, decatándose de que era un aviso do ceo, arrepenido da súa pouca fe, instituíu o Voto ó Santo e a Procesión Penitencial, que se celebra tódolos anos levando a sagrada imaxe en andias dende San Martiño ata o lugar, onde fixo os rezos causantes de que afondaran as naves invasoras».

Nesta ocasión non puidemos falar con don Xosé M.^a Pérez por estar ausente, debido á súa misión pastoral; pero aínda conservámo-lo grato recordo da súa personalidade envolvente noutra ocasión en que nos mostrou dúas preciadadas xoias: un anelo pastoral do século IX e un báculo con voluta en forma de espiral, con incrustacións de ouro, que foi exposta en congresos de arte e que figura nos catálogos científicos máis importantes.

Cando deixamos San Martiño, don Ánxel atendeu de bo grado os nosos desexos de nos retratar con el diante do histórico templo. «Cantas sorpresas —dixo— depara Galicia ó amante da arte románica». E seguimos cara a fermosa veiga de Valadouro. Renunciamos a subir á Frouseira, porque está nun lugar de difícil acceso e, por Ferreira e Cangas de Foz, acercámonos a Sargadelos para visitar ó amigo Isaac Díaz Pardo, atareado, como en anos anteriores por estas datas, coas actividades do Seminario de Estudos Cerámicos. E antes de retornar a Lugo facemos un recorrido polo romántico Paseo dos Enamorados ata a fervente cascada do río Xunco.

«TREBOADA», Centro Galego de Barcelona, Maio-Xuño 1984

SAN PAIO DE NARLA

Un proxecto de moitos anos trocouse en atinada realidade. A Torre-Pazo de San Paio de Narla (Friol), que visitara noutras ocasións con mágoa ó ver que se atopaba en total desleixo, hoxe é un exemplo do que se debe facer cos herdos históricos dos nosos devanceiros que aínda perduran na xeografía da nosa Terra, a maioría semiesborrallados, como testemuñas do que foi o noso pobo e do seu poder creativo e arquitectónico.

A fortaleza, propiedade da Deputación de Lugo, é unha prolongación do Museo Provincial. As súas dependencias acollen a Sección Etnográfica cunha importante mostra de ferramentas agrícolas, apeiros artesanais e utensilios labregos ademais de mobiliario, armas e outras pertencias da Torre-Pazo.

A dous kilómetros da vila de Friol, na parroquia de Xiá, érguese nun pequeno outeiro ou castro e, dende a almenada torre de homenaxe, o espectador pode gozar dunha paisaxe das máis fermosas de Galicia.

Construída sobre pena, a granítica edificación de catro plantas ten un acolledor patio interior —miniclaustro conventual— artísticas chimeneas, parladoiros, un sótano-cadea, unha venta plateresca, pedras cos blasóns dos Ulloas e os Seixas e, fóra, ó seu carón, unha pequena capela.

No século XIV chamábase A Rocha de Narrela e, tras pertencer no XV a Gonzalo Ozores de Ulloa, que o cedeu ó bispo de Lugo, foi esbarrallada polos irmandiños e reedificada en tempos de Vasco das Seixas.

Ánxel Fole, moi aficionado el ós contos de «suspense», coñece ben as lendas e tradicións relacionadas coa Torre: «Segundo a lenda —dinos— Berta, filla dun señor do pazo, namorouse dun rapaz aldeán e, para fuxir das iras do pai, os coitados refuxiáronse nunha cova onde se entobaba unha serpe. O noivo deu morte ó reptil pero tamén el morreu envenenado polo ofidio. Dende aquel feito, o lugar chámase Monte da Cova da Serpe. Outra lenda, con base histórica —seguiu o escritor—, afirma que Vasco das Seixas, ciuoso da súa dona Catalina, asasinouna e disimuloulle as coiteladas con estopa. Descuberto o crime, desenterraron o cadavre que se mantiña incorrupto e das feridas da fiel esposa agurgullou o sangue como proba da súa inocencia».

De regreso a Lugo, o ceo entoldouse rápidamente e, por Guntín, lostregaba. «Nesta bisbarra —explicou don Ánxel— hai moitas pedras magnéticas que atraen a chispa. Dios sabe as veces que arderon estes montes con tal motivo». E, a seguido, contóuno-la súa teoría da orixe da palabra Compostela. «Unha chispa caeu no monte e prendeu lume. Por iso aquel lugar chamouse primitivamente Combustela, do verbo latino «combustere-combustum» que significa arder ou queimar. De aí deriváanse os topónimos Busto, Busta, Bustelo. De Combustela, pasouse a Compostela como sucede con «lobo», derivado de «lupus»».

Afortunadamente non tivemos ocasión de ollar ningún incendio pola «chamada magnética» que temía don Ánxel e xa escurecía cando chegamos sen novidade á residencia do noso acompañante en Montero Ríos.

«El Ideal Gallego», 28-VIII-1984

MONTE MEDULIO: ENIGMA DA ROMANIZACIÓN DE GALICIA

Don Manuel Amor Meilán concordaba co historiador Ferreras ó afirmar que, entre os montes do concello de Castro de Rei, atópase o famoso Medulio «baluarte derradeiro da independencia rexional contra a dominación romana, onde os amigos moradores emularon as glorias de Numancia e Sagunto preferindo, os que se salvaron do ferro e do lume, morrer envenenados coa raíz de teixo».

Os historiadores da romanización de Galicia, todos eles coincidentes en que no Monte Medulio findou a resistencia dos galegos no ano 26 antes de Cristo, discrepan só do lugar

exacto do devandito monte. É de moito interese a teoría do alemán Adolfo Schulten que, no seu libro «Los Cántabros y astures en su guerra con Roma», sitúa o «Medullium» no monte Aloia; pero outros sitúano no Medelo, en Cabeza de Meda e, os máis, no Bierzo. Alfredo López está a investiga-la súa posible ubicación en Póboa de Brollón e o amigo Xosé Manuel Carballo di que o monte da Escrita puido se-lo enigmático lugar da decisiva batalla.

Indómitos guerreiros bárbaros

Lucio Anneo Floro, quizáis bebendo nas fontes de Tito Livio, legounos importantes datos pero incompletos: que o monte Medulio estaba rodeado dun foso de quince millas sen interrupción, que era vixiado constantemente pola presenza dos soldados romanos e que os «indómitos guerreiros bárbaros» para liberarse da servidume que consideraban peor cá morte, suicidáronse co veneno extraído dunhas árbores chamadas teixos.

Pero o historiador Paulo Orosio engade outros detalles de valía. No «Historiarum adversum paganos libri septem», escribe que Antistio e Firmio, legados de Augusto, rodearon o monte Medulio, que se atopa preto do río Miño —«Medullium monten Minio Flumini inminentem, in posteriores Gallaeciae partes»— onde se fortificaron os galegos «feroces e rudos por natureza» ó se decataren da imposibilidade de soste-la loita en campo aberto e que, incapaces de resisti-lo asedio, preferiron morrer envenenados antes que ser escravos.

Tamén Casimiro Torres en «La Galicia Romana» nos di que o Miño tinguiuse co sangue do pobo galego e afirma: «O monte Medulio representa o cume do heroísmo dunha raza en defensa da súa independencia e liberdade».

Quizáis o chairego Xosé Luis López Fraga, que ás habilidades gastronómicas engade unha gran paixón pola súa Terra, leu nalgún intre de vagar estas vellas historias, aínda non aclaradas polos investigadores, e por iso, como homenaxe ós «indómitos guerreiros bárbaros», púxolle o nome do mítico Medullium ó restaurante que abriu en Barcelona.

¿Fantasías ou verdades?

Hai anos, con ocasión dunha visita con Ánxel Fole a Castro de Rei tras visitá-lo pazo de Sistollo, Xosé Manuel Carballo, o activo crego, autor e director teatral, prestidixitador, inspirado narrador e incansable profundador nas raíces histórico-étnicas do seu pobo, díxonos que o monte da Escrita quizáis sexa o Medullium reseñado polos historiadores latinos. Tamén nos informou que Triaba —unha das parroquias do Concello— proporcionaba o liño para

confecciona-las túnicas dos emperadores romanos e contou que, segundo a tradición, Teodosio o Grande nacerá no lugar de Coea, preto de alí.

O escritor, membro da Real Academia Galega, escoitou con atención e dixo: «Outra fantasía máis». E, logo, desviando a conversa, preguntou: ¿E de onde pensan vostedes que proven a palabra «valuros» que designa os habitantes desta comarca?

Don Ánxel, explicou que os habitantes das antigas cidades lacustres da Chaira, algunhas asulagadas, vivían en palafitos. E engadiu: «Baluros» pode ter relación con Palusudis (Lagoa, en latín). Pudo suceder, como coa verba «Viburnos-Biurnos-Piorno», que vai contra regra porque o normal é que o «p» determine «b», como «Superbia» dá «Soberbia» e «Súbitus» que se troca en «Súpeto». Dígolles a vostedes —remarcou o noso ilustre acompañante— que non hai ciencia tan suxestiva como a orixe da linguaxe. Os seus matices son infindos».

A vidreira do visionario artista

A pesar de ser unha posible «fantasía», o tema seguiu madurando na inagotable capacidade de pescuda do amigo Xosé Manuel e, en min, trocouse nunha inqueda que me alabarou con forza o día da inauguración do restaurante «Medulio» da Cidade Condal ó contempla-la artística vidreira que preside o local, deseñada polo visionario artista Alfonso Costa Beiro. ¡Ouh maravillosa lección a do guerreiro galego a carón da súa dorida muller no cimo do castro que, como símbolo patrio de grandeza e dignidade diante do fachendoso invasor romano, apura a copa da morte e líbrase da noxenta escravitude!

A vidreira representativa do Monte Medulio avivoume o anxeio de voltar a Castro de Rei para informarnos con detalle das argumentacións do inqueda amigo ¿Por que non podía ser verdade a teoría que nos insinuara?

Chegamos á capitalidade do Concello asentada ó redor do emprazamento dun castelo feudal do que soamente se conservan restos de muros e da torre de homenaxe, onde nos agardaba o polifacético crego amigo.

Baixamos á vizosa veiga, regada polo río Azúmara e convertida en praia fluvial nun curto tramo abeirado por lanzais abeneiros, e subimos ó monte da Escrita por un monumental Vía Crucis, que arranca da igrexa de Santa Locaia e sobre costaneiro ata a redonda plataforma coroada por unha estatua do Sagrado Corazón de Xesús, que se inaugurou o nove de setembro de 1931, promovida pola familia Rey Stolle e construída con axuda popular.

A panorámica é maravillosa e o Xosé Manuel foinos nomeando pobos que se suceden

nun radio de 25 kilómetros (¿as quince millas sen interrupción de que fala Floro?): Castro de Rei, Pousada, Outeiro, Coea, as terras de Quintela e Bazar regadas polo Miño, os castros de Viladonga, Duarria, Prevesos, a coroa de Goberno e, ó lonxe, Cospeito, Rábade, O Cadramón e a Serra de Meira. O contorno amurallado, os restos humanos que se descubriron na baixada do castro, o lugar de As Teixoeiras (lembrémo-la infusión da raíz do teixo con que se envenenaron os asediados), todo parece confirma-las teorías que sitúan o Medulio na Terra Chá. O monte da Escrita onde se fortificaron os galegos ¿por que non podería se-lo monte que Floro e Orosio coñecían por «Medullium»?

«Viaxe intemporal no tempo da chaira»

«En troques de facer excavacións arqueolóxicas —dinos o amigo Xosé Manuel de volta cara a súa casa en Goberno— fixéronse profanacións tales como machaca-la pedra das murallas para botar nas pistas». E xa na abastada biblioteca onde pasa longas horas adicado ó estudio e á creación literaria, léno-la súa novela inédita onde relata as inquedanzas do vello arqueólogo alemán, don Otto, que fai excavacións e demostra irrefutablemente, con argumentos arqueolóxicos, o que non consiguen as fontes histórico-literarias, coincidentes con moitos lugares que pretenden ter sido o campo da cruenta batalla definitiva para o dominio de Galicia polo Imperio Romano.

Fantásticas historias como «Viaxe intemporal do tempo da Chaira», de Xosé Manuel Carballo, por veces, son un xeito de descubri-la verdade. A narración remata felizmente: o sabio investigador afincase para sempre no lugar onde, anos máis tarde, morre satisfeito polo éxito do seu descubrimento.

De noite, xa de volta cara Lugo, o Medulio mantíñase ergueito como xigantesco altar dun vello templo celta. Rodeado pola brétema, que tentaba penetrar un tímido luar, o monumento ó Sagrado Corazón semellaba un indómito guerreiro, o guerreiro da vidreira do restaurante barcelonés, que Xosé Luis López Fraga inaugurou co nome «Medulio», como homenaxe ós nosos devanceiros.

«El Progreso», 21-VIII-1985

ÁNXEL FOLE CO ALCALDE DO PÁRAMO

Coñecín a Gumersindo Antonio Rodríguez Liz, alcalde do Páramo, na festa da

Augardente de Portomarín e pediume unha e outra vez que aceptara a súa invitación para asistir as Festas da Primavera a comezos de xuño. Non me foi posible por mor das miñas obrigas laborais en Barcelona, pero prometinlle que durante as vacacións estivais faríalle unha visita e a promesa cumpriuse no mes de agosto.

O xoven alcalde, coñecido familiarmente por «Sindo», foi elixido por Coalición Galega, na que se fusionou un sector do Partido Galeguista. Por iso ocorríuseme propoñerlle a Ánxel Fole, galeguista histórico, que podíamos facer unha excursión ás terras bañadas polo Neira e o Miño. El accedeu gustoso porque garda gratos recordos do Páramo e, ademáis, sentía curiosidade por coñece-lo labor do alcalde «coaga».

Débese construí-lo partido galeguista tal e como era

Na casa do Sindo, en Moscán, a conversa foi longa e de gran interese. Fole recordou vellos amigos da comarca, as dúas veces que pernoctou na casa Teixeira e o crime da Ponte de Neira. «Os autores —dixo— pertencían a unha brigada que se organizara aquí e tiña varias unidades. Mataron ó dono do bar a quen acusaban de ter feito moitas denuncias durante o Movemento. Ían moi ben vestidos, con gabardina. Un levaba un paquete, outro un maletín. Choviñaba. Foi unha operación de represalia».

Coa prudencia que o caracteriza, don Ánxel derivou a conversa ó terreo político para coñece-lo ideario do alcalde. ¿Que opina, vostede, de Jordi Pujol? ¿Que pensa de Fraga? ¿E dos socialistas?

O Sindo manifestouse claramente. Non é home doutrinario, o seu único afán é mellora-las condicións sociais e materiais do Concello: cultura, reelectrificación, vías de comunicación, traída de augas... Fole aledouse en vendo que o alcalde do Páramo traballa para revitaliza-lo Municipio que el administra e decatouse axiña dos atrancos que dificultan o seu labor.

«É difícil que resulte ben o que un se propon para o futuro de Galicia —afirmou Fole— porque hai intereses moi turbios. Vivimos intres de confusión. Hai moitos dirixentes que non se sabe quen son nin de onde proceden. Están encontrados uns cos outros e o pobo non responde porque non hai verdadeiros líderes. Hainos intelixentes, pero son febles. Tense que dar a batalla con franqueza —remarcou o antigo dirixente galeguista— tratando de construí-lo Partido Galeguista tal e como era».

Bóveda preferiu morrer a renunciar das súas ideas

Logo, o mestre recordou a Castelaio que, na Asamblea celebrada no salón da Sociedade Económica de Santiago chorou ó le-la carta de Valentín Paz Andrade, na que lle comunicaba a súa baixa do Partido Galeguista para presentarse como deputado por Pontevedra na lista de Portela Valladares; tivo frases de gran admiración para Villar Ponte, deputado galeguista que morreu en marzo do 36; lembrou a figura de Alexandre Bóveda «home dicharachero e moi simpático» que puido salva-la vida pero preferiu morrer a renunciar das súas ideas; con respecto e comprensión, referiuse a Vicente Risco, que aceptou pronuncia-lo discurso da reposición do Cristo nas escolas; manifestou un gran aprecio por Ramón Martínez López que «nunca renunciou ó seu ideario, puido fuxir a Portugal e chegou a ser catedrático en Texas». E engadiu: «O que ten saúde ten historia e a historia está chea de tristuras».

«El Ideal Gallego», 26-IX-1984

A BARRELA, OSEIRA E CARTELOS

En xantando, deixámo-la capital lucense cinguida pola vetusta muralla; cruzámo-la ponte vella cangada de achaques e cos lombos adoecidos por tantos séculos de carreaxe e, dende o Picato, damos unha última ollada á monumental Lucus Augusti que talmente semella unha pomba arrequentada polo sol, aniñando confiadamente.

¡Que costas tan ricaces e intensamente verdes as do castro lugués, a esbarar farturentas ata as termas romanas ¡Semella como se o Miño se fixera o priguizoso para contemplar mellor tamaña fermosura e outear embabiolado as bañistas deitadas no campazo fluvial!

En Guntín trocámo-la estrada do Apóstol pola das Burgas, rodando a modo entre carballeiras, soutos sombrizos, piñeirais noviños, miúdas ribeiras que se espellan nos regatos transparentes e, superando voltas e reviravoltas para remonta-las estribacións do Faro, chegamos a Chantada, encrucillada das catro provincias divididas politicamente pero que, polos costumes, as tradicións, a lingua e inclusive a xeoloxía, forman un conxunto homoxéneo e ben diferenciado de calquera outra rexión da Iberia.

Chantada está ben urbanizada e a febre constructora maniféstase nunha mancha de novas edificacións. As rúas son amplas e espaciaosas, os comercios teñen gran actividade, a paisaxe frondosa e con importantes monumentos. Mais non nos demoramos e seguimos

camiño. O acordo era facer unha breve parada na Barrela para, logo, seguir a Oseira e voltar a Lugo pasando por Cartelos.

Basilio Álvarez era un oportunista

Namentres facemos un descanso na Barrela gorentando uns cafés, don Ánxel explícano-la etimoloxía de Barrela que, o mesmo ca Barreira, proven de «Barra» no camiño para pagar «peaxe». Despois o mestre fálanos de vellos recordos: «O primeiro de xaneiro do 36, sendo eu secretario do Partido Galeguista de Lugo —dinos— nesta vila houbo un mitin no que falaron Ramón Piñeiro e Ben Cho Sey. Eu non puiden asistir. Daquela, na Barrela e tamén en Chantada, había un movemento sindical agrario moi interesante dirixido por Pancho da Barrela. O líder era o crego Basilio Álvarez con quen coincidín unha vez no Círculo das Artes. Era un tipo —engadiu o académico— oportunista. Por iso non foi casual que, cando se discutía na Coruña o primeiro Estatuto, un dos asistentes lle berrara: «Basilio, carota, el elogio de la Dictadura lo has hecho en castellano».

Tras saborea-lo último grollo de café, don Ánxel, co seu característico bo humor, engadiu: «O pai de Basilio Álvarez, que era ferreiro, un día de festa deixouno pechado na casa para que non se lle ocorrira ir ás mozas. O rapaz, que estudiaba para crego, tirouse dende unha fiestra á esterqueira con tan mala sorte que se accidentou. Tal foi a razón, segundo contaban, da súa coxeira».

Oseira, eco de grandezas antergas

Na carretera de Cea axiña viramos cara Oseira. Outros nove kilómetros e, na revolta dun monte, ficamos abraiados: diante dos nosos ollos apareceu a cativa veiga e o grandioso mosteiro cuberto de ouricelos dourados, bañado por un sol coruscante baixo un ceo inmaculado azul infindo. A estreita estrada, arrodando as hortas da enorme fábrica do cenobio, deixounos na porta do murallón que pecha o adro monacal enseñoado, no ángulo nacente-sur, pola pureza barroca da suntuosa igrexa e pola fachada churrigueresca conventual, con catro cobregantes columnas salomónicas e con relevs frontais, perpetuadores de feitos gloriosos da orde do Císter. ¡Como domeaban a pedra os nosos canteiros para convertila en estatuas, bustos de abades, froitos celmosos ou no antigo poboador daquelas fragas, o oso que dá nome ó lugar!

Durante a longa caminada polas estancias do monumento nacional de xigantescas

dimensións, o pai Xoán foi o cicerone culto na exposición histórica. Dúas horas acuguladas de expresións admirativas, escoltando ó fillo de San Benito, decorron amenizadas con chistes e anécdotas de fino humor. O pai Xoán falaba un galego con folgos de canteiro, ledicias de novo viño do Ribeiro e farturas de abastados xantares na festa do Patrón. Expresábase nunha lingua franca, chea, que escorregaba por bóvedas planas, oxivais, estreladas e de cañón. As súas palabras resoaban na igrexa románica-oxival consagrada no ano 1239, na «escalinata dos bispos» e nos claustros severos, como un ecoar das grandezas de Xelmírez e de Alfonso VII.

O convento de Oseira, nestes últimos cincuenta anos reverdeceu —oxalá sexa un anuncio do rexurdir galego— gracias a unha presa de homes comprometidos nunha dura tarefa. A restauración foi ben lograda: a hospedería, a biblioteca, o solarium, a sacristía...; pero o noso maior aglaio foi cando entramos na solemne sala capitular —oase africano, diría eu— con catro palmeiras graníticas, de toro retorcido e vizosas polas triunfais, unha xoia gótica da arte do noso pobo, noutrora exuberante, presente aínda nos vellos mosteiros da nosa Terra.

Cando nos alonxamos daquel recanto de paz, a Virxe, San Benito e San Bernardo, dende o frontis barroco flanqueado polas torres axexantes, síguennos coa súa ollada agarimosa. Decátanse das nosas presas; pero aínda nos agardaba unha agradable sorpresa. O poeta Ánxel Sevillano, que non vira a Fole dende a xuventude, chegaba cun novo grupo de visitantes. O reencontro dos vellos amigos foi emotivo.

Fundación para investigacións agrícolas

De volta, variámo-lo recorrido para visita-la Casa-torre de Cartelos, no concello de Carballedo, partido xudicial de Chantada. Solar dos Temes, dende comezos do século XIX incorporouse á casa de Tor por casamento de don Luis Vicente Taboada de Castro, señor de Cartelos, con dona Francisca Javiera de Losada, señora de Tor. Fole coñeceu varios dos trece fillos de don Pepe, avó do actual propietario, don Xosé Luis Taboada García. «Fernandito de Tor —dinos— era a educación personificada. O coitado morreu dunha horrenda enfermidade de glándulas. A quen coñecín, tamén, foi a don Gonzalo de Tor, de Quiroga, irmán de don Pepe, que negouse a cooperar co Movemento».

Don Xosé Luis alédase coa visita inesperada do académico e acompañanos rebordante de atencións por tódalas dependencias. O pazo, en reconstrucción baixo a súa dirección persoal, ten un espacioso patio con escaleira de pedra para subir á balconada con entradas á

edificación alta. No fronte, dous escudos con blasóns dos Temes, Ribadeneira, Salgado, Aguiar, e Taboada; á dereita, a capela en reconstrucción e, na parte posterior, a longa solaina sobre columnas graníticas salomónicas. Os amplos salóns da Casa-torre conservan pinturas e decorados do século XVIII, un importante arquivo documental e utensilios amigos estimados como raras pezas de museo.

«Estou plenamente adicado á súa restauración —dinos don Xosé Luis— e, a non tardar moito tempo, rematarei a capela e o torreón. Pensó crear unha Fundación —engade— para seguir traballando nas investigacións agrícolas e gandeiras axeitadas ó clima e á realidade da nosa Terra».

A Casa-torre de Cartelos ten extensas posesións. Nas súas devesas atópanse os carballos máis vellos de Galicia, algúns cun perímetro de 11,25 metros. Situado no fermoso val do Asma, nunha comarca onde se poden contar ata dezasete castros celtas, o pazo de Cartelos está a se converter nunha explotación modelo de experimentación para o rexurdir da agricultura galega.

De regreso a Lugo, xa de noite, don Ánxel, que é un afervoadado da vida tranquila da aldea, fálanos dos seus longos anos de residencia en Quiroga e O Incio e das súas preferencias gastronómicas. «A min agrádame o touciño curado ó fume da lareira, o caldo de fréxeles e os queixos caseiros. O polo de aldea tamén é máis sabedeiro có da cidade».

O noso ilustre acompañante é un gran fumador, pero non lle agrada fumar nos coches. Eu prendo un pito e el sincérase:

«Dígolles a verdade, teño máis ganas de chegar á casa para fumar un pitillo, ca de cear».

«TREBOADA», Outono-Novembro 1984

«El Ideal Gallego» (Cataventos), 16-1-1985 e 23-1-1985

PARADELA

Con Fole tiñamos pasado por Paradela en varias ocasións sen demorarnos. El soamente estivera unhas horas en Pacios no ano 36 para asitir a un mitin galeguista, cando era secretario do Partido por Lugo, e tiña desexos de coñece-la realidade actual do Concello administrado por unha Corporación maioritaria de Coalición Galega.

Tra-lo breve e agradable paseo de trinta e catro kilómetros que separan Lugo da capitalidade de Paradela, na «Casa Serafín», de Pacios, falamos demoradamente con Antonio

Losada e co alcalde Xosé Manuel Mato. Fole expuxo a súa teoría etimolóxica sobre «Losada», que o Antonio seguiu con gran interese; o Xosé Manuel enumerou realizacións e proxectos do Concello; falouse de política e de horrendos recordos da guerra que, pouco despois, na tenda do Teodoro, en Mosteirovello, trataríanse en profundidade ó recorda-lo «Garavito», o «Bombas», o «Elias», o «Piloto» e tantos outros.

«No cuartel —dixo Fole cando Benxamín Andrade afirmou que o «Piloto» nunca fora tal «piloto»— ocorren as cousas máis raras. Sendo eu recluta —engadiu—, tiñan mester dun cabo e nomeáronme a min sen máis».

Don Ánxel, que foi o número un na Escola de Guerra de Lugo, surriu, pousou a copa e continuou:

«Voulles contar e despois xuzguen vostedes: Xa saben que o día anterior a facer «guardia» toca «imaxinaria». Eu pregunteille ó meu superior qué quería dicir «servicio de imaxinaria» e contestou: «que el día anterior tiene que imaginarse la guardia del día siguiente»».

O académico fixo unha pausa e, erguendo a man cun xesto denunciador, dixo: «Pásmense vostedes. O oficial non sabía que o exército romano tiña uns milites chamados «servicio de imaxinaria», que eran os encargados de alimenta-las luces de aceite para alumear las imaxes que presidían as centurias e as lexións».

De volta cara Lugo, ó pasar por «Campo Castillo», explicou que alí a carón, viviu co seu pai don Reinaldo e coa súa irmá Rosa nunha casa do XVIII, que fora do conde Moscoso de Lugo. «Era unha casa señorial —dixo— con capela, unha tulla enorme para recibi-las rentas e unha chimenea de catro pilares. Tiñamos —engadiu— un gato e un malvís que cantaba moi ben. Trouxéao o meu pai de Quiroga. Sucedeu que o gato comeu o malvís e o mau pai, moi afeccionado el á caza, despachoulle un tiro e o gato saltou polo aire caendo morto redondo. Vino saltar perfectamente. É unha anécdota que me quedou grabada. Tería eu tres anos».

Don Ánxel, ¿non lle agradaría escribi-las súas memorias? —pregunteille.

—Non porque, con tantos anos, fatígame moito escribir. Antes, a necesidade de escribir era imperiosa en min, e moi constante. Chegou un momento que me gustaba máis escribir ca ler. Hoxe esa necesidade xa dcsapareceu, aínda que de vez en cando escribo algúns artigos.

Teño lido moitos e fermosos poemas seus en libros e revistas e penso que deberíanse publicar. Tal foi a razón de que lle preguntase se tiña cavilado algunha vez na posibilidade de editar unha escolma de poemas, e respostou:

«Desexo facelo porque teño máis de trinta e cinco publicados. Agradaríame recollelos nun libriño. Algúns están en galego e aínda teño cinco ou seis inéditos gardados en carpetas que mirarei de atopar. Xa verei quen os pode editar. A poesía dá pouco traballo porque o texto é moito máis curto có da prosa e a composición é doada».

«El Progreso», 21-IX-1985

ODA PARA ÁNXEL FOLE (1)

Ourive da palabra anterga recollida
na fraga do Caurel ou nos verdecentes recantos
da Veiguiña. Testemuño
de medos tremebundos do alén
que, na noite inverniza, «á lus do candil»,
se mesturan coas sombras estarrecedoras
da cociña terrea.

Ilustre bardo que escribiches
a epopea inmortal dunha «terra brava»
na que se xunguen en simbiose ancestral
arrepiantes ouveos que entalan o peito,
o ruxir da arroiada treboenta,
o abafante caldo do mes da sega
e o ricaz agromar da farturenta primavera.

Intérprete baril da voz dun pobo
nobre e sinxelo, merecente
do teu verbo xenial!

Lucencio, Eginardo de Tor, Magister Gaudiosus,
Basiliense, Farruco de Caldas, Vicense,
Lucus, Don Fabulón...

Que ventureira restra de nomes lucidíos

–pólas vizosas do lanzal carballo–
 no alter ego de Fole,
 arqueólogo da lingua, señor de Basille,
 de Romeán e de Córneas, de Quiroga e de Arcos!

Inspirado poeta de harmonías musicais
 que deitan do máis íntimo
 do teu ser xeneroso e puro
 como as augas da verde serra.

Enxebre narrador de «historias que ninguén cre»
 adubias no cruxol do misterio,
 e de «contos da néboa» da Galicia eterna
 que levas cravuñada no teu peito nobre!

Ánxel Fole dador de vida, alma e sangue
 a tres xeneracións que viven no «cartafolio de Lugo».
 Sigue, mestre, a falarnos de etimoloxías,
 do primeiro cinema, do Papaovos,
 do aviador Garnier, de Xan de Forcados,
 do primeiro teléfono,
 dos poemas de Yunque,
 e non esquezas, si señor, o «pauto do demo»
 que, xa sabes, na nosa terra ó demo,
 polo si ou polo non,
 hai que prenderlle o cabo dunha vela!

(1) Premio «Meigas e Tragos», Sarria 1981.

CONVERSA CO MESTRE AMIGO

Hai anos que Benxamín Andrade e máis eu aproveitámo-la época estival para recorrer con Ánxel Fole as comarcas luguesas, disfrutar da paisaxe, visitar vellos monumentos e coñece-la orografía da nosa Terra escoitando as súas explicacións. Este ano aínda non foi

posible face-las excursións de costume por mor dalgunhas molestias que lle impiden ó amigo Fole saír do seu domicilio. Sen embargo pasamos xuntos agradables horas e quizais poderemos facer algunha curta excursión máis adiante, xa que responde moi ben ó tratamento médico e está a supera-lo desánimo. «Dígolles a vostedes —afirma cada vez que nos despedimos—, que, en canto mellore dos meus achaques, faremos unha viaxe que non sexa moi lonxe de Lugo. Pasear polo campo é a cousa que máis me gusta».

Ramón Piñeiro acaba de lle comunicar que «Galaxia» acordou publica-la terceira edición de «Terra Brava», a súa obra predilecta, escrita no Incio «mergullado nunha paisaxe que me gustaba moito —dinos— e nun ambiente moi cómodo na casa dos Quiroga, rodeado de amigos que contaban cousas moi interesantes. O chocante —engade— é que non o volvín a ler. Son descoidado coa miña obra. As cousas publicadas non volvo a elas nin me fixo nelas. O libro «Terra Brava» foi moi comentado e estou máis satisfeito del que de «A lus do candil»».

Don Ánxel sinte grande atracción polo misterio e o humorismo. Os seus contos, de invención a maioría, por veces, recollidos do pobo pero adobiados con arte e orixinalidade, foron dun gran valor para restaurado galego, empregado escasamente en narrativa.

¿Un libro de poemas?

Estase a preparar únha homenaxe popular ó mestre da narrativa galega. Temos noticia de que non faltarán veladas nas que grandes oradores e inspirados poetas resaltarán «Terra Brava», «A lus do candil», «Pauto do Demo», «Cartafolio de Lugo», «Historias que ninguén ere», «Contos da néboa» e ata se espera editar unha escolma de poemas espallados en diferentes xornais e revistas ó longo de varios anos. Sería un plausible acerto e un xeito de contribuir ó coñecemento da figura enormemente humana de Fole que, durante a viaxe que fixemos a Paradela hai un ano, confesoume o seu desexo de ver recollido en libro os seus poemas. Segundo parece, o seu anxeio será realidade.

Escoitémo-las súas palabras: «Titulase SANTO OFICIO. Case tódolos poemas son en castelán e foron publicados en «El Progreso». Inéditos hai poucos. Do que me sinto máis satisfeito é do titulado «Don de claridad de las aguas del Miño», que escribín no ano 1937».

Fole lémbraos case todos de memoria e afirma que a maioría fíxoos cando era adolescente «idade do canto máis ca do conto».

«Na miña traxectoria de lector —recorda— ós trece anos embelesábame Espronceda, ós quince, Bécquer e, ós dezaioito, Antonio Machado que fíxome esquece-los poetas

anteriores. Quedáronme certas admiracións líricas para toda a vida: unha foi a de Rosalía, outra a de Teixeira de Pascoaes. A miña paixón polos poetas non ten límites e céntrase en autores moi distintos. Por exemplo: os franceses Paul Valéry e Francis Jammes; pero a que sinto por Antonio Machado é a máis perdurable. Na súa época foi un dos máis interesantes do mundo. En canto ós galegos, admiro a Pondal, Manuel Antonio e Luis Pimentel. Dos actuais, son lector de Novoneyra, que considero un poeta valioso. A poesía é unha suxestión perpetua, unha admiración de sempre».

Entusiasta do cine

Ánxel Fole é un admirador dos grandes novelistas; pero sente máis afección polo conto e o relato breve. Tamén publicou a peza teatral «Pauto do Demo», sen embargo sempre tivo máis interese polo cine ca polo teatro.

«Algúns contos —recoñece— escribinos pensando no cine. Víaos coma se fora unha cinta. «O Documento», que se rodou en Obe (Ribadeo), estrenouse na Coruña, dirixido por Enrique R. Baixeras. «A caixa do morto», publicado en «A lus do candil», proxectouse no Gran Teatro, de Lugo, co título «O Cadaleito» e no seu día obtivo o premio «Mikeldi» de prata, no Festival de Cine de Bilbao (Sección cortometraxes). Actualmente Rodríguez Olivares está a preparar un guión sobre «Decímolo ou non o decimos», para televisión.

A etimoloxía do galego

Outra moi importante aportación do escritor lugués á nosa cultura é a mancha de artigos, a maior parte das veces baixo pseudónimos como «Xelos de Orbán», que publicou na prensa diaria sobre etimoloxías galegas, eido no que é un incansable profundador e no que fixo verdadeiros achádegos porque, ademáis de ter convivido co pobo depositario da lingua, é un estudioso das linguas clásicas e un excepcional coñecedor da evolución do «sermo vulgaris», que moitos presuntos filólogos de laboratorio aínda non acadaron interpretar.

A súa opinión encol do tema é clara: «Entretívenme e divertínme moito con iso das etimoloxías. Levo estudiado un cento e quizáis fora interesante publicar algunhas; pero coído que a unha gran cantidade de galegos estorbaríalles. Doutra maneira non se comprende que non tiveran eco. Existe un caos enorme porque non hai ensaios sobre etimoloxías. O galego é un laboratorio tremendo de formas e ten unha elasticidade prodixiosa que non está estudiada a fondo. A Real Academia Gallega debería fomenta-lo seu estudio».

Suxerímoslle á Dirección Xeral de Cultura, á Real Academia Gallega e a outras institucións, como o Instituto da Lingua Galega, poño por caso, que patrocinen a edición dos seus traballos filolóxicos. Sería a mellor maneira de colaborar para que a homenaxe a Fole — como xa ten acontecido noutros casos — non se convirta só nunha pasaxeira xuntanza de amigos e admiradores do escritor lugués, na que os persoeiros de turno pronuncien pezas oratorias e sonetos acordes coa efeméride do momento.

Romántico impenitente

Ánxel Fole foi galardonado co «Pedrón de Ouro», adicóuselle unha rúa en Lugo, un Instituto de B. U. P. leva o seu nome, concedéuselle a medalla «Castelao», foi nomeado fillo predilecto da súa cidade natal e pronto aparecerá unha antoloxía dos seus contos traducidos ó castelán por Xoán Soto. Nada amigo de protagonismos, refuga facer comentarios encol de tantas mostras de recoñecemento á súa produción literaria e á súa persoa. Dinos que se considera moi feliz e síntese agradecido. E afirma: «Eu non son máis que un romántico impenitente descendente dos templarios. Afalágame que a miña familia fora propietaria da Torre de Arcos, onde viviu o Gran Capitán. Sinto moita curiosidade polas cousas lexendarias dos meus devanceiros».

O porvir do Mundo é moi nebuloso

Na súa xuventude pertenceu ó Partido Galeguista no que «coincidía moita xente — dinos cun deixo de nostalxia— moi positiva, moi culta, intelixente e de carácter moi aberto». E da actualidade non refuga da-la súa opinión sobre a situación dun galeguismo que non acada a concienciación anxeiada: «O galeguismo de hoxe en día parécese máis confuso có de antaño. A xente culta parece que emprega máis o galego. Empeza a falarse máis nos medios de comunicación, pero a cifra dos interesados polo idioma galego segue sendo moi minoritaria. Son galeguista «motu propio» e limitóme a crer que a variedade comporta riqueza e a uniformidade significa pobreza espiritual. A gran realidade espantosa actual son as drogas e o terrorismo. O porvir do mundo é moi nebuloso. Son pesimista».

«El Progreso», 25-IX-1985

LIMIAR	5
IRREPARABLE VALEIRO	7
NEIRA DE REÍ, O CEBREIRO E SAMOS	11
Neira de Rei	12
O Santo Grial	13
As pallozas	14
Samos	15
O INCIO	16
Un lugar axeitado para a inspiración	17
Dous xeitos de vida	17
Pazo de Dompniñor	19
ROMEAN, CASTROVERDE, FOLGOSA E O CORGO	20
O Pazo de Romean	20
Un castelo esquecido	21
Córneas de Castrovrde	22
Miranda. Enriqueta Otero	22
Folgosa, pazo artístico e monumental	23
O Pazo do Corgo	24
QUIROGA E A VEIGUIÑA	26
Entre amigos e apertas	27
A Veiguiña	27
i AGROMA XA O REXURDIR DA NOSA TERRA?	30
Torre de Arcos	30
Masid, o mellor castelo de Lugo	31
Real Mosteiro de Ferreira de Pantón	32
ELÍAS VALIÑA, UN CIENTÍFICO PÁRROCO DE O CEBREIRO	34
O CAUREL, COMARCA MARXINADA	37
Un concello responsable	38
Terra brava e solemne	40
«CARTAFOLIO DE LUGO»	41
Fole galego universal	42
Traballos antolóxicos	44

PEREGRINAXE A SAN ANDRÉS DE TEIXIDO E COLO QUIO EN SARGADELOS	46
A tradición popular non esmorece	47
Sargadelos, universidade de verán	48
OS PEARES, POMBEIRO E SAN ESTEBAN DE RIBAS DE SIL	50
Nicanor Rielo, investigador e publicista	50
Outros traballos	51
A ribeira sagrada do Sil	52
San Vicente de Pombeiro	53
Orixe dunha vocación galeguista	54
San Esteban, magoante ruina	55
SANTA MARÍA DE SOBRADO DOS MONXES	57
Impresionante reconstrucción	57
Facho de cultura galega	58
Novo rexurdir espiritual	60
Ora et labora	60
Vencellos coa terra	61
MONSEÑOR ALDEGUNDE, ARCEBISPO DIMISIONARIO	63
Brillante carreira eclesiástica	64
Respetuosa lembranza do seu irmán Luis	66
Encontró con Ánxel Fole	67
DE LUGO A SARGADELOS CON FOLE E NOVONEYRA .	69
Novoneyra prosista	69
Homenaxe a Cunqueiro	70
Elva fai poesía automática	71
Ditos do Caurel	71
NA VIA DE SUARNA, A FONSAGRADA, A PONTENOVA E MONDOÑEDO	73
Navia, acollidora e medieval, perdeu o medo ó asulagamento	73
Forestal desafortunada, falta de comunicacións e de protección oficial	74
Vagoadas que son un namoro na agreste montaña oriental luguesa	75
Unha fortificación militar e a feira, orixes de A Fonsagrada	76
A Pontenova, próspera vila comercial e industrial á beira do Eo	76
O cacique Carballeira era famoso en Riotorto	77
A cidade de San Rosendo, unha das máis fermosas de Galicia	78
Vila de tipos pintorescos e casos moi paveros	79

Outros homes célebres de Mondoñedo	79
OSANCARES	81
Piornedo, aldea prerrománica	82
¿Para cando o complexo turístico invernal?	82
PÓBOA DE TRIVES, CABEZA DE MANZANEDA E MONTEDERRAMO	84
Póboa de Trives, vila turística	84
Cabeza de Manzaneda, estación invernal	85
Montederramo, vello mosteiro cisterciense	86
Un logro da arte herreriana	86
GOIÁN, BARREIROS, BARBADELO E TUMBIADOIRO ...	88
Realidade e misterio	88
Milagres do Santo	89
A Granxa de Barreiros	90
Santiago de Barbadelo e Tumbiadoiro	91
EN TERRAS DO ULLA	92
Grandeza feudal en estado ruinoso	92
Pazo de Santa Marina	93
Vilar de Donas, museo medieval	94
SANTA EULALIA DE BÓVEDA	96
É mester un estudio arqueolóxico axeitado	96
VILANOVA DE LOURENZÁ E SAN MARTIÑO DE MONDOÑEDO	98
O Conde Santo	98
San Gonzalo e os normandos	100
SAN PAIO DE NARLA	103
MONTE MEDULIO: ENIGMA DA ROMANIZACIÓN DE GALICIA	105
Indómitos guerreiros bárbaros	105
¿Fantasías ou verdades?	106
A vidreira do visionario artista	107
«Viaxe intemporal no tempo da chaira»	108
ÁNXEL FOLE CO ALCALDE DO PÁRAM O	110
Débese construí-lo partido galeguista tal e como era	110
Bóveda preferiu morrer a renunciar das súas ideas	111
A BARRELA, OSEIRA E CARTELOS	113
Basilio Álvarez era un oportunista	114

Oseira, eco de grandezas antergas	114
Fundación para investigacións agrícolas	116
PARADELA	118
ODA PARA ÁNXEL FOLE	120
CONVERSA CO MESTRE AMIGO	122
¿Un libro de poemas?	122
Entusiasta do cine	124
A etimoloxía do galego	124
Romántico impenitente	125
O porvir do Mundo é moi nebuloso	125